MANUAL PRÁCTICO DE GALEGO

RAMÓN X. BELTRÁN CARBALLEIRA

BAÍA EDICIÓNS

1ª Edición Maio 2006

© 2006 Ramón X. Beltrán Carballeira

© 2006 BAÍA Edicións
Polígono de Pocomaco, 2° Avda.
Parcela G18 - Nave posterior
15190 A Coruña
Tel.: 981 174 296
Fax: 981 915 698
www.baiaedicions.net

Distribución:
Consorcio Editorial Galego
pedimentos@coegal,com

Edita: Baía Edicións

I.S.B.N.: 84-96526-47-X

D. LEGAL: C–1 148/06

Reservados todos os dereitos, Ningunha parte deste libro pode ser reproducida ou almacenada nun sistema de informática ou transmitida de calquera forma ou por calquera medio xa sexa electrónico, mecánico, fotocopia, gravaclón ou outros métodos sen previo e expreso permiso do autor e da editorial.

ÍNDICE

Gramática 9

Tema 1. O xénero 11
Tema 2. O número 19
Tema 3. O artigo 25
Tema 4. A acentuación e a diérese 35
Tema 5. A comparación 45
Tema 6. O pronome persoal 53
Tema 7. Demostrativos e posesivos 71
Tema 8. Relativos e numerais 83
Tema 9. Indefinidos, exclamativos e interrogativos 95
Tema 10. Preposicións e conxuncións 103
Tema 11. O verbo 119
Tema 12. Perífrases verbais 151
Tema 13. O adverbio 159

Ortografía 169

1. Teoría 171
Topónimos 173
Palabras conflitivas 185
Abreviaturas, símbolos e siglas 191
Familias léxicas irregulares 193
Regras do B e o V 197
Apócope 201
Separación de palabras a final de liña 203

2. Letras 207
O H 209
Problemas de S ou X 213
Problemas con L e N 219
Outras letras 225

3. Terminacións 237
-ano / -ana 239
Terminacións que varían 241
Outras terminacións 254
Sufixos diminutivos e rematados en -ade 265
Sufixos -nte dos verbos da 3ª conxugación 271

4. Léxico 275
Específico 277
Administrativo 297

SOLUCIÓNS

Gramática 313

Tema 1. O xénero 315
Tema 2. O número 320
Tema 3. O artigo 323
Tema 4. A acentuación e a diérese 327
Tema 5. A comparación 330
Tema 6. O pronome persoal 334
Tema 7. Demostrativos e posesivos 340
Tema 8. Relativos e numerais 344
Tema 9. Indefinidos, exclamativos e interrogativos 349
Tema 10. Preposicións e conxuncións 353
Tema 11. O verbo 356
Tema 12. Perífrases verbais 364
Tema 13. O adverbio 366

Ortografía 369

1. Teoría 371
Palabras conflitivas 373
Familias léxicas irregulares 375
Regras do B e o V 377
Apócope 379
Separación de palabras a final de liña 380

2. Letras 383
O H 385
Problemas de S ou X 387
Problemas con L e N 391
Outras letras 393

3. Terminacións 399
Terminacións 401
Sufixos diminutivos e rematados en -ade 411
Sufixos -nte dos verbos da 3ª conxugación 414

4. Léxico 417
Específico 419
Administrativo 427

LIMIAR

O *Manual práctico de galego* forma parte da colección que Baía Edicións dedica a poñer en mans das persoas interesadas en coñecer o noso idioma uns manuais de fácil comprensión, ao tempo que proporcionar uns textos para aqueles que precisen dunha forma rápida e segura resolver dúbidas a respecto da escrita do galego.

O presente manual resulta un material didáctico moi eficaz para os cursos de iniciación e perfeccionamento do idioma galego promovidos polas nosas autoridades educativas e culturais tanto no noso país como naqueles territorios con poboacións de tradición galegofalante, para os cursos de formación de adultos en lingua galega, para a preparación de oposicións ás distintas administracións actuantes en Galiza, como repaso dos coñecementos adquiridos e complemento dos traballos de lingua para os últimos cursos da ESO, Bacharelato e Formación Profesional, e un texto de consulta inmediata para as persoas que xa fan do galego o seu medio vehicular de comunicación.

O manual, que se adapta ás Normas ortografías e morfolóxicas do idioma galego aprobadas pola Real Academia Galega en sesión plenaria do 12 de xullo de 2003, estrutúrase en dúas partes: unha de teoría, para coñecer os porqués, e outra máis práctica, cunha ampia proposta de exercicios. A súa solución recóllese ao final do manual, coa intención de axilizar a comprobación da exactitude das respostas dadas.

Realizado coa intención de ensinar do xeito máis ameno posíbel, trata tamén de dar unha visión actualizada do galego de hoxe, e axudar a que o noso idioma sexa un vehículo lingüístico máis accesíbel e máis empregado, non só na fala, viva e forte a pesar dos atrancos que aínda na actualidade sofre, senón tamén na forma escrita, por desgraza, máis inusual.

lalica

©

O XÉNERO

O NÚMERO

O ARTIGO

A ACENTUACIÓN

A COMPARACIÓN

O PRONOME PERSOAL

DEMOSTRATIVOS E POSESIVOS

RELATIVOS E NUMERAIS

INDEFINIDOS, EXCLAMATIVOS E INTERROGATIVOS

PREPOSICIÓNS E CONXUNCIÓNS

OS VERBOS

PERÍFRASES VERBAIS

O ADVERBIO

Tema 1
O XÉNERO

O xénero é un morfema constitutivo dos substantivos e os adxectivos, a flexión de xénero destes últimos está condicionada polo substantivo ao que acompañan.

A oposición entre masculino e feminino ten varias funcións, por unha banda, loxicamente, diferencia o sexo, por outra pode facer o mesmo a respecto do tamaño, individualidade / colectividade, e tamén pode servir para distinguir dúas palabras homógrafas (coa mesma forma) de distinto significado.

Oso / osa ***Carballo / carballa*** ***Leño / leña*** ***O cal /a cal***

O masculino emprégase xenericamente para designar unha especie (integrada por machos e femias).

O feminino úsase para designar os colectivos ***(leño/leña)***, tamén, cando trata de diferenzas de tamaño, ao maior ***(cancelo/cancela)***.

As principais terminacións que aparecen na lingua galega e que diferencian o masculino do feminino son:

Terminacións masculinas	**Terminacións femininas**
-O (0 aparello, 0 tolo...)	-A (A mesa, A gata...)
Agás: A foto, A moto, A radio...	Agás: 0 día, 0 mapa, 0 clima, 0 problema...
-E	-E
1º -OTE (0 lote, 0 dote...)	1º -AXE Todas femininas.
2º -UME (0 fume, 0 lume...)	Agás: 0 traxe, 0 paxe, 0 garaxe.
Agás: A servidume, A podredume..	2º -ITE, -ISE, -POLE (Gastrite, Crise, Metropole)
3º -ME (0 nome, 0 exame..)	3º -ADE (Lealdade, Bondade...)
-OI (0 boi, 0 bocoi...)	-Á (A mazá, A mañá...)
	Agás: 0 sofá.

Algúns substantivos admiten os dous xéneros e outros presentan invariablemente un só xénero. No primeiro caso estas son as regras de formación do feminino:

1. Substantivos con dous xéneros

1.1. Os que presentan **-O/-A** (para masculino e feminino respectivamente)

fillo/filla ***gato/gata*** ***neno/nena***

1.2. Os que presentan **-E** para o masculino e **-A** para o feminino

mestre/mestra ***xefelxefa***

(Os adxectivos en **-E** acostuman ser invariables: posible, leve,..)

1.3. Os substantivos masculinos rematados en vogal tónica ou consoante distinta de **-N** forman o feminino engadindo **-A:**

avólavoa ***señor/señora*** ***deus/deusa***

(Algúns substantivos masculinos rematados en **-OR** fan o feminino en **-TRIZ**: *actor/actriz* etc.)

1.4. O feminino en **-ONA** empregarase obligatoriamente cando o masculino en **-ON** corresponder a un aumentativo, derivado verbal ou xentilicio.

cuón/cuona ***preguntón/preguntona*** ***lapónllapona***

1.5. Os masculinos rematados en **-AN** responden a dous tipos:

Terminación galega	**Terminación castelá**	**Feminino galego**
-án	- án	- ana
Folgazán	Holgazán	Folgazana
- án	- ano	- á
Irmán	Hermano	Irmá

A dificultade neste grupo consiste en diferenciar unha serie de palabras que, por seren cultismos ou entraren recentemente na lingua

galega, presentan a terminación **-ANO** ou **-ANA** (Ver o apartado correspondente no Apéndice ortográfico).

1.6. Algúns substantivos que rematan en **-E** fan o feminino en **-ESA** ou **-ISA.** Tamén pode facer o feminino en **-ISA** algún substantivo masculino rematado en **-A:**

sacerdote/ sacerdotisa conde/condesa poeta/poetisa

1.7. Outros substantivos fan o feminino dunha forma irregular:

canlcadela xudeu/xudía barón/baronesa

1.8. Algúns substantivos que designan seres sexuados presentan lexemas diferentes para cada un dos xéneros:

homelmuller cabalolegua macho/femia

1.9. Outros teñen a mesma forma nos dous xéneros, neste caso a diferenza vén marcada polo artigo.

O pianista/a pianista O mártir/a mártir

(É un caso moi frecuente nos adxectivos).

1.10. Algúns substantivos aplicables a seres sexuados non presentan flexión de xénero:

a vítima a criatura

(Sucede acotío con nomes de animais, cando é preciso indicar o sexo do individuo engádese tras del *macho* ou *femia*: *a aguia macho, a aguia femia).*

OLLO! Na revisión das Normas de 2003 os grupos **-CT-** e **-CC-** suprimen sistematicamente a primeira consoante cando vai precedida das vogais ***I*** e ***U:***

Adutor Ditame Construción Introdución

Ende ben, mantense esta primeira consoante en palabras pertencentes a linguaxes especializadas, de escasa presenza na fala ou para evitar homonimias; son os casos de: *adicción, adicto, amicto, anflctión, anfictionia, apodíctico, convicción,convicto, deíctico, dicción, dicterio, dúctil, ductilidade, ducto, edicto, evicción, ficción, ficticio,*

flictena, fricción, friccionar, ictericia, ictérico, Ictiografía, ictioloxía, ictlomancla (ictio...), indicción, invicto, lictor, micción, nictalope, nictalopía, pictografía, pictórico (picto...), ricto, succión, succionar, veredicto, vindicta.

Por outra banda, prodúcese a vocalización da consoante implosiva nos casos de: **reitor, reitorado, reitoral, reitoría,** así como **seita** (mais: *sectario, sectarismo).*

2. Substantivos que só admiten un xénero

2.1. Son masculinos en galego os nomes das letras: *o a, o be, o que (q)...*

2.2. Os nomes das froitas son femininos en galego na maior parte dos casos, cando este nome é feminino, tamén o é o da árbore froiteira: ***peralpereira, mazá/maceira...,*** coa excepción de ***castaña/castiñeiro.***

Se o nome da froita é masculino, tamén o é o da árbore correspondente: ***limón/limoeiro pexego/pexegueiro...,*** coa excepción de ***figo/figueira.***

Practicamente todas as árbores non froiteiras son do xénero masculino: *Loureiro, piñeiro, carballo ...*

2.3. A palabra ***epígrafe*** ten xénero feminino.

3. Valor semántico do xénero

3.1. O masculino e o feminino designan realidades distintas:

Un zapatolunha zapata ***O finia fin*** ***O calla cal***

3.2. En nomes xeográficos, ás veces, aplícase a forma masculina para denominar un río e a feminina para a comarca regada por este: *O Ulla/A Ulla, O LimialA Limia.*

4. Últimas especificacións

Compre ter en conta que non todas as palabras que en castelán rematan en **-IS** o van facer en galego en **-E,** hai unha serie de excepcións:

Adonis *Chasis* *Chotis* *Gratis*

Iris *Oasis* *Sífilis* *Tenis*

In extremis *Via crucis*

Será moi útil tamén non deixarse levar polo costume de basearse no castelán á hora de construir gramaticalmente en galego, pois existen moitas palabras que cambian de xénero dun idioma a outro:

a árbore/el árbol *a ponte/el puente* *o cárcerella cárcel*

o mellla miel *o leite/la leche* *o costume/la costumbre*

a calor /el calor *o sangue/la sangre* *a eclipse/el eclipse ...*

OLLO! En galego respéctase a etimoloxía do xénero, iso quere dicir que, a diferenza do castelán, non se cambia o artigo que acompaña ao nome para evitar cacofonías

El agua fría *A augafría*

Exercicios

Traduce ao galego:

1) **Compro la leche y la miel en esa tienda porque son buenas.**
2) **Ayer pasamos por un puente muy bonito.**
3) **También la reina tiene la sangre roja.**
4) **Pon un poco de orden en tu vida.**
5) **Se vende una plaza en el garaje de tu padre.**
6) **No llegará la sangre al río.**
7) **Esperó la señal hasta el fin.**
8) **Ese templo pertenece al arte clásico.**
9) **Tu hermana no pertenece a la raza humana.**
10) **Le hicieron un homenaje por su conducta urbana.**
11) **Tiene la costumbre de leer en sus viajes.**

12) **Desconozco el origen del problema.**

13) **Si naciste en Castilla eres castellana.**

14) **¡Hermoso pájaro el águila!**

15) **Tengo poco margen de maniobra.**

16) **Con el calor llegó el sudor.**

17) **La nariz de Cleopatra era muy femenina.**

18) **Me gusta el agua del mar.**

19) **El paisaje gallego está llenó de castaños.**

20) **Las ciudadanas ferrolanas son numerosas.**

Forma os femininos:

Principe	**Tsar**	**Alcalde**	Rei
Curmán	**Sultán**	**Catalán**	**Campión**
Barón	**Xudeu**	**Galo**	**Frade**
Capitán	Irmán	**Poeta**	**Duque**
Actor	**Emperador**	**Castelán**	**Conde**
Xefe	**Deus**	**Vizconde**	**Sacerdote**
Heroe	**Cónsul**	**Folgazán**	**Vigués**

Traduce ao galego en masculino e feminino:

Camero	**Caballo**	**Yerno**	**Macho**
Testigo	**Cuadro**	**Padre (proxenitor)**	**Hombre**
Buey	**Perro**	**Compadre**	**Padrastro**
Jirafa	**Suicida**	**Varón**	**Padrino**
Agente	**Lobo**		

Emprega o feminino cando sexa posible:

O **galo do** meu **irmán está** moi **fraco.**

A muller **do meu filio é a miña** nora.

0 macho da ovella é o carneiro.

0 cabalo é un animal moi nobre.

Xa hai moito tempo **que somos compadres.**

Comporteime como un cabaleiro

O **señor abade é un** home **gordo e simpático.**

Traduce ao galego e indica o xénero co artigo axeitado:

árbol	color	orden	sangre	paje
paisaje	calor	origen	frente	hiel
acento	miel	costumbre	alma	humo
testimonio	lumbre	arte	análisis	margen
leche	puente	agua	sal	cumbre
señal	viaje	paréntesis	mar	cuna
efe	traje	sintaxis	necrópolis	maldad
canal	pezuña	legumbre	sal	coz
paradoja	estreno	dote	hambre	área
tiza	pagoda	pesadilla	centinela	síndrome
icono	reuma	ábside	coma	cutis
palafito	empeine	masacre	fraude	

Pon o artigo correspondente (e traduce ao castelán):

poema	__la	___peaxe	__cal	___costume
talismán	___lume	___ra	___dote	__fe
sorriso	___calor	___cofre	___riso	___culler
análise	___grilo	__be	___aguia	___nariz
carne	___noz	___azar	___colar	___carcere
dor	___ubre	___val	___corvo	___orixe
puré	___café	___ele	___énfase	___auga
couce	___pixama	___atlas	___cinceiro	___leite
zapato	___pálpebras	___garaxe	___cabelo	___humor
paixón	___garfo	__pel		

Indica o feminino e traduce ao castelán:

tecelán	ladrón
abade	neno
formiga	vítima
testemuño	inglés
avó	home
autor	cabaleiro

saltón	patrón
langrán	sogro
pastor	español
capitán	rapaz
accionista	artista
escritor	garda
compostelán	mestre
folgazán	monxe
marido	león
francés	aldeán
xenro	cidadán
pega	intérprete
pardal	parente
mártir	alemán
xornalista	condutor
madriña	raposo
contratista	embaixador
irmán	xílgaro

Pon o artigo que conveña:

___moto_____paraugas_____augardente

___traxe_____homenaxe_____paxe

___tuberculose_____eme_____foto

___tonelaxe_____calor_____valor

___cuspe_____asma_____avestruz

___análise_____eclipse_____aspa

O morfema de número vai marcar a diferenza entre realidades singulares e múltiples, é dicir, entre un e o grupo.

As formas do masculino plural poden designar a un colectivo de individuos de distintos xeneros:

- Especies animais: Cans = Can e cadela.
- Nomes de parentesco: Irmáns = Irmán c irmá.

Outros substantivos teñen un emprego exclusivo en plural, como ocorre en castelán:

Os cartos os víveres as cóxegas as tebras
as entrañas as exequias as nupcias...

Pola contra, hai outras que só aparecen en singular: Norte, Sur, Leste, Oeste.

Outras palabras manteñen a forma imperturbable e só coñecemos o seu número polo artigo ou adxectivos que a acompañan:

O paraugas/os paraugas O lunslos luns...

E para rematar o panorama existe unha serie de palabras que se poden empregar indistintamente en singular ou plural: Pantalón/pantalóns, tesoira/tesoiras, calzón/calzóns).

Á parte da oposición entre singular e plural, o morfema de número pode ter outras aplicacións semánticas, dando un carácter enfático ou mesmo afectivo: as augas, os lempos...

No que atinxe aos nomes propios, o plural só se pode empregar cando ten uso coma adxectivo, Os Borbóns (referíndose a unha familia), os Dalís (obras dun persoeiro)...

1. A construción do plural

Se cadra o que máis nos interesa é o xeito de construir o plural en galego, isto soluciónase seguindo unha serie de regras aplicables, segundo sexa a terminación da palabra en singular:

1.1. Os substantivos rematados en vogal, ditongo ou **-N** forman o plural engadindo **-S:**

Irmá/irmás ***Irmánlirmáns*** ***Lei/leis***

Mais tede en conta que hai unha diferenza clara con respecto ao castelán:

Cast. ***Israelí-Israelíes*** *Gal.* ***Israelí-Israelís***

1.2. As palabras acabadas en **-R** ou **-Z** engaden o morfema **-ES**:

Peor/Peores ***Noz/Noces***

1.3. As palabras rematadas en **-S** ou **-X** presentan varios casos:

a) As palabras agudas que rematan en **-S** engaden **-ES** no plural:

Compás/Compases

b) Se son agudas e rematan en **-NS** ou **-X,** presentan a mesma forma para singular e plural:

O luns/Osluns ***O fax/Os fax***

c) Se teñen acentuación grave ou esdrúxula, presentan a mesma forma en singular e plural:

O lapislOs lapis ***O tórax/Os tórax***

1.4. Os substantivos rematados en **-L** presentan varias solucións á hora de formar o plural:

a) Os terminados en **-IL** fan o plural substituíndo o **-L** por un **-S** cando son palabras agudas:

Civil/civís ***Proxectil/proxectís*** ***Cadril/cadrís***

Van engadir **-ES** cando teñen outra acentuación:

Débil/débiles ***Fósil/fósiles*** ***Difícil/difíciles***

(É importante ter en conta o cambio de acentuación dalgunhas palabras con respecto ao castelán. Ver tema 5)

b) Os monosílabos rematados en **-L** forman o plural engadindo **-ES**:

Cal/cales ***Talltales*** ***Sollsoles***

c) Os substantivos agudos rematados en **-L** pérdeno e engaden **-IS**:

Animal/animais ***Control/ controis*** ***Papel/papeis***

d) Nas palabras graves rematadas en **-L** fórmase o plural engadindo **-ES**:

Cónsul/cónsules ***Caníbal/ caníbales*** ***Túnel/túneles***

1.5. Cando a palabra remata nunha consoante distinta das vistas ata agora, o plural fórmase engadindo **-S**:

Test/Tests ***Álbum/Álbums*** ***Club/Clubs***

1.6. No caso das palabras compostas tamén se dan tres situacións:

a) As palabras completamente unidas fan o plural normal:

Paporroibo/paporroibos ***Vacaloura/vacalouras***

OLLO! Cando o último elemento da palabra composta é un monosílabo rematado en **-L** o plural vaise formar coma se fose un monosílabo normal: ***Ollomol/ollomoles***. O mesmo sucede con ***aquel/aqueles)***

b) As compostas con guión pluralizan os dous termos:

Redactor-xefe/redactores-xefes

Galego-portugués/galegos-portugueses

c) As unidas con preposición pluralizan só o primeiro termo:

Pita do monte/pitas do monte

Porco da cebalporcos da ceba

Cinto de seguridade/cintosde seguridade

Exercicios

Pon en plural:

Aquel	Débil	Mil	Sal
Caracol	Can	Home	Doutor
Cónsul	Control	Aval	Fértil
Animal	Tórax	Canon	Canón
Iceberg	Álbum	Aerosol	Val
Español	Sandwich	Xentil	Hábil
Réptil	Xudeu	Lapis	Déficit
Rei	Raíña	Zulú	Xardín
Caixón	Pai	Postal	Mal
Proxectil	Funil	Téxtil	Noz
Flor	Dátil	Exame	Calor
Oasis	Plural	Dólar	Papel
Café	Só	Púxil	Boxeador
Fósil	Fusil	Ril	Compás
Garda Civil	Estrela de mar	Augardente	Redactor-Xefe

Pon en plural as seguintes frases:

1) O paquistaní non se leva ben co hindú nin cunha intervención celestial,
2) Ás veces penso que o meu profesor de galego é imbécil.
3) O xoves sempre poño café para o meu invitado favorito, o que me regalou un televisor.
4) O rei é favorable á república, pero non o di por medo de que escoite o garda civil de seguridade.
5) Nunca sobrepaso o nivel de alcol permitido para conducir.
6) Hai que ser moi áxil para marcar un gol, o porteiro do equipo contrario é o mellor que vin.
7) Son tan langrán que espero que constrúan un hotel na Coruña para non ter que saír fóra de vacacións.
8) Aquel mar non aparece no mapa do teu curmán.
9) Para poder saír pola rúa sen paraugas hai que esperar ao verán.
10) Merquei un Dalí o venres.

11 O banco pediulle ao sefardí un aval que ía contra da leí do seu pobo,

12 A industria téxtil da túa irmá é un fósil.

13 O aerosol é inimigo da atmosfera.

14 Pintei un cartel cun caracol para anunciar a carreira da miña vila.

15 Non fun feliz ata que comín unha perdiz.

16 A pipa que comiches non era de xirasol senón doutra cousa.

17 Estabades moi elegantes coa vosa camiseta azul

18 Tivo que vender ata o chal da avoa.

19 Para a miña empresa necesito unha persoa versátil.

20 No mellorzoo do mundo non hai réptil tan túzaro como na casa do meu sogro.

21 No xardín da casa do edil canta un pardal.

22 Gústame o animal esculpido nese capitel.

23. Foi moi xentil aquel zulú, e o papón do meu irmán regaloulle un lapis.

24 Despois dun café non me move do sofá nin un coronel caníbal

25 Hai un garda municipal vixiando a traxectoria do convoi electoral.

26 Daquel álbum que tiñas non sei nada.

27 Prefiro empregar gas letal para acabar co meu profesor de galego.

28 Que xentil foi o doutor co inútil do teu filio!

29 Ese tren ten que pasar por un túnel, segundo dixo o xuíz.

30: Non é fácil nin difícil o exame para cónsul.

Pon en plural:

Norteamericano	Parasol
Ollomol	Fértil
Porco teixo	Vagalume
Columna vertebral	Puntapé
Cinto de seguridade	Francoalemán
Ocasional	Cruz
Télex	Oasis
Esquí	Cempés
Caixa forte	Descontrol
Lanzamisiles	Fusil
Club	Tul
Fráxil	Nupcias

O artigo debe presentar ao substantivo concertando con el en xénero e número, como en castelán o artigo en galego pode ser determinado ou indeterminado, empregándose no primeiro caso con realidades coñecidas e identificadas e no segundo con entidades máis abstractas.

A súa ausencia dá un matiz xenérico ao substantivo, esa diferenza de matiz vese clara nestes exemplos:

Merquei os libros fermosos.

Merquei uns libros fermosos.

Merquei libros fermosos.

Son varias as funcións que pode desenvolver o artigo dentro da frase, pero o que máis nos interesa á hora de empregalo na escrita son as formas que pode presentar e que son estas:

Determinados **Substantivo coñecido**				**Indeterminados** **Substantivo coñecido**	
Masculino		**Feminino**		**Masculino**	**Feminino**
1ª F	2ª F	1ª F	2ª F		
0	-Lo	A	-La	Un	Unha
OS	-Los	As	-Las	Uns	Unhas

1. A segunda forma do artigo

Como vedes, o artigo galego presenta dúas formas cando é determinado. Na reforma da normativa do galego, considerase obligatorio o emprego da segunda forma do artigo **-LO/-LA** só coa preposición **POR** (polo, pola, polos, polas) c tras o adverbio interrogativo **U**:

U-lo can?

Mais existe unha serie de casos en que a representación na escrita deste fenómeno do galego oral é facultativa, xunto da primeira forma do artigo. Aínda que é preferible este último emprego, a segunda forma do artigo pode empregarse nos seguintes contextos:

a) Cando vai despois dunha forma verbal rematada en **-S** ou **-R:**

Imos come-los lacóns ou *Imos comer os lacóns*

Nós comemo-los lacóns ou *Nós comemos os lacóns*

OLLO! Nunca se pode aplicar esta regra ao caso dos participios que van en plural:

Feitas as probas voltei á casa (BEN)

Feita-las probas voltei á casa **(MAL)**

b) Cando o artigo determinado vai tras unha forma tanto átona como tónica dos pronomes **NOS, VOS (NÓS, VÓS)** e tamén de **LLES:**

Coméuvo-lo pastel ou *Comeuvos o pastel*

Vó-las dúas sodes boas ou *Vós as dúas sodes boas*

Lembróuno-la súa idade ou *Lembrounos a súa idade*

Escribínlle-las cartas a lapis ou *Escribinlles as cartas a lapis*

Até agora, a segunda forma do artigo sempre se xuntou coa palabra anterior mediante un guión. Nos casos que van a seguir, as dúas partículas soldan completamente, se se empregan:

1.1. Seguindo á preposición **TRAS**, de emprego facultativo:

A segunda forma do artigo vai tralos / tras os pronomes...

1.2. Seguindo á preposición **POR,** de emprego obrigatorio:

Fíxeno polo teu noivo.

1.3. Tras **AMBOS** e **TODOS,** e os seus femininos:

Levei moitos golpes en ámbolos / ambos os brazos.

Non rematei tódolos / todos os exercicios.

1.4. Cando vai despois da conxunción copulativa **E MAIS**:

Aprobou a historia e maila I e mais a xeografía facilmente.

Quede, pois, claro que en todos os casos, agás co adverbio **U**, para que se poida empregar a segunda forma do artigo é preciso que a palabra precedente remate en **-R** ou **-S**, e ademais que esta palabra sexa unha das formas pronominais ou verbais citadas, xa que outras verbas non poden aceptar esta solución:

Para amigos os de Uxía.

Como monxa chegou a sor a rapaza de Xaquín.

OLLO! Lembremos que, se ben ambas as solucións están hoxe recollidas na reforma da normativa, **se aconsella o emprego da primeira forma do artigo:**

Imos comer os lacóns.

Os empregos da segunda forma do artigo con guión débense ao afán por diferencialos dunha contracción cun pronome desa mesma forma, este unirase directamente á palabra precedente. Nos outros casos non nal posibilidade de confusión,

Tamén cómpre salientar que as palabras afectadas polo uso da segunda forma do artigo se comportarán, a efectos de acentuación, como unha palabra simple (Indiferentemente de se levan guión ou non).

2. Usos do artigo

2.1. Por regra xeral o artigo débese empregar precedendo sempre aos posesivos, pero hai unha serie de excepcións:

2.1.1. Nos vocativos e exclamacións:

Meu queridiño!

2.1.2. Cando o posesivo precede a un substantivo que designa seres únicos, ben por seren divinos ou por teren un título de dignidade:

Súas maxestades foron de viaxe onte.

Salvouse porque Noso Señor quixo.

2.1.3. Tampouco é necesaria a súa presenza cando o posesivo está antecedido doutro determinante (indefinido ou demostrativo):

Eses alumnos teus sonche o demo.

2.1.4. Cando aparece un distributivo na frase o normal é que non apareza o artigo, aínda que tampouco é completamente incorrecta a súa presenza:

Comeu cada un súa ración de callos.

Comeu cada un a súa ración de callos.

2.1.5. Cos nomes de parentesco precedidos de posesivo o emprego do artigo é optativo, aínda que cando máis afastado está o grao de parentesco máis normal é a súa aparición:

Meu pai dixo que estivesespreparada.

A miña sogra éche moi limpa.

2.2. É completamente optativo, pero de moito uso no galego, o artigo diante dos nomes propios, tanto se son de pía, apelidos ou alcumes:

A Paula ten uns fermosos olios.

O Raposo de Arteixo gañou a Copa.

A carpeta é do García.

2.3. **QUE** e **CAL** cando funcionan como interrogativos teñen a potestade de ir antecedidos do artigo determinado, pero non é obrigatorio:

Dáme mañá o exame do ano pasado. –O que?

Merquei unha gravata na túa tenda. -A cal?

2.4. En moitas locucións adverbiais o substantivo vai ir diante do substantivo, pero tamén hai casos en que non é así:

Ás escuras	***Ás apalpadas.***
Ás veces	***Aos poucos.***
Ás presas	***Ás cegas/A cegas.***
Polo de agora	***Polo tanto.***
A rolos	***A tombos...***

2.5. Compre salientar a obrigatoriedade de preceder unha serie de substantivos de artigo (queda escusado o seu emprego cando designan categoría):

Cama Casa Clase Escola

Misa Aula

Vou para a casa/vou comprar casas para investir os cartos.

2.6. Entre os países e os continentes tamén os hai que levan artigo determinado:

O Brasil O Perú A Alemaña.

A China A Arxentina

Entre os continentes so : **A América. A Antártida.**

2.7. Cos nomes das estacións do ano é obrigatorio o uso do artigo cando van precedidos da preposición **EN** (función adverbial):

Na primavera. No outono.

No verán No inverno.

2.8. Os nomes das épocas van ir con artigo: **o entroido, a coresma...** Agás **santos,** que nunca o leva, e **nadal** que admite as dúas opcións.

2.9. Con respecto aos numerais cómpre usar artigo ante o cardinal cando vai canda un pronome persoal tónico, se ben se pode escusar coa terceira persoa do plural:

Gañamos nós os dous./Perdestesvós os tres.

Perderon elas catro./Perderonelas as catro. *(Optativo)*

3. As contraccións do artigo con outras partículas

Cunha serie de partículas o artigo, tanto na súa forma determinada como indeterminada dá lugar a contraccións:

Co artigo determinado

	O	A	Os	As
A	Ao / Ó	Á	Aos / Ós	Ás
De	Do	Da	Dos	Das
Con	Co	Coa	Cos	Coas
En	No	Na	Nos	Nas
Por	Polo	Pola	Polos	Polas

OLLO! Se ben até agora se recomendou o emprego de **Ó** na escrita como froito do seu predominio na fala, a forma **AO** está mol arraigada e o seu uso mol documentado; de feito, a reforma da normativa de Xullo de 2003 recomenda o seu uso.

3.2. Co artigo indeterminado

	Un	Unha	Uns	Unhas
Con	Cun	Cunha	Cuns	Cunhas
De	Dun	Dunha	Duns	Dunhas
En	Nun	Nunha	Nuns	Nunhas

3.3. Coa partícula comparativa CA

	O	A	Os	As
Ca	Có	Cá	Cós	Cas

Pódese dar o caso de concorrer a partícula comparativa, a preposición A e mais o artigo, daquela aparecerá na escrita a contracción da preposición co artigo a continuación da conxunción comparativa, sen contraer con ela:

Compreille máis galanos á miña veciña ca á túa.

Traduce ao Galego:

Piensa ir en primavera a Brasil.

Tiene la fea costumbre de meter el índice en la nariz.

En China no salía de casa hasta después de cenar.

Vinieron de A Coruña más de cien turistas procedentes de América.

Tu profesor está en el aula magna.

A mi padre no le gusta tu coche.

¡Dios mío, aún estás en cama!

Con un poco de suerte hoy ganamos por más de un gol.

Dime de una vez que haces con los pantalones en la cabeza.

Del partido prefiero no hablar.

El presentador dijo que volvían en unos minutos.

Tu hijo dibuja mejor que el mío (emprega a partícula comp. CA).

Estamos hartos del profesor de gallego, no hay quien aguante sus clases.

Dios Nuestro Señor también entiende el gallego.

En cuaresma la gente sale menos que en carnaval.

Les dieron a cada uno de los que quedaban su foto, eso fue en A Coruña.

Con el agua que lleva ese río no sé para que tienen un puente tan grande.

Con la señal que me hicieron fue suficiente.

Con tus gritos y sus canciones acabaré sordo como una tapia.

Coméis vosotros dos tanto como ellas tres.

Completa coas contraccións e artigos axeitados:

Comprei o pan_____panadaría moi cara.

Vendimos_____noso coche_____tenda de antigüidades_____teu veciño.

_____pobres tanto lles ten_____rebaixas_____grandes almacéns.

Deulles todos os caramelos_____nenas.

Aprobaredes_____nosa axuda_____exame de galego.

Moitos_____teus libros son_____valor incalculable.

_____empresa como a túa é difícil traballar.

_____estrada de Arteixo os nenos fixeron_____súas este verán.

Non vai_____meu rego o amigo_____teu irmán.

Saín onte_____sogra_____doutor.

Non nos gañaredes_____vosa vida.

_____pouco de sorte saímos ben_____asunto.

_____teu avó asustouse_____ruido dos foguetes_____festa.

Vivín_____Coruña moitos anos, agora estou _____Pontes de García Rodríguez.

Por mor_____treboada_____casa quedou_____escuras.

_____futuro é mellor non falar.

_____túa casa precisa_____man de pintura.

Quíxome guindar_____fiestra!

Non sei que fixo_____papeis_____seguro.

Para xogar_____xadrez hai que ter máis miolos_____que ti tes.

Traduce empregando cando sexa posible a segunda forma do artigo:

1) Hechas las reparaciones los dueños no querían pagar la factura.
2) Les gusta la leche más que a los gatos.
3) Vosotros dos sois los culpables.
4) El detective está tras la pista de los sospechosos.
5) Me gusta más tu amiga que comer las lentejas con los dedos.
6) Tienes que acabar los estudios que empezaste el año pasado.
7) No conocemos los resultados por lo tanto no sabemos si tiene perdidas las esperanzas.
8) Comer los guisos de tu madre es el hecho más arriesgado que se me ocurre.
9) Ya están corregidos los exámenes, pronto tendréis las notas.
10) Les pregunté la verdad y me lo juraron por la gloria de su madre.
11) Se quemaron todos los árboles de tus montes.
12) Trabajaba por un sueldo miserable.
13) Hechas las cosas a tu manera siempre pareces la mujer más feliz del mundo.
14) Es difícil soportar las tonterías del profesor de gallego.
15) Al profesor los alumnos le parecen cachos de carne con ojos.
16) Entrenaban para ser los mejores.

17) El atlas los niños ni lo miran.

18) Hay un refrán que dice: de la tierra el carnero y del mar el mero.

19) Por el camino de la izquierda hay varias casas de la constructora de tu padre.

20) Es verdad que el gobierno quería traer al señor Raldón.

21) Hasta que se demuestre su culpabilidad es inocente.

22) Hacer una declaración,y otra, y otra, es la cosa más pesada que pueda concebir tu imaginación.

23) En el debate de mañana Felipe insultará a José María por sus bigotes.

24) La negociación es la negociación, para los trabajadores y para los empresarios del país.

25) Supone una modificación esencial del poder.

26) En los pueblos de Castilla sólo comen garbanzos con la debida condimentación.

27) Los gallegos prefieren no hablar del fletán con los canadienses.

28) Conseguí salir de la droga con la ayuda de mis amigos.

29) De un enfermo no se puede esperar la misma alegría que de una persona sana.

30) En el mar los barcos gallegos torpedean a los canadienses.

31) Mi madre cose la falda con el hilo que compró en la feria.

32) No puedo olvidar los goles del Deportivo.

A ACENTUACIÓN E A DIÉRESE

O til é unha incomodidade á hora de escribir as palabras en calquera lingua, pero no entanto supon unha inestimable e indispensable axuda cando temos que 1er, son as pistas que nos indican o xeito correcto de pronunciar as palabras.

O acento, ou til, é a maior intensidade que recae sobre algunha das silabas que compoñen a palabra cando esta está composta de máis dunha sílaba, iso significa que a silaba na que recae o acento, ou til, tónica, será pronunciada con maior intensidade que as outras, átonas.

1. Palabras tónicas

Primeiro hai que ver o **lugar** que ocupa na palabra a sílaba en que recae a forza. Así diferenciamos tres clases de palabras, agudas, graves e esdrúxulas:

- Nas **agudas** o acento vai estar marcado na última sílaba, na súa vogal final.
- Nas **graves** a silaba que se acentúa é a penúltima.
- Nas **esdrúxulas** será a antepenúltima sílaba.

Esa forza especial que marca a intensidade nunha determinada silaba non sempre vai ser marcada graficamente, xa que o emprego do til segue unhas determinadas regras:

1.1. Os Monosílabos non van presentar un acento gráfico, agás se este ten función diacrítica (verémolo máis adiante).

Sol ***Ter*** ***Ron*** ***El*** ***Min***

1.2. As palabras **Agudas** van recibir o acento gráfico só nos casos en que a palabra (polisílaba) remate en **Vocal,** nas consoantes **-N** ou **-S** ou na secuencia -**NS**.

Así ***Ramón*** ***Mandís*** ***Camións***

Así pois, as palabras que reciban a forza da pronuncia na súa derradeira sílaba e non cumpran as condicións anteditas non van representar o acento graficamente:

Papel ***Chorar*** ***Cartel*** ***Nariz***

Contra desta regra aparecen unhas **excepcións:**

a) Cando a vocal en que tifia que ir o til é o núcleo dun ditongo decrecente (é dicir o formado por vogal forte **(a, e, o)** seguido de vogal feble **(i, u)** non se van acentuar de xeito gráfico:

Bailei ***Españois*** ***Espirituais***

b) Tampouco van levar acento gráfico as secuencias **IU**, **UI** cando se pronuncian nun só golpe de voz, é dicir cando forman un ditongo:

Partiu ***Azuis***

1.3. A acentuación **grave** represéntase na escrita naquelas palabras que rematan en consoante (agás **-N** ou **-S**, pero si nas terminacións cultas **-PS** e **-X)** e tamén nos casos en que a sílaba átona que remata a palabra configura un ditongo decrecente (vogal forte **a, e, o,** seguida de vocal débil **i, u)**

Móbil ***Alférez*** ***Bíceps*** ***Tórax***

Como diciamos con respecto das palabras agudas, as que levan a forza na penúltima sílaba, pero non cumpren estas condicións, non levarán marcada a súa calidade a efectos gráficos:

Sardiña ***Virus*** ***Cosmos***

OLLO! Para rachar o ditongo as vogais **I** e **U** levan acento cando van antes ou despois doutra vogal átona co fin de indicar que non hai ditongo:

Rúa ***Baúl*** ***Viúvo*** ***Saúde***

1.4. As palabras que se acentúan na antepenúltima sílaba son, sen dúbida, as máis curiosas, ao non teren excepcións e levaren todas acento gráfico:

Esdrúxula ***Bágoa*** ***Médico*** ***Simpático***

2. Outra regras sobre a acentuación

Pero para ter unha visión total das regras de acentuación no galego cómpre ter presente :

2.1. Cando un verbo forma unha soa palabra coa segunda forma do artigo ou co pronome átono, vai actuar a efectos de acentuación coma se fose unha única unidade fonolóxica e polo tanto van seguir nestes casos a regra xeral:

Sacaban (a el)/sacábanllo.

Deberás a contal deber a-la conta.

2.2. Os adverbios que rematan na secuencia **-MENTE** teñen un claro perigo para os que estean acostumados a empregar o castelán para escribiren: mentres neste idioma, cando se constrúe un adverbio rematado neste sufixo, se a palabra base ten acento, este mantense. En galego non é así, xa que se van aplicar as regras antes expostas sobre a acentuación:

Castelán: ***Fácil*** ***Fácilmente***

Galego: ***Fácil*** ***Facilmente***

2.3. Os pronomes **cal, que, quen, cando, canto, como** e **onde** non van levar acento nas frases exclamativas e interrogativas directas:

cando foi? ***que traedes?***

Non estará marcada a acentuación destas formas cando a interrogación ou exclamación sexan formuladas de xeito indirecto:

dime quen cho deu

Tampouco levan acento en galego os demostrativos nin indefinidos.

Chega o momento de facer unha importante chamada de atención sobre o emprego do til en galego. Xa vimos que as palabras monosílabas por regra non van levar o signo gráfico, porén hai unha serie de casos en que é preciso a sua presenza, xa que cómpre distinguir dúas palabras homógrafas (coa mesma forma) pero que teñen diferente significado. Non só atinxe como veredes aos monosílabos, tamén hai palabras que contan con máis de unha silaba que precisan desta axuda que proporciona a ortografía galega. Aí van as máis comúns:

á A+A (Preposición + artigo)
(de paxaro ou avión)

ás A+As (Preposición + artigo)
(de paxaro ou avión)

bésta (arma)

bola (esfera)

cá ca+a
(comparativo + artigo)

chá (plana)

chás (planas)

có ca+o
(comparativo + artigo)

compre (é preciso)

dá (verbo dar)

dás (verbo dar)

dó (pena)
Ollo!: duelo a espada

é (verbo ser)

fóra (adverbio)

má (mala)

más (malas)

máis (adverbio cantidade)
(signo matemático)

nó (atadura)
(pronome átono)

a (artigo ou preposición)

as (artigo) (campión)
(naipe)

besta (egua)

bola (pan)

ca (comparativo)

cha (che + a)

chas (che + as)

co Con + 0
(conxunción + artigo)

compre (merque)

da De + A (preposición + artigo)

das De + A (preposición + artigo)

do De + 0
(preposición + artigo)

e (conxunción)

fora (verbo ir)

ma (me + a)

mas (me + as)

mais (pero)
(e mais, conxunción)

no En + Os (preposición + artigo)

nós (ataduras) (nosoutros)	**nos** En + Os (preposición + artigo) (pronome átono)
ó / ós A+O / A+Os (preposición + artigo)	**o / os** (;Artigo)
óso (do esqueleto)	**oso** (animal)
pé (parte do corpo)	**pe** (nome da letra)
póla (rama)	**pola** (galiña)
Pólo (xogo) (macho da pola)	**polo** Por + 0 (preposición + artigo)
por (verbo poñer)	**por** (preposición)
presa (adverbio)	**presa** (dique, botín, encoro, muller que está na cadea)
sé (sede, residencia da igrexa)	**se** (pronome)
só (único)	**so** (baixo de...)
té (infusión)	**te** (nome da letra, pronome)
vén (verbo vir)	**ven** (verbo ver)
vés (verbo vir)	**ves** (verbo ver)
vós (vosoutros)	**vos** (pronome átono)

É moi importante que teñades en conta que as formas verbais que levan acento diacrítico o van manter cando estean seguidas das formas átonas do pronome:

El dá. I Dáme moitas cousas.

E tamén cando levan a segunda forma do artigo:

Vou pór os libros aí ou ***Vou pó-los libros aí.***

Xa para rematar, é necesario deixar constancia dunha escolma de salvidades, no que atinxe ao uso do acento en galego que van ter diferenzas con respecto ao castelán.

Unha serie de palabras teñen unha acentuación diferente en castelán e en galego:

Galego	Castelán
Acne	Acné
Amálgama	Amalgama
Anodino	Anodino
Atmosfera	Atmósfera
Auréola	Aureola
Conclave	Cónclave
Elite	Élite
Heroe	Héroe
Isóbara	Isobara
Medula	Médula
Misil	Misil
Omoplata	Omóplato
Paxaro	Pájaro
Prénsil	Prensil
Réptil	Reptil
Téxtil	Textil
Traquea	Tráquea

2.4. Se ben nas anteriores Normas ortográficas do galego as 4ª e 5ª persoas do pretérito de subxuntivo non se acentuaban por considerárense graves, na revisión de Xullo de 2003, estas formas considéranse esdrúxulas, polo que hai que acentualas:

comésemos ***comésedes***

2.5. As letras maiúsculas teñen tanto dereito e deber como as minúsculas a recibir o seu til cando as regras así o esixan:

África ***Álvarez*** ***Úbeda***

3. A diérese

Un derradeiro epígrafe debe estar dedicado á diérese: este é un signo ortográfico que se emprega cando se quere indicar que unha vogal é núcleo silábico e, polo tanto, débese ter en conta á hora da pronunciación: **guerra,** pero **pingüín.**

A diérese vai aparecer tamén nas 4ª e 5ª persoas do copretérito de indicativo (*lembrade só neste tempo*) dos verbos que na súa forma de infinitivo rematan nas secuencias **-AER, -OER, -OÍR, AÍR** e **-UÍR**:

Recaïamos	*Recaïades.*
Choïamos	*Choïades.*
Entreoïamos	*Entreoïades.*
Sobresaïamos	*Sobresaïades.*
Afluïamos	*Afluïades.*

4. Outros cambios producidos en signos

4.1. Signos de interrogación e admiración

O seu emprego é só obrigatorio ao final do enunciado:

Que dis? Moito amolas!

Poderíase utilizar tamén ao principio da frase, se houbese problemas de interpretación (por exemplo, en frases moi longas).

4.2. O apóstrofo

No galego escrito actual non se emprega habitualmente o apóstrofo (’), pero as Normas de 2003 permíteno usar coas preposicións *de* e *en,* cando van seguidas de títulos ou cabeceiras de publicacións:

O argumento d'O trevo da sorte

Ese artigo está publicado n'A Nosa Terra

Tamén pode ser utilizado na representación de formas dialectais e/ou populares empregadas no galego oral:

N'é verdade ***N'estuda*** ***Ont'ánoite***

Exercicios

Traduce **ao galego:**

1) **Es curioso que tu padre** tenga **acné en el omóplato derecho.**
2) **En el cónclave sobre la atmósfera hablaron sobre la importancia de los parásitos.**
3) **¿Qué héroe puede contra un misil?**
4) **La médula de un reptil no tiene nada que ver con la de los pájaros.**
5) **El Deportivo tiene la aureola de campeón.**
6) **Algunos animales tienen dedos prensiles.**
7) **La industria textil catalana era una amalgama de intereses.**
8) **Tuvieron que estudiar la tráquea y los omóplatos del cadáver.**
9) **Los que están en la élite odian a los que están en la base.**
10) **Pasar de la atmósfera a la estatosfera es** imposible **sin saber hablar gallego.**
11) **Hace tiempo siempre caíamos en la misma trampa.**
12) **Concluíais siempre vuestros discursos con una estupidez.**
13) **Solíamos vender muy caras cosas sin valor a los turistas madrileños.**
14) **En aquellas reuniones oíais muchas cosas.**
15) **Nosotros traíamos el vino y vosotros la comida.**

Pon os acentos necesarios:

As as do avion estan **ardendo.**

Comes como un oso, polo menos unha bola en cada comida.

Dame as chaves da tua casa, necesito tomar un te.

Tiñas **tanta presa que esqueciches dous paquetes** fora.

Vos diredes o que queirades mais, **como arma, eu prefiro o fusil a besta.**

Compre por un par de osos no prato do can.

Da esmolas os pobres todolos dias.

El e un pouco parvo non fai mais que mirar para os meus pes.

Fun o oculista e non conseguin distinguir a letra te.

Se fose medico ti non estabas enferma.

Non o ves? ven por ai un amigo da tua irma.

Acentúa as palabras que o *nececesiten:*

Infeliz	Paralise	Comer	Lapis	Autobus
Bus	Peixe	Español	Irman	Cafe
Torax	Album	Avo	Nariz	Alferez
Levou	Debil	Feble	Sardiña	Vieira
Taxi	Viuva	Magoa	Esdruxulas	Perdeu
Esqui	Miudo	Triunfo	Tepedo	Dolmen
Consul	Avoa	Cruel	Rapidamente	Mobilidade
Nacion	Datil	Facil	Facilmente	Avaria
Cantabamos	Baul	Animais	Demais	Ademais
Bebiamos	Almacens	Pendulo	Raiña	Colleu
Imbecil	Mediodia	Colega	Cadeira	Atonas
Lacons	Materiais	Suxestion	Oficiais	Xarope
Alvarez	Rei	Lacazan	Baloncesto	Timidamente
Timida	Paciencia	Climax	Carcere	Portatil
Dous	Duas	Visions	Desoír	Farois
El	Min	Martelo	Papeis	Fraxil
Aleivosia	Tia	Saude	Biceps	Xesuita
Deficit	Bagoa	Habitat	Mitin	Rua
Nu	Proxectil	Prexuizo	Camping	Bocoi
Partiu	Martir	Ta boa	Abela	Islam

Coloca a diérese se é necesario:

Ambiguidade	Abranguer	Unguento
Piraguismo	Guillotina	Aguerrida
Anguiliforme	Bodegueiro	Antiguidade
Bilingue	Sangue	Merengue
Ortigueira	Pinguín	Guerra
Guiso	Lingueta	Cargueiro
Pingue	Linguista	Figueira
Aguinaldo	Egua	Aguia
Exsangue	Alugueiro	Contiguidade
Exiguidade	Albergue	Alfandegueiro

Tema 5
A COMPARACIÓN

A comparación é un recurso co que as diferentes linguas definen unha relación entre dúas, ou máis, proposicións.

Esa comparanza que se establece pode ter, evidentemente, tres puntos de vista: de superioridade, de igualdade ou de inferioridade.

Rematarei esta sinxela visión de como comparar en galego subliñando que son dúas as formas de facela: a **analítica** e a **sintética.**

1. A comparación analítica

A comparación analítica vaise facer mediante construcións complexas:

Eu son máis grande ca ti e ca el.

Cómpre empregar un adverbio (**MÁIS**, neste caso) que indique o grao co que queremos facer a comparación, e tamén a presenza dun pronome relativo **(QUE, CA** (neste caso), **COMO** ou **COMA.**

Esta comparación presenta tres casos:

1.1. **A** comparación de igualdade constrúese coas partículas **MÁIS** ou **MAIOR** precedendo ao adxectivo e as formas QUE, **CA** ou **DO** QUE introducindo o segundo elemento da comparación:

a) **CA** pode usarse cando a palabra que vaia despois non sexa unha forma verbal. Será de emprego obligatorio cando o segundo elemento da comparación sexa un pronome persoal:

Álvaro tina máis barba quelca Xosé.

Álvaro tina máis barba ca el.

b) QUE ou DO QUE teñen a obriga de funcionar como nexos nas comparación que teñan como segundo termo unha forma verbal, e cada unha segundo o caso:

Había máis mulleres do que esperaba.

Non debe ser galego, falamáis que pensa.

1.2. A comparación de igualdade vai conformarse coas partículas **TAN** ou TANTO (coas súas flexión de xénero e número) diante do adxectivo e **COMO** ou **COMA** introducindo o segundo elemento da comparación:

Son tan guapa coma ti.

Falades tanto como dicían.

O emprego das formas **COMO** ou **COMA** non pode ser indiscriminado, ten que seguir unhas regras en casos concretos:

a) A forma rematada en **-A, COMA,** pódese usar cando preceda a calquera elemento que non sexa forma verbal, pero é importante que lembredes que é obrigatorio o seu emprego cando antecede a pronomes persoais:

Ninguén é tan listo coma min. *(Obrigatorio)*

Ninguén é tan listo como/coma Xoán. *(Ditas posibilidades)*

b) *A* forma rematada en **-O, COMO**, funciona ao revés da anterior, pode aparecer diante de calquera palabra que non sexa pronome persoal, pero o seu emprego é de regra cando antecede a un verbo:

Fíxeno tan perfecto como puiden.

Non destes tantas respostas correctas como esixían.

Comes tanto como/coma unha vaca.

1.3. Só falta para rematar a visión da comparación as formas que atinxen á de inferioridade. **E** moi semellante á de superioridade que vimos de ver, a única diferenza consiste nos adverbios a empregar, que neste caso serán **MENOS** e **MENOR,** as regras sobre o emprego dos relativos que introducen a segunda parte da comparación serán as mesmas:

Álvaro tiña menos barba quelca Xosé.

Álvaro tiña menos barba ca el.

Debe ser galego, fala menos que pensa.

Había menos mulleres do que pensaba.

Como vedes, as formas de relativo a usar son o único problema. Practicamente son empregables as dúas indistintamente, pero decatádevos das excepcións.

Tamén hai que prestar especial atención ao seguinte:

- O primeiro é o tema das contraccións: a forma **CA**, que só se pode empregar en forma escrita como partícula comparativa, contrae co artigo determinado tanto nas súas formas de masculino e feminino, como nas de singular e plural (Ver tema 3 p. 5):

  Ti es máis baixa cá (ca+a) túa veciña.

  O teu curmán é peor soldado cós (ca+os) seus compañeiros.

  Nestes casos tamén é válida a forma QUE + **artigo:**

  Ti es máis baixa que a túa veciña.

  O teu curmán é peor soldado que os seus compañeiros.

  VA

  OLLO! A partícula CA non vai contraer coas contraccións de artigo e mais preposición, nin tampouco coa preposición **A:**

  Dálle máis cartos ós pobres ca á igrexa.

  Pegáronlle máis que/ca a min.

- Cando se faga unha comparación con respecto á primeira persoa, cómpre empregar a forma oblicua do pronome; isto é unha diferenza co castelán:

  Es peor que yo (non que mi).

  É peor ca min (non ca eu).

■ As partículas **COMO** e **COMA**, ás veces, non precisan da presenza de ningunha outra para dotar por si soas de carácter comparativo a unha oración. Tamén, no caso de que vaian soas, se van seguir as regras xa expostas para o emprego das dúas formas: indiferente calquera das dúas, agás cando precedan a un verbo (obrigatoria a forma rematada en **-O**) ou a un pronome (obrigatoria a forma rematada en **-A**):

Está forte como/coma un touro.

Fala como pensa.

Traballa coma ti.

• É moi común que se dea o caso da existencia de construcións en que o segundo termo da comparación non estea perfectamente marcado na frase, e, polo tanto, pode levar a confusións á hora de empregar as formas obrigatorias:

El le máis do que ti pensas.

(Neste caso a forma correcta a empregar é **Do que,** aínda que vaia seguida de pronome, xa que a comparación se fai con respecto ao verbo:

El le máis do que pensas. *(ESTE É O SENTIDO DA FRASE)*

El le máis ca ti. *(NON)*

• Hai que ter presente que é obrigatorio o uso das formas **COMA** ou **CA,** cando o segundo termo da comparación está constituido por unha cláusula condicional **(ca/coma se),** temporal **(ca/coma cando)** ou relativa **(ca/coma que** ou **quen):**

Fixen coma se non pasasen por alí.

Traballan coma cando non había máquinas.

Actuaron coma que non lles importaba.

Poñédevos máis maquillaxe ca se fosedes actuar no circo.

■ A pronunciación pode levarnos a caer en erros á hora de empregar en forma escrita algunhas formas, xa que unhas son contraccións, e deben marcarse graficamente, e outras non:

Sempre direi co teu pai é un irmán para min.
(Ben pronunciado e mal escrito).

Sempre direi que o teu pai é un irmán para min. *(Tamén se pode pronunciar así, e é obligatorio poñelo desta forma por escrito).*

OLLO! Lembrade que as formas que contraen cos artigos son a conxunción CON e a partícula comparativa CA.

2. A comparación sintética

Quere dicir que o propio termo comparativo é quen de indicar por si mesmo o sentido da comparanza, aínda que poida formar parte dunha comparación analítica:

Eu son o meirande. *(O máis grande dos tres, collendo o exemplo anterior)*

Eu son meirande ca vós.

(Existen moitas formas do adxectivo que funcionan coma sintéticas na comparación):

Grande	Pequeno	Bo	Malo	Alto	Baixo
Maior	Menor	Mellor	Peor	Superior	Inferior
Meirande					
Máximo	Mínimo	Óptimo	Pésimo	Supremo	Ínfimo

• Exercicios

Traduce ao galego (empregando todas as formas do comparativo posibles):

1) No es tan fuerte como nosotros.
2) Siempre tuvisteis más fortuna que él.
3) Es la mejor lanzadora de pesos que conozco.
4) Nunca disfruté del deporte como ahora.
5) Mi coche lleva encima menos kilómetros que el tuyo.
6) Con los libros que leíste tienes que saber más que ellos.
7) Nos gusta más comer que bailar.
8) Está prohibido tirar la pelota con las manos.
9) Te queda más mili que al palo de la bandera.
10) No gano tanto dinero como vosotros.
11) No gano tanto dinero como vosotros decís.
12) ¿Cómo se puede ser tan guapa?
13) Tus amigos son tan listos como mi tortuga.
14) Que los pies te den problemas, tanto como a tu padre, es una cuestión de herencia.
15) Los mejores tiempos de esa carrera son peores que los de la nuestra.
16) Fumas más de lo que deberías.
17) Eres menos divertido que un ministro de hacienda.
18) Es preciso tener más ingresos que el año pasado.
19) Nunca serás tan inteligente como yo.
20) Dijeron que tus árboles están enfermos.

Completa cos comparativos (cando sexa posible pon os de igualdade por riba da liña e os de superioridade/inferioridade so ela):

1) Aos teus pais queraos_____aos meus.
2) O paso vai ser_____rápido_____o da volta anterior.
3) Nunca serás _____feo_____min.
4) Sempre parece_____se estivese a piques de dicir algo.
5) Non creas que estás_____tolo_____o médico.

6) É que non sabedes facer_____o parvo!

7) Se falas_____el mellor sería que foses mudo.

8) Xa sei que algún día comiches_____nós os dous xuntos.

9) Parece que choran_____rin nesa casa.

10) Pois si, es_____parvo_____eu pensaba!

11) Isto é moito_____nos esperabamos.

12) Deixeino_____ben_____pensaba.

13) É o_____ p o d í a s facer.

14) Cres que es_____min? pois non.

15) Esa rapaza estache_____un tren.

16) Cando era novo non pensaba_____nas mulleres, e sigo igual.

17) Tedes_____camisas_____precisa un home na súa vida.

18) Non sei se non serás_____necio _____parece.

19) Déronlle _____cartos_____ti.

20) O meu ordenador ten_____teclas_____teu.

Subliña a forma correcta (se hai dúas indícao):

1) Non odio tanto a este como / coma a ti.

2) Moito me amola que estean tan novos como / coma cando eramos rapaces.

3) Tatexabas como / coma se estives nervioso.

4) É como / coma se alí non chovese nunca.

5) Está máis calvo que / ca ti.

6) Esta casa ten máis baños que / cá a de quen eu sei.

7) Son máis listo ca / do que vós dicides.

8) Son máis listo ca / do que dicides.

9) Nunca fixo tanta calor como / coma agora.

10) Ata hoxe nunca fixerades como / coma que non sabiades nada.

11) Perdoa, pero ti non es mellor que / ca min.

12) Cre que está mellor peiteado que / ca se fose xunto a Llongueras.

13) Nada é como / coma cando estaba acó o teu irmán.

14) Tes a mesma cara que / ca se che dixesen que o Deportivo fose un mal equipo.

15) Tratádesnos como / coma se non fosemos todos galegos.

16) É unha parvada discutir se un vigués é máis galego que / ca un coruñes ou ao revés (todos somos iguais aos olios de Breogán).

17) Estivo máis pálido que / ca se lle dixesen que estaba vestido como / coma un pallaso.

18) Isto é mellor que / ca cando gañou a Copa do Rei o Deportivo ao Real Madrid.

19) A verdade, non hai praias máis fermosas que as / cás que hai en Vigo.

20) O Apóstolo Santiago preferiu ser soterrado en Compostela, é máis guapa que / ca París.

Traduce ao galego:

1) No creo que haya sensación más placentera que la de ser gallego.

2) Los castellanos son así por culpa de su dieta, no comen más que garbanzos.

3) Leemos más de lo que tú piensas.

4) La bandera de Galicia es blanca, no tiene más que una franja azul, el color del Miño y del cielo.

5) No eres ni más ni menos que ingeniero nuclear, felicidades.

6) Esto es como cuando los árboles estaban llenos de pájaros.

7) Suena mejor la gaita gallega que la de otros países celtas.

8) Entraste en mi casa como quien no quiere la cosa.

9) Sé comportarme como cuando era un chico.

10) Es capaz de hacer más cosas de lo que tú piensas.

11) Es más ágil que una ardilla.

12) Es más ágil que la ardilla que hay en tu jardín.

13) Realmente estábamos tan cansados como vosotros.

14) Se da más importancia que si fuese un millonario.

15) Se comportaron como si fueran más viejos que mis abuelos.

16) Mi padre siempre fue mejor que yo.

I, Tema 6

O PRONOME PERSOAL

Os pronomes son palabras que non teñen unha significación constante e determinada.

Os pronomes persoais poden exercer as mesmas funcións sintácticas que os nomes, van sinalar as tres persoas gramaticais que interveñen no coloquio: emisor, receptor e a terceira que está fóra das anteriores.

Presentan formas tónicas e átonas, así como rectas e oblicuas, as rectas poden funcionar como suxeito, atributo ou vocativo, as oblicuas realizan as restantes funcións.

1. Formas tónicas

1.1. Primeira persoa

A forma recta é **EU** que ten sempre uso como suxeito da oración:

Eu como moitas patacas e pouca carne.

Como formas oblicuas aparecen: **MIN**, empregada con preposicións, que vai facer función de complemento e actuar tamén como segundo termo das comparacións (a diferenza do castelán). **COMIGO** é a forma oblicua de primeira persoa para expresar compañía.

Esperas moito de min.

Estivo comigo desde onte ata hai un pouco.

1.2. Segunda persoa

TI vai facer funcións de suxeito, pero tamén ten uso con preposicións. Cómpre ter presente que, aínda que é moi común que apareza na fala o pronome **TU**, a única forma válida é a primeira. **CONTIGO** é a

forma de compañía da segunda persoa. Existe tamén unha forma de cortesía ou respecto: **VOSTEDE** que necesita que o verbo sexa empregado en terceira persoa.

Ti es unha boa persoa.

Estes libros son para ti.

Non queren ir contigo ao concerto.

Vostede sempre fala moi alto.

1.3. Terceira persoa

EL e a sua flexión de xénero **ELA** son as formas do suxeito e tamén as que se empregan despois de preposicións. Como no caso da segunda persoa, existe na fala de determinadas áreas dialectais o uso da forma IL que non se considera normativamente correcta. Aparecen nesta persoa as formas reflexivas **SI** e CONSIGO, esta última forma non ten uso como forma de compañía, para o que se emprega **CON** seguido de EL ou ELA.

El dixo que si, pero ela non aceptou.

Só pensa en si, é un egoísta.

Leva sempre consigo un coitelo moi grande.

EL tamén pode aparecer como reforzo nunha construción gramatical, non é traducible ao castelán nestes casos:

El que pasou coa túa curmá onte?

El que fixeches!

1.4. Cuarta e quinta persoas

As formas que funcionan como suxeitos son **NÓS, NOSOUTROS, VÓS, VOSOUTROS** respectivamente, mais non se trata de palabras absolutamente sinónimas ao presentaren diferenzas de matiz semántico: **NOS** e **VOS** sinalan un grupo ampio, ao que non se pode ou non se quere delimitar, mentres que **NOSOUTROS** e **VOSOUTROS** se empregan para facer referencia a grupos de elementos coñecidos e determinados. A mellor forma de non se trabucar é empregar sempre as primeiras formas, xa que valen para iden-

tificaren tanto unha realidade como a outra, ao non estableceren limitación ningunha.

Nós temos moita calor pero vós non.

As formas **CONNOSCO** e **CONVOSCO** son formas que expresan compañía, pero tamén teñen moito uso **CON NOS** ou **CON NOSOUTROS.** Todas son formas correctas, se ben as prime¡ras por tradicionais deben ser preferidas. De todos os xeitos se o pronome levar algún adxacente, as formas **CONNOSCO/CONVOSCO** non serán posibles.

Pepiño falou connosco.

Pepiñofalou con nós as dúas.

1.5. Sexta persoa

ELES e ELAS son as súas formas, seguen as mesmas regras que no caso da terceira persoa.

1.5.1. Contraccións das formas tónicas

As formas de terceira e sexta persoa van reflectir na escrita unha contracción cando son precedidas das preposicións EN e DE:

	El	Ela	Eles	Elas
De	Del	Dela	Deles	Delas
En	Nel	Nela	Neles	Nelas

Nelas só vexo virtudes.

Del non quero falar.

Esta contracción non se vai producir cando a preposición a quen realmente acompaña é ó verbo, aínda que pola súa colocación pareza que vai co pronome.

De el comer todo iso estoupaba.

En elas rematando marcharon.

2. Formas átonas

Nelas aparecen vestixios da flexión casual latina.

2.1. Primeira persoa

A única forma que aparece e **ME.** Pode desempeñar as funcións de obxecto directo e indirecto; tamén é a forma de reflexivo:

Fixen o que puiden pero gañoume. *(Obxecto directo)*

Fixen o que puiden pero gañoume a partida. *(Obxecto indirecto)*

Perdinme na vosa cidade. *(Reflexivo)*

2.2. Segunda persoa

Nesta persoa aparecen dúas formas, xa que hai unha distinción segundo fagan función de obxecto directo ou indirecto: **TE** emprégase para designar o obxecto directo e **CHE** o indirecto, desde logo é un dos problemas máis importante que ten o galego, o emprego correcto destes pronomes require fixarse moito, hai unha serie de pequenos trucos para saber cal das dúas formas temos que empregar:

2.2.1. Pór a frase en terceira persoa, neste caso TE equivale a **O** e CHE a **LLE**:

Escribinche unha carta moi loriga.

Escribinlle unha carta moi loriga.

Vinte no concerto da Filharmónica de Vigo.

Vino no concerto da Filharmónica de Vigo.

2.2.2. Pasando a oración á voz pasiva o obxecto directo pasa a ser suxeito paciente, presentando concordancia en xénero e número co verbo pasivo:

O médico curou a perna *(de ti).*

A perna *(OD)* *(de ti)* ***foi curada polo médico.***

O médico curouche *(OI)* ***a perna*** *(OD).*

2.2.3. Preguntar ao verbo que? ou que cousa? para coñecer cal é o obxecto directo. Non sempre funciona, xa que, ás veces, a súa resposta a quen identifica é ao suxeito.

María comprou sardiñas (a ti). Que comproa? Sardiñas (OD).

María comprouche (OI) sardiñas (OD).

Pero:

Xa chegou o inverno. (Que chegou? O inverno. Neste caso é suxeito)

Por último lembrade que **TE** é a forma exclusiva para indicar a función reflexiva:

Sempre te queixas do mesmo.

2.3. Terceira persoa

Tamén hai dúas formas, unha para o obxecto directo, **O** ou **A**, e **LLE** para o indirecto.

Tireille unha pedra. (Obxecto indirecto)

Tireino ao chan. (Obxecto directo)

As formas de obxecto directo teñen unhas variantes que se van usar segundo unhas regras (o mesmo caso pasaba cos artigos, aínda que agora non vai aparecer nunca o trazo):

2.3.1. -LO, -LA

a) Aparecen tras as formas verbais rematadas en **R** ou S:

Ti coñecíalo hai tempo. (Coñecías + o)

Vou colgalo na parede.

b) Despois dos pronomes átonos **NOS, VOS** e **LLES.**

Ese cadro déronnolo os veciños de Xesús.

Non volo direi aínda que me matedes.

Roubáronllela cando estaba na rúa.

2.3.2. -NO, -NA

a) Despois das formas verbais rematadas en ditongo:

Comprouno hai xa dez anos.

Leveina moi lonxe.

b) Despois das formas verbais que rematan en **N**, neste caso só aparece un N, isto serve para diferenciar estas formas de terceira persoa coas de primeira de plural que van levar dous enes:

Deixáronos quedar acó. *(a eles)*

Deixáronnos quedar acó. *(a nós)*

c) A forma do reflexivo nesta terceira persoa é **SE**, que se vai unir aos verbos en terceira persoa do singular ou plural.

Vaise facer unha casa preto da praia.

Cortáronse uns vinte bidueiros para facer a estrada.

Hai que ter en conta que en ningún caso esta forma do pronome vai concorrer con **O,** A, **OS,** AS (pronomes); cando haxa que traducir as secuencias **SE LO, SE LE** en castelán, emprégase **LLE** en galego:

Hace tiempo que no se le ve.

Hai tempo que non se lle ve.

Se lo creo.

Créollo.

2.3.3. Nos demais casos aparecen **-O,** -A:

Cóllea. ***Sácao.***

2.3.4. O pronome de terceira persoa presenta un caso moi particular no seu emprego, segundo identifique ou sinale calidade.

Se sinala que algo ou alguén concreto posúe unha característica determinada, ou sexa identifica, permite a concordancia de xénero e número co substantivo.

Esta é a amiga do teu pai, éa.

Se simplemente sinala a calidade dunha persoa ou obxecto, sen especificar exclusividade, o pronome irá sempre en masculino singular.

Esta é amiga de teu pai, éo.

2.4. Cuarta e quinta persoa

NOS e **VOS** son as únicas formas, fan funcións de obxecto directo, indirecto e pronome reflexivo.

Leváronvos até Ferrol. (OD)

Escribíronnos moitas cartas desde alí. (OI)

2.5. Sexta persoa

Caso semellante ao da terceira persoa, as formas serán OS, AS para obxecto directo e **LLES** para o indirecto:

Encarguemos a semana pasada. (OD)

Encargueilles iso a semana pasada. (OI)

2.6. Concorrencia das formas átonas

Pódese dar o caso de que nunha frase concorran dous pronomes átonos, daquela irá situado primeiro o que faga función de obxecto indirecto e despois o de obxecto directo, tanto se van antes como despois do verbo, formando unha soa palabra nos seguintes casos:

	O/lo	A/la	Os/los	As/las
Me	mo	ma	mos	mas
Che	cho	cha	chos	chas
Lle	llo	lla	llos	llas
Nos	nolo	nola	nolos	nolas
Vos	volo	vola	volos	volas
Lles	llelo	llela	llelos	llelas

Na secuencia **SE LO**, en castelán, non existe variación de forma dependendo do número de persoas a que fagamos referencia. En galego, pola contra, é necesario marcala graficamente:

Llo - castelán - se lo (a él, a ella)

Lla - castelán - se la (a él, a ella)

Llos - castelán - se los (a él, a ella)

Llas - castelán - se las (a él, a ella)

Líelo - castelán - se lo (a ellos, a ellas)

Líela - castelán - se la (a ellos, a ellas)

Líelos - castelán - se los (a ellos, a ellas)

Líelas - castelán - se las (a ellos, a ellas)

3. Colocación das formas átonas na oración

Os pronomes átonos poden ir antes ou despois do verbo, pero nunca na posición inicial da frase. A sua colocación depende dunha serie de regras:

3.1. Nas oracións simples e na principal das complexas polo xeral vai posposto ao verbo:

Patricia díxome moitas cousas.

Comentoume que ti non vas ir ao partido mañá.

3.2. As **excepcións desta regra** (pronome anteposto) son:

3.2.1. Cando a oración é negativa

Non o quero.

Nunca llo contarei.

Pero se hai unha pausa tras a forma negativa o resto do enunciado vaise comportar de xeito independente, e o significado é completamente diferente:

Non o quero. ***Non, quéroo.***

3.2.2. Cando determinados adverbios introducen a oración

a) Sempre **énclise** (pronome posposto).

Hoxe	Onte	Mañá	Antonte
Trasantonte	Pasadomañá		
Antano	Hogano	Hoxe en día	Antes
Daquela	Entón	Noutrora	Despois
Ao pouco			
A reo	Seguido	Deseguido	As veces
De cando en vez	Aos poucos	A miúdo	
A cada pouco			
Encima	Arriba	Enriba	Derriba
Abaixo	Embaixo	Debaixo	Diante
Adiante	Atrás	Detrás	Arredor
Ao redor	Dentro	Fóra	Enfronte
Lonxe	Preto	Cerca	Ao lado
A carón	Ao pé		
De sotaque	De socato	De súpeto	De repente
De golpe	Ao cabo	Ademais	

b) Sempre próclise (pronome anteposto)

Acaso	Incluso	Velaquí	Ata
Mesmo	Velai	Case	Quizais
Xa	Disque	Seica	Si (afirmat.)
Igual (se cadra)	Até		

Outros poden ir antes ou despois do verbo, no primeiro caso atraen cara a si ó pronome, cando van tras o verbo o pronome vai despois da forma verbal.

Aínda	Axiña	Deseguida/En seguida	
Sempre	Só	Tamén	Ben
Cedo	Mal	Mellor	Peor
Tarde	Igual (do mesmo xeito)		

Á túa amiga aínda a lembro — Axiña llo mando

Á túa amiga lémbroa aínda — Mándolloaxiña.

c) Énclise ou próclise

Hai adverbios que, colocados antes do verbo, poden provocar ou non a anteposición do pronome, segundo leven (pronome posposto) ou non (pronome anteposto) pausa tras deles.

Aquí	Alí	Aí	Aló
Acá	Alá	Acolá	Así

Os adverbios que rematan en -MENTE tamén inflúen segundo leven ou non pausa.

Dificilmente me aceptarán nesa escola.

Para aprobar as oposicións, loxicamente, débese preparar mellor.

Cómpre salientar os casos especiais de **LOGO** e **AGORA,** ambos os dous provocan anteposición cando significan **axiña**, pero non con outros significados (Despois/Entón/Neste momento).

Agora (axiña) cho dou, agarda un intre.

Agora (neste momento) quéreme máis.

Quérelo? Logo (entón) doucho.

Tes présa? Acouga logo (axiña) cho remato.

Semellante caso é o de SEQUERA, que vai manter o pronome posposto cando equivale a **como mínimo, polo menos,** e anteposto cando significa se **como mínimo, se polo menos.**

Sequera (Polo menos) escríbenos una carta.

Sequera (Se polo menos) o aprobasemos!

- Os pronomes interrogativos e exclamativos provocan a anteposición do pronome cando introducen a frase.

Cando o fixeches? *Como me enganou!*

Nas interrogativas ten que aparecer un deses pronomes interrogativos, se non o pronome vai posposto.

Leváchesllo?

O mesmo ocorre se hai pausa.

Que?, leváchesllo?

3.2.3. Anteposición con algúns pronomes indefinidos, como ocorría cos adverbios diferéncianse varios casos:

Ninguén, nada e **ningún** atraen ao pronome (son negativos).

*Ninguén **mo** dixo.*

Ningún vos vale.

Nada che debo.

Algo, alguén, ambos, bastante, calquera, entrambos, mesmo e todo cando van diante do verbo esixen anteposición.

*Algo che **diría.***

Alguén vos deu iso.

*Ambos o **leron.***

*Bastante **lle permitín.***

*Calquera vos **di** nada.*

Algún, outro, un, os máis, os **demais, moito, moi, pouco, tal tanto tan, máis, menos, demasiado** por regra xeral permiten o pronome posposto (agás con entoación enfática).

*Algún amigo **levarame** á casa.*

***Outros** déronme as grazas.*

Uns** comíano con **garfo** outros coas **mans.

*Ler tantos libros **queimarache** a vista.*

*Demasiadas **persoas** cualifícanvos de parvos.*

Cada, varios, certo nunca producen anteposición.

*Cada ano **danme** menos cartos.*

*Varios **homes déronlle** unha malleira.*

*Certos **animais prodúcenme medo.***

3.2.4. **En oracións que expresan desexo** o pronome vai diante do verbo, a non ser que o suxeito siga ao verbo, xa que o pronome non pode encabezar a oración.

Mal raio vos parta. *Válla me Deus.*

3.2.5. Tamén vai diante do verbo o pronome persoal **cando hai un cambio na orde normal** da construción gramatical.

Difícil nolo pintades. *Corentapesos vos dei.*

3.3. **Nas oracións subordinadas** (concesivas, causais, consecutivas, condicionais, comparativas) o pronome átono vai ir diante da forma verbal, mesmo aínda que o nexo non apareza expresamente, agás naqueles casos en que o pronome estea moi afastado do nexo subordinante, porque hai un inciso ou unha pausa entre eles.

*Eu coido que vos debedes **pór** algo **máis** serios.*

Quero bailar contigo aínda que me pises.

Pido se realice unha investigación.

*Onte **dixeron** que, **por**fin, **enviarannos** os paquetes.*

3.4. No caso das perífrases ou construcións de formas verbais conxugadas seguidas de infinitivo ou xerundio o pronome pode ir despois das formas verbais conxugadas ou das impersoais.

Vouno** chamar.* *Vou **chamalo.

3.5. Cando entre as formas do verbo vai unha conxunción ou preposición existen tres opcións:

***Veño** de dicirllo.*

Véñollo de dicir.

***Veño** de **llo** dicir.*

OLLO! As oracións compostas por coordinación vanse comportar como simples, pero hai que facer unha chamada de atención con respecto ás disxuntivas con **OU.**

Nelas caben dúas posibilidades: se a disxunción presenta unha alternativa, se un elemento exclúe ao outro, o pronome irá anteposto, pero se o que se dá é unha igualación, melloría ou rectificación o pronome irá posposto á forma verbal.

Ou falas ou che dou unha labazada.

Xesús é mestre ou foino.

4. As formas de solidariedade e interese

Son formas moi características da nosa lingua e que non teñen tradución ao castelán.

O pronome de solidariedade ten a función de facer participar ao interlocutor do que estamos dicindo, é pois un reforzo enfático. Presenta diversas formas, segundo o número de interlocutores ou o tratamento que se lles dea.

	Un interlocutor	**Varios interlocutores**
Tratamento familiar	Che	Vos
Tratamento de cortesía	Lle	Lles

Estívoche *moi bonito o partido do* ***mércores.***

Estívovos *moi bonito o partido do mércores.*

Estívolle/lles *moi bonito o partido do mércores.*

A forma de interese sinala de xeito subxectivo ao que está afectado pola acción.

Os ***meus*** *alumnos e* ***alumnas moitos*** *temas me levan estudado.*

Poden coincidir na frase estas dúas formas.

Os ***meus*** *alumnos e* ***alumnas*** *moitos temas che me levan estudado.*

Estes pronomes son de uso habitual, pero non son obrigatorios.

Exercicios

Traduce ao galego:

1) **Te busqué trabajo en la empresa de mi primo.**
2) **Te llevé aquellas hojas de ejercicios.**

3) Hace tiempo que no te quiero.

4) Te hicieron una buena jugada.

5) Quien te avisa no es traidor.

6) Tus padres te regalaron un ordenador.

7) Te contaron una mentira.

8) Ese perro te mordió.

9) Ese perro te mordió una pierna.

10) Ellas te llamaron demasiado tarde.

11) Te traje la leche para el desayuno.

12) Te escribo esta carta para contarte lo que pasó.

13) Don Manuel te recibió por la mañana y te dijo que no había crisis.

14) Te vi en el colegio cuando te expulsaron. No te importó nada.

15) Cuando te vieron no te reconocieron.

16) Te dije que el doctor te curará pronto, siempre te receta adecuadamente.

17) Te llamé y no te encontré en casa, te traje esto.

18) No te veo desde que tenías diez años.

19) Te lave las manos hace poco.

20) Te lavé hace poco.

21) Yo siempre te digo la verdad.

22) Te queda muy bien ese traje.

23) Te dije cíen veces que estudies el pronombre.

24) Pienso que te conviene cambiar de actitud.

25) Te mataré si no apruebas el examen de gallego del Sergas.

26) Nuestro profesor te enseñará gallego muy bien.

27) Ya te avisaré.

28) Te dejaré aquí.

29) Te voy a dar un par de besos.

Emprega forma pronominal axeitada (O ou A):

1) Esta rapaza é a miña filia, mira para ela que_____é.

2) Son de Camariñas, son_____seguro, abonda con escoitar como falan.

3) Pensei que era médica, pero non_____é, é astronauta.

4) Parecíame a mestra, pero xa vexo que non_____é.

5 Parecíame mestra, pero xa vexo que non_____é.

6 Parecíanme mestres, pero xa vexo que non_____son.

7 Parecíanme as mestras, pero xa vexo que non_____son.

8. Parecíanme mestras, pero xa vexo que non_____son.

9 Ser non será Carme, pero parecer paréce_____.

10 Tense por moi guapa e é_____.

11 –Ti es a filia de Antón? -Son_____, é certo.

12 Aínda que pareza parva non_____é.

13 Pensei que eran as miñas veciñas, pero non_____son.

14 -Es curmá de Xosé? -Son_____.

15 -Es a curmá de Xosé? -Son_____.

16 Boas persoas coido que_____son.

17 Esta señora é de Cangas, é_____porque mo dixo Pepe.

18 Son os seus pais, son_____segundo ela.

1 Credes que son a máis lista da clase e non_____son.

Traduce ao galego:

1) No hay nadie como yo.

2) Nosotros pensamos que él era tu novio.

3) No espero nada de vosotros.

4) Estoy harto de que esté siempre conmigo. ¿Es qué usted nunca tiene nada que hacer?

5. No hago otra cosa que pensar en ella, tú no lo entiendes.

Comisteis con él la semana pasada, pero no nos dijisteis nada.

7 Cuando sólo piensa en sí es porque es un egoísta.

s. De ellas no hacer eso no estaría ahora aquí.

9 Ese coche verde es del primo Pedro, si de él.

10 Estoy contigo, ellas no pueden ganar siempre.

11 No quiero ir con vosotros mientras habléis mal de ellas.

12 Tú y él ¡Quién iba a ser!

13 Estuvo con vosotros hasta las cuatro de la tarde.

14 No se queje y haga los ejercicios del pronombre como yo.

15 No os lo daré ni hoy ni mañana, tened paciencia.

Traduce ao castelán:

1) Vaise proceder á lectura dos documentos oficiais.
2) Se non o quere cómollo eu.
3) Díxenlles que non se afastasen moito da casa.
4) Cantas veces tes que lle dicir unha cousa para que a entenda?
5) Déronnos moitas escusas pero ós ladróns ceibáronos axiña e nós quedamos sen a bicicleta.
6) Onte na escola léronvos unha páxina do meu libro.
7) Compreilles tabaco porque xa non lles quedaba moito.
8) Non chas quero, tiveches tempo abondo e ata hoxe nada.
9) Mandáronnos facer moitos exercicios, eses profesores de galego non che están ben da cabeza.
10) Ata que me pete non llelo darei.

Traduce ao galego:

1) Dámelo a mi, no se lo des a ellas.
2) Nos lo confesó antes que a vosotras.
3) Cuando te los dieron los ojos de tu padre brillaban de alegría.
4) La televisión no puedo devolvérosla hasta dentro de unos días.
5) Esos lápices se los compraron a tu hermana.
6) Les encargué eso la semana pasada.
7) La llevé a ver la Torre de Hércules y el Paseo Marítimo, le gustaron mucho.
8) Ya se lo dije a ustedes hace tiempo, no estoy en venta.
9) Sólo nos quedan diez horas para ser ejecutados por hablar gallego.
10) Los llevaron hasta Carballo y después los dejaron marchar, no sin avisarnos.
11) Se lo dije a ellos muchas veces.
12) Se lo dije a ella muchas veces.
13) Lo dejamos abandonado y nos lo robaron.
14) No sé cuando se lo piensas decir, como tardes mucho ya no les hará falta.
15) Es necesario pensarlo todo dos veces.

Coloca o pronome no lugar axeitado:

1) Cedo_____ergue_____o teu pai.
2) Se tanto o queres logo_____contrato_____. *(a el)*

3) Ben_____vin_____. *(a el)*

4)_____**vin**____**ben.** *(a ela)*

5) Facilmente_____conseguín_____**as** entradas. *(a tí)*

6) Hoxe_____**deron**_____**unha boa** nova. *(a min)*

7) **Despois**_____**conduciron**_____**ata unha rúa** moi **estreita.** *(a nós)*

8) **De repente**_____meteron_____**catro** goles. *(a vós)*

9) **Diante**_____**colocaron**_____**un** piano. *(a ti)*

10) **A cada pouco**_____**dan**_____calafríos. *(a el)*

11) **Case**_____**convences**_____**de mercar o sofá de coiro.**

12) **Se vas ti** quizais_____**anime**_____**eu** tamén.

13) **Ata**_____**contou**_____**iso, Que desgraciado!** *(a ti)*

14) Velaí_____**va**_____**o** autobús. *(a vós)*

15) **Hoxe**_____fan _____moitos **cadros con pouca** pintura. *(reflexivo)*

16)_____**Darei**_____**un** consello: **falade galego.** *(a vós)*

17) **Como**_____**puiden**_____**esquecer?**

18)_____**Deches**_____? *(a eles, unha cousa)*

19) **Ninguén**_____**pode**_____**salvar**_____**do cárcere.** *(a vós)*

20) **Digo eu que algo**_____contarían_____. *(a elas)*

21) **A** nós **calquera**_____**convence**_____**do contrario!**

22) O **pan de boroa**_____**fai**_____**doer o** estómago. *(a el)*

23) Mañá_____**vou**_____**matar**_____. *(a vós)*

24) **Acabo**_____**de**_____**comentar**_____. *(a eles)*

25) **Ou**_____**dis**_____**ou chamo á** policía. *(a min)*

26) **Mala chispa**_____**confunda**_____**queridos alumnos!** *(a vós)*

27) **Demasiados paus**_____**son**_____**difíciles de** aturar. *(a nós)*

28) **Certas actitudes**_____**desgustan**_____. *(a min)*

29) **Din** que, xa **era hora,**_____**ascenderon**_____**a** capitán. *(a el)*

30) **Varios alumnos**_____**convidaron**_____. *(a ela)*

Tema 7

DEMOSTRATIVOS E POSESIVOS

1. Os demostrativos

Considéranse sinaladores, xa que a súa función é precisamente a de amosar as cousas ou persoas sen nomealas, situándoas no tempo ou no espazo.

Os demostrativos galegos van presentar unha tripla flexión de xénero: masculino, feminino e neutro. Poden funcionar como substantivo ou adxectivo; neste último caso acompañan a un nome, ao que presentan e modifican.

Até agora a RAG e o ILG aceptaban dous sistemas á hora de escribir os demostrativos na súa forma neutra: *esto, eso* e *aquelo* e mais *isto, iso* e *aquilo*, aínda que estas últimas formas eran as recomendadas. Na última revisión da Normativa de Xullo de 2003 desapareceron como válidas na escrita as primeiras (isto é, as formas *esto, eso, aquelo*) nun afán simplificador e dado o predominio das solucións con I no radical na lingua escrita.

Polo tanto, o sistema de demostrativos do galego é o que segue:

Masculino	este(s)	ese(s)	aquel(s)
Feminino	esta(s)	esa(s)	aquela(s)
Neutro	isto	iso	aquilo

Debedes ter presente que os demostrativos neutros, como xa ven indicado nos cadros, non poden ter forma de plural e que só van aparecer con función de substantivo.

A efectos prácticos o perigo máis salientable co que vos podedes atopar vai estar nas formas de plural do demostrativo masculino. Cómpre ter moito coidado no seu emprego, xa que acotío se tende a empregar a forma galega cando nos estamos expresando en castelán ou ben ao contrario:

Castelán

*Estos **niños.** (ben)* *Estes **niños.** (mal)*

Galego

Estes nenos. (ben) *Estos **nenos.** (mal)*

É o prezo que hai que pagar pola contaminación mutua que sofren dúas linguas en contacto durante moito tempo e que inflúen unha na outra.

1.1. Posición

Polo que atinxe ao lugar onde deben ir os demostrativos con respecto á palabra que modifican, é preciso indicar que a posición habitual vai ser diante desta; a presenza do demostrativo nesta posición fai innecesaria o emprego de artigo:

Esta moto non anda ben.

Pero tamén é posible a aparición do demostrativo posposto á palabra á que determina, aparecendo daquela o artigo na posición que lle corresponde. Este tipo de construción vaise empregar para dotar á frase dun carácter enfático:

A moto esta non anda ben.

Cando aparece na frase un adxectivo, numeral, posesivo ou certos indefinidos precedendo ao substantivo, o demostrativo irá, por regra xeral, diante de ambos os dous:

Ese maldito libro.

*Esta miña amiga **éche** o **demo.***

*Tes que limpar aqueles **catro** espellos.*

Aínda que, como xa vimos antes, por razóns de dar unha maior expresividade, o demostrativo pode ir tras o substantivo; tamén neste caso fai aparición o artigo:

***O** maldito libro ese.*

A miña amiga esta eche o demo.

Tes que limpar os catro espellos aqueles.

1.2. As contraccións

Peculiaridade do galego con respecto ao castelán é a contracción de certas palabras, o demostrativo unha delas, con algunhas preposicións, cando estas as preceden. No caso que estamos a ver as preposicións que van dar lugar a formas contractas son EN e DE:

	En	De
Este(s)	Neste(s)	Deste(s)
Esta(s)	Nesta(s)	Desta(s)
Isto	Nisto	Disto
Ese(s)	Nese(s)	Dese(s)
Esa(s)	Nesa(s)	Desa(s)
Iso	Niso	Diso
Aquel(es)	Naquel(es)	Daquel(es)
Aquela(s)	Naquela(s)	Daquela(s)
Aquilo	Naquilo	Daquilo

Un segundo caso de contracción prodúcese cando o demostrativo vai seguido do indefinido OUTRO ou as súas flexións de xénero e número, pero reparade que esta contracción só se vai dar coas formas masculinas e femininas do demostrativo, nunca coas neutras:

Masculino		Feminino	
Singular	**Plural**	**Singular**	**Plural**
Estoutro	Estoutros	Estoutra	Estoutras
Esoutro	Esoutros	Esoutra	Esoutras
Aqueloutro	Aqueloutros	Aqueloutra	Aqueloutras

Estas formas van aparecer cando se exprese unha escolla entre varios elementos, aínda que estes non estean reflectidos na frase:

*Comen **máis** eses que esoutros.*

***Comprei** aqueloutro.*

Xa para rematar, cómpre subliñar que tamén existen contraccións cando as preposicións EN e DE preceden ás formas xa contractas de demostrativo e indefinido que vimos de ver:

En	De
Nestoutro(s)	Destoutro(s)
Nestoutra(s)	Destoutra(s)
Nesoutro(s)	Desoutro(s)
Nesoutra(s)	Desoutra(s)
Naqueloutro(s)	Daqueloutro(s)
Naqueloutra(s)	Daqueloutra(s)

1.3. Usos e empregos especiais

Ás veces, os demostrativos empréganse cunha significación que excede a súa propia función como tales:

1.3.1. **AQUEL, AQUELA** poden funcionar como substantivos, cun significado non definido, neste caso poden admitir os mesmos determinantes que os substantivos normais:

Tedes un aquel especial para este xogo.

Levabas un aquel na cabeza para te protexer do sol.

***Sempre** hai unha **aquela** que estraga o plan.*

A escolla entre **aquel** ou **aquela** non está motivada polo xénero da palabra á que substitúen. Cando se traduza ao castelán este tipo de expresións non se pode facer de xeito literal, hai que lle buscar unha palabra que non desvirtúe o sentido da frase.

1.3.2. Derivados das formas que acabamos de ver son os verbos **AQUELAR** e **AQUELOUTRAR,** e como no caso anterior tamén o seu significado se deducirá polo contexto:

***Aqueláronme** a radio por poucos caitos.*

Estades aqueloutrados desde que sabedes o que sabedes.

1.3.3. Caso moi interesante é o da contracción **DAQUELA**, que ten moito uso e que presenta unha dupla significación, ademais da que ten como demostrativo propiamente dito:

a) Pode funcionar como adverbio de tempo:

*Daquela eras a **máis** guapa. (Entón, naquel tempo)*

tí) Ou presentar un valor resultativo:

Estudas moito, daquela aprobarás. (Polo tanto)

É moi común entre os galegos e galegas que falan castelán o emprego incorrecto destes usos especiais do demostrativo, xa que nesta lingua non existen con ese significado.

Eu daquela si era feliz.

Yo de aquella si era feliz. (MAL)

Polo tanto moito ollo cando vos expresedes en castelán, non mesturedes construcións galegas imposibles nese idioma.

1.3.4. Coincidentes co castelán en galego aparecen as partículas **NISTO, NESTAS, CON ESTAS** co significado temporal de *entón, no momento...*

E nisto apareceu Ramón.

1.3.5. Tamén a semellanza do castelán hai unha serie de frases feitas que levan demostrativos: **POR ISO, POR ESAS. ISO XA...**

Así que vides con esas, por iso estades onde estades.

2. Os posesivos

Estas partículas van ter a función de presentaren e actualizaren as palabras ás que acompañan, o posesivo debe concordar en xénero e número coa cousa posuída.

Por regra xeral van precisar a presenza dun artigo diante deles, no entanto esta está escusada nos casos xa vistos no tema correspondente ao artigo (TEMA 3).

Hai que precisar que os posesivos que non van precedidos de artigo por acompañaren nomes que expresan un grao de parentesco teñen que levalo cando o substantivo falta:

Miña nai é tan lista como túa nai.

A miña é tan lista como a túa.

0 posesivo que non vai cun substantivo só pode aparecer sen artigo cando fai función de atributo. Nese caso a súa presenza ou ausencia comporta unha significación diferente:

*Son os **meus** amigos.*

Son meus amigos.

2.1. Formas

Singular		Plural	
Masculino	**Feminino**	**Masculino**	**Feminino**
Meu	Miña	Meus	Miñas
Teu	Túa	Teus	Túas
Seu	Súa	Seus	Súas
Noso	Nosa	Nosos	Nosas
Voso	Vosa	Vosos	Vosas
Seu	Súa	Seus	Súas

Estas van ser as formas máis habituais nas que aparecen os posesivos en galego, pero tamén hai outro paradigma que se emprega con formas de respecto:

Persoa	Singular	Plural
1ª	Mis	Mis
2ª	Tu	Tus
3ª	Su	Sus
4ª	Noso/Nosa	Nosos/Nosas
5ª	Voso/Vosa	Vosos/Vosas
6ª	Su	Sus

O seu emprego redúcese exclusivamente a aqueles casos nos que van acompañar a unha serie moi determinada de palabras: **PADRE/PADRES, MADRE, TÍO, SEÑOR** e **AMO**, xa que estes poden aparecer en galego como substantivos especiais de respecto, sendo a forma máis habitual **PAI, NAI** e **PAIS**, que non admitirían estes posesivos.

2.2. Posición

Por regra xeral o posesivo vai ir anteposto ao substantivo, aínda que existen casos de posposición:

2.2.1. Cando aparece un interrogativo diante do substantivo.

*Que corredor teu pode competir **comigo?***

2.2.2. Cando se dá a ausencia do artigo, o posesivo vai posposto.

Son as miñas rarezas I Son rarezas miñas.

2.2.3. Cos indefinidos a colocación será despois do substantivo:

*Certa **parente** vosa é insoportable.*

Calquera amigo noso pode facer iso.

OLLO! Todos os e **Todas as** permiten a colocación do posesivo antes ou despois do substantivo.

Viñeron todos os meus amigos / Viñeron os meus amigos todos.

2.2.4. Cando aparece na frase un artigo indeterminado ou un demostrativo, normalmente o posesivo irá posposto, pero tamén pode ir anteposto:

*Unha **irmá** súa **morreu onte.*** *Unha súa **irmá morreu** onte.*

2.3. Usos e empregos especiais

2.3.1. Posesivo de propiedade exclusiva

Son formas do posesivo que van aparecer precedidas de preposición, sempre en masculino e en singular e que, como xa queda dito, expresan unha relación de propiedade exclusiva.

*Teño unha moto de **meu** e outra alugada.*

Noutro contexto esta forma especial do posesivo toma unha significación que expresa unha calidade propia, de nacemento, innata, por natureza.

Sodes espelidos de voso.

1ª persoa	De meu
2ª persoa	De teu
3ª persoa	De seu
4ª persoa	De noso
5ª persoa	De voso
6ª persoa	De seu

2.3.2. Posesivo distributivo

O galego ten unhas formas que se poden empregar cando se quere adxudicar a varios posuidores unha cousa para cada un deles, ou un número igual ou equiparable de obxectos:

	Masculino	**Feminino**
Singular	Cadanseu	Cadansúa
Plural	Cadanseus	Cadansúas

Estes distributivos posesivos van acompañar sempre á cousa posuída, non ao posuidor:

Dei cadansúa camisa aos nenos. (BEN)

Dei camisas a cadanseu rapaz. (MAL)

Cómpre sinalar que non é obrigatorio o seu emprego e que podemos construir esa distribución así:

Dei unha camisa a cada neno.

2.3.3. É moi típico do galego empregar a forma feminina do posesivo onde tamén pode ir unha construción feita coa preposición **De** máis pronome persoal:

Sempre ía un paso diante de ti I Sempre ía un paso diante túa.

OLLO! Unha vez máis fago unha chamada de atención con respecto ao emprego correcto destas formas tan de noso e que non se poden usar en castelán, aínda que se adoite facer, Olio coas traducións literais.

Esta detrás vuestra (MAL) / Está detrás vosa *(BEN)*

2.3.4. Coincidindo co castelán o posesivo galego ten unha serie de usos que exceden as súas propias funcións como tal:

a) Empregado en primeira persoa ás veces indica familiaridade:

*O noso Pepe é **moi** listo.*

b) Con numerais úsase para dar un sentido aproximativo:

Este libro ten as súas cen follas.

c) Tamén hai locucións nas que aparece o posesivo sen o seu valor habitual:

*Os **meus** nunca me fallaran ata hoxe.*

*Teño ganas de volver ao **meu.***

Xa vexo que fixestes das vosas.

Exercicios

Traduce ao castelán:

1) **Non fas máis que lembrar o garrido que estaba Afonso daquela, pero xa pasou moito tempo.**
2) **Abaixo miña viven os teus amigos de Bilbao.**
3) **Comiches os doces? Daquela non pidas cartos para mercar pasteis este domingo.**
4) **Se soubeses daquela que eu era o profesor de galego! Daquela non ías á clase!**
5) **Estabamos na praia, deitados na area, e nisto comezou a chuvia.**
6) **Disque o viño é malo! Daquela dáme augardente!**

7) Teu avó terá os seus oitenta anos polo menos.

8) Pasaredes por riba miña antes de queimar a bandeira azul e branca.

9) Eses non fan nunca nada bo.

10) Teño casa de meu para facer o que me pete.

11) Cando naceu caeu de cabeza no chan e desde aquela anda aqueloutrado, iso di o seu pai, pero eu penso que é parvo de seu.

12) Foi niso cando chamaron por teléfono e tivemos que interromper a nosa conversa.

13) O tema daquela conferencia era moi interesante, o título tiña o seu aquel «Como criar saltóns se non tendes casa de voso».

14) Os xornais daquel día falaban de como os ministros aquelaron o problema do fletán.

15) Se esoutra rapaza é tan guapa como a túa noiva, daquela poden traballar xuntas no circo.

16) Non sei como explicalo, pero tendes un aquel que dá noxo so mirar para vós.

17) Os teus papeis aqueles xa están nese caixón especial que teño na miña mesa.

18) Recibiron cadanseu galano. Daquela que máis queren?

19) Os tres criminais recibiron cadansúa condena, a máis longa foi a daquel que vai sen barbear.

20) Cando falades galego tendes un aquel especial, nótase que é unha habilidade de voso.

Pon nos ocos os posesivos ou demostrativos axeitados (co seu artigo e facendo as contraccións necesarias):

_____ *(de ti)* cans comen moito e traballan pouco, parécenseme moito _____ *(deles)* amo, a verdade é que apenas podo distinguilos, se non fose porque ti levas _____ *(de ti)* camisa de seda e eles van espidos, pero iso si, olen mellor porque son máis limpos _____ *(de nacemento)* Sempre tes unha _____ *(escusa)* para non te lavar, a última auga que viches foi a que che botou o cura de _____ *(de nós)* parroquia o día do bautizo. Que se lle vai facer! en _____ *(de nós)* familia todos teñen _____ *(cada un o seu)* defecto.

Padezo unha grande mágoa por ser _____ *(de ti)* curmán, pero iso xa é irremediable. Cando penso nos celtas que foron _____ *(de nós)* antergos coido que se terían suicidado antes de ter descendentes coma ti, pero claro _____ *(entón)* non podía prevelo nin _____ *(posesivo de familiaridade)* Breogán.

Realmente non vexo xeito de aquelar _____ *(de ti)* actitude vital.

Traduce ao castelán o texto anterior

Traduce ao galego (empregando se é posible formas contractas e usos especiais):

1) Los alumnos por entonces eran muy exigentes, a sus profesores de gallego los quemaban con la menor excusa.
2) Montados en sus respectivos coches Loly y Emilio compiten en Montecarlo.
3) Nunca conseguiréis colocaros delante de mi.
4) Estos niños son de aquella señora, si fueran míos....
5) ¡Cuánto tiempo pasó desde entonces!
6) Su sombrero está muy bien en esa cabeza, está hueca y sirve de ancla.
7) Ese caramelo es de naranja, esos otros son de chorizo, la especialidad de la casa.
8) En mi fábrica sólo pueden trabajar aquellos que sepan hablar correctamente gallego.
9) Nunca digas que eso está bien.
10) Entonces ¿Por qué no compras esos libros? son más baratos que aquellos otros.
11) Es por eso por lo que no aguanto a tu madre.
12) Con la excusa de tu boda estuve tres días sin ir a casa.
13) Son buenos, pero no como esos otros que tiene tu suegra.
14) ¡Amigo mío! ¿Traes mi dinero?
15) Con esos amigos que tienes no te hacen falta enemigos.
16) Cuando jugaba al fútbol mi banda era la izquierda.
17) ¡Deja ya de hablar de aquello! ya pasó, entonces éramos muy jóvenes.
18) Es una ventaja que cada uno tenga su televisión.
19) Lo de ser tan guapos es de nacimiento.
20) Estos me gustan, de esos otros no se que decir, no los conozco.
21) Por debajo de nosotros hay muchos equipos.
22) De este dinero vuestros vecinos poco verán.
23) ¿A qué amiga suya se lo dijiste?
24) La Televisión Gallega no apoya a sus trabajadores.
25) La pesca de nuestros barcos era entonces mejor.
26) Cualquier frase suya es un insulto para nuestra comunidad.

27) Cada calamar tiene su tinta.

28) No podemos soportar esos ruidos que hacen tus hijos.

29) Hacer estos ejercicios me llevó mis ocho horas.

30) No creo que la tuya sea tan grande como la mía.

31) ...y yo en la vuestra.

Tema 5

RELATIVOS E NUMERAIS

1. Os pronomes relativos

Poden desempeñar dúas funcións, dunha banda van ser o nexo que introduza oracións subordinadas, e doutra funcionarán desenvolvendo calquera función sintáctica das que pode cumprir un substantivo:

*Dixeron que virían **mañá.** (Nexo)*

***Quen falamoito, moito** erra. (Suxeito)*

Estas son as formas do pronome relativo:

É, sen dúbida, o máis empregado; trátase dunha forma invariable, xa que non presenta flexións nin de xénero nin de número, permite a presenza do artigo precedéndoa; neste caso o artigo vai concordar en xénero e número co antecedente:

*A escola en que **estudei.** / **A**escola na que estudei.*

QUEN

Úsase moi acotío sen antecedente expreso, con sentido xeral de persoa, aparecendo tamén en expresións nas que se lles dá características humanas a animais ou cousas.

*É o **viño quen fala**pola **tú** a boca.*

Foi o can quen me avisou de que estaban a roubar na casa.

*É a vida quen máis **ensina.***

Adoita ser substituido na fala pola secuencia **O** QUE e as súas flexión de xénero e número:

*É o **viño** o que fala pola túa boca.*

A diferenza do castelán trátase dunha forma absolutamente invariable. Polo tanto o emprego do plural é un erro, un castelanismo no que debedes procurar non caer:

*No se quienes van **ahí** :Non sei **quenes** van **aí.** (MAL)*

A nosa lingua dá como solución para os casos de tradución da forma castelá **QUIENES** o xiro **OS QUE** ou ben o emprego do singular que, como xa quedou dito, é unha forma inmobilizada:

*Non sei os que van **aí** /Non sei quen vai **aí.***

*Sodes **vós** os que ides I Sodes **vós** quen ides.*

A partícula **QUEN** ás veces posúe valores especiais. Este feito ocorre en construcións como: **SER QUEN A, SER QUEN DE, COMA QUEN**... que veñen a equivaler en castelán a **SER CAPAZ DE** (as dúas primeiras) ou co significado de «de mentira, finxido» no terceiro exemplo:

*Seredes quen de aprobar o **galego** este ano.*

*Non son quen **a** facer iso.*

*Non me **enterei** per(**fixen** coma quen.*

CAL

A diferenza dos anteriores permite a flexión de número (**CALES**), por regra xeral vai aparecer precedido de artigo:

***O** galego é unha **lingua** para a cal non estades dotados.*

***Só** aprobou María, o pai da cal era presidente do xurado.*

*Falades **sempre** castelán, o cal non me parece ben.*

no entanto tamén aparece sen a compaña do artigo na correlación distributiva, que se pode referir a cousas ou persoas:

*Cal **máis** cal menos todos teñen a súa oportunidade.*

E tamén sen artigo na construción con valor adverbial **TAL CAL:**

***Está** tal cal como hai dez anos.*

CANTO

Vai admitir as flexións de xénero e número, o máis normal é que está forma apareza acompañando un substantivo ou representando persoas (en plural) ou cousas (en masculino singular unicamente):

Tes un estraño costume, bicas cantas mulleres ves.

Comprades para o voso neto canto xoguete vedes.

Pero tamén aparece frecuentemente precedido e reforzado por **TODO** e **TANTO:**

Teño todo canto quero.

Hoxe ***hai froita,*** *tanta canta poidades comer.*

Reparade que a oración subordinada se pode expresar en singular ou plural sen que varíe a súa significación.

Comprades todos cantos libros queredes.

Comprades todo canto libro queredes.

ONDE

Forma invariable, precisa dun antecedente que exprese lugar, e pode ir ou non precedido de preposición:

Esa é a rúa onde ***caín*** *onte.*

Mellor non saber a ***terra*** *de onde* ***viñeron.***

Os ***camiños*** *por onde pasa o autobús están sinalizados.*

OLLO! Aínda que talando poida parecelo, **ONDE,** a efectos gráficos, non contrae coas preposicións.

CANDO

Vai facer referencia a un antecedente de tempo, é unha forma invariable, que non ten que ver con **CANDA,** partícula que, precedendo un pronome persoal, é unha forma que expresa compañía:

Cando esteas lista avisa.

Foi canda min todo o ***camiño.***

COMO

Fai referencia a substantivos que expresen modo, xeito. Polo que atinxe á forma COMA e o seu emprego consultade o tema das comparacións.

O mellor foi como acabou o asunto.

CUXO

Esta forma, que permite a flexión de xénero e número é a evolución natural do relativo medieval *cujo.* As peculiaridades da nosa historia lingüística, onde o galego quedou relegado aos rexistros informais e orais, non permitiron a conservación dunha forma que, como **cuxo**, pertence á lingua formal e elevada. Deste xeito foi paulatinamente substituida por locucións como "o cal", maioritarias na lingua falada. A súa inclusión na normativa na reforma de Xullo de 2003 responde ao afán de recuperación de rexistros elevados, ofrecendo así unha outra posibilidade a ámbitos lingüísticos ben fixados e formais.

O seu emprego, semellante ao castelán, debe ser ponderado sobre as demais posibilidades que ofrece a nosa lingua, sobre todo na escrita:

*A nena, cuxo **nome** non me **lembro,** é **aquela.***

*A nena, da cal non me lembro do nome, é **aquela.***

2. Os numerais

Poden desempeñar a función sintáctica dun substantivo ou dun adxectivo, e moitas veces aparecen sós ao sobreentenderse o substantivo ao que acompañan:

*O Deportivo é de **primeira.** (Sobreenténdese División)*

Viaxou en segunda. (Sobreenténdese Clase)

Segundo o que indicaren poden ser:

2.1. Cardinais

Indican o número de unidades concretas da realidade:

0 cero
1 un-unha
2 dous-dúas
3 tres
4 catro
5 cinco
6 seis
7 sete
8 oito
9 nove
10 dez
11 once
12 doce
13 trece
14 catorce
15 quince
16 dezaseis
17 dezasete
18 dezaoito
19 dezanove
20 vinte
21 vinte e un/vinte e unha
22 vinte e dous/vinte e dúas
23 vinte e tres
24 vinte e catro ...
30 trinta
31 trinta e un...
40 corenta
41 corenta e un...
50 cincuenta...
60 sesenta...
70 setenta...
80 oitenta
90 noventa...
100 cen
101 cento e un/unha
110 cento e dez
120 cento e vinte
121 cento e vinte e un/unha
130 cento trinta
131 cento trinta e un...
200 douscentos/duascentas
300 trescentos/trescentas
400 catrocentos/as
500 cincocentos/as ou quiñentos/as.
1.000 mil
1.100 mil cen
1.200 mil douscentos/duascentas
2.000 dous mil/dúas mil...
10.000 dez mil
100.000 cen mil
1.000.000 un millón
1.000.000.000.000 un billón

Reparade en que de **vinte e un** en adiante os números vanse grafar en palabras separadas, e que até aí se facía nunha soa. Lembremos que nas antigas Normas ortográficas esta separación non comezaba

até a serie de trinta, mais na reforma de Xullo de 2003 tentouse evitar a vacilación existente no uso dos numerais, ao ser a serie de vinte os únicos que se grafaban nunha soa palabra.

Tamén cómpre ter en conta que **UN, DOUS** e as centenas todas, agás a primeira **(CEN)**, presentan flexión de xénero:

Un / Unha **Dous / Dúas** **Douscentos / Duascentas.**

É algo que coincide co castelán, tirante o caso de **DOUS / DÚAS**, en castelán non existe esa flexión de xénero e pode inducir a erros á hora de traducir:

Compró dos camisas en las rebajas.

*Comprou dúas camisas **nas** rebaixas.*

2.2. Ordinais

Van indicar a situación ou orde nunha serie:

1º primeh'o	17º décimo sétimo
2º segundo	18º décimo oitavo
3ª terceiro	19º décimo noveno
4ª cuarto	20º vixésimo
5ª quinto	21º vixésimo primeiro
6ª sexto	30º trixésimo
7ª sétimo	40ª cuadraxésimo
8º oitavo	50ª quincuaxésimo
9º noveno	60º sesaxésimo
10º décimo	70ª septuaxésimo
11º undécimo/décimo primeiro	80ª octoxésimo
12º duodécimo/décimo segundo	90º nonaxésimo
13º décimo terceiro	100º centésimo
14º décimo cuarto	1.000ª milésimo
15º décimo quinto	1.000.000º millonésimo
16º décimo sexto	

A diferenza dos cardinais estes van presentar flexión de xénero e número en todas as formas, pero nas compostas, como en castelán, esta flexión só se vai expresar no último elemento:

Esta é a décima vez. I Esta é a décimo cuarta vez.

Constitúen casos especiais os que acompañan nomes de reis ou papas, empregándose o ordinal até o décimo e de aí en adiante o cardinal:

Filipe segundo. I Fernando trece.

No caso dos séculos vanse empregar ordinais ou cardinais, calquera dos dous, até o décimo, e despois só o cardinal, o mesmo ocorre con palabras como páxina, sección, distrito, capítulo...

Século dez ou décimo. I Século once. I Distrito doce.

Fixádevos tamén en que en galego os ordinais **PRIMEIRO** e **TERCEIRO** presentan só esa forma, non podendo darse a apocopada como en castelán:

Llegó en primer lugar. I Chegou en primeiro lugar.

2.3. Multiplicativos

Indican o resultado dunha multiplicación, ou o número de veces que unha cousa contén a outra:

x 2	Dobre, duplo, dupla.
x 3	Triplo, tripla.
x 4	Cuádruplo, cuádrupla.
x 5	Quíntuplo, quíntupla.
x 6	Séxtuplo, séxtupla.
x 10	Décuplo, décupla.

Só as dúas primeiras formas teñen un emprego habitual na fala cotiá, no canto destas formas tamén se pode usar o numeral cardinal correspondente precedendo á palabra **VECES**:

*Son tres veces **máis** listo ca **vós.***

2.4. Partitivos

Indican unha fracción ou parte da unidade:

/2	medio-metade	1/9	noveno-novena
3	terzo-terza	1/10	décimo-décima
4	cuarto-cuarta	1/11	onceavo-onceava
5	quinto-quinta	1/12	doceavo-doceava
6	sexto-sexta	1/13	treceavo-treceava
7	sétimo-sétima	1/14	catorceavo-catorceava
8	oitavo-oitava	1/20	vinteavo

Os que faltan até 99 fórmanse engadindo a partícula **AVO** á forma do cardinal correspondente. **A** partir de cen empréganse as formas dos ordinais en feminino, precedendo ou non ao substantivo **PARTE**:

Milésima parte. I ***Centésimo primeira****parte.*

2.5. Colectivos

Van identificar un conxunto cun número determinado de compoñentes:

2	Par/parella	20	Vintena
10	Decena	30	Trintena
12	Ducia	100	Cento/Centena
15	Quincena	1.000	Milleiro/Millar

Poden empregarse para dar idea de aproximación:

Teredes *un cento de problemas.*

Ou usados en plural para ponderar unha cantidade grande:

Hai ***milleiros*** *de desempregados con* ***fame.***

Tes ***centos*** *de amigos.*

2.6. Emprego de cifras ou letras

Empréganse cifras

CARDINAIS

1. En cantidades concretas superiores a nove: 20 casas.
2. En cantidades concretas que expresan unidades dun sistema de medición: ***3 m, 1 K*** (cando no canto dos símbolos aparecen as palabras completas van con letra as cantidades ata dez: ***tres metros, un quilogramo).***
3. Nas cantidades que expresan prezos, número de páxina ou de casa, apartados, publicacións, habitantes...
4. Nas datas, agás se forman parte dun nome propio: ***Hoxe é 25 de xullo. / Rúa Vinte e cinco de Xullo.***
5. Coas cifras que interveñan en fórmulas ou operacións matemáticas: ***4x4=16.***
6. Naqueles números que van pospostos a un substantivo: ***Xogo co número 9.***

ORDINAIS

1. As cifras que expresen orde de leis ou cousas semellantes: ***Lei 12a artigo 2º.***

Empréganse letras

CARDINAIS

1. Por regra xeral cos números do 1 ao 9 (agás se van seguido de símbolos: ***3 Km,*** ou vaian despois dun substantivo: ***Habitación 300).***
2. Con cantidades aproximadas: ***Uns cen alumnos.***
3. Cando se expresa tempo: ***Hai xa once anos diso.***
4. Con cifras que pertencen a un nome propio: ***Rúa Vinte e cinco de Xullo.***
5. Coas cifras que vaian ao principio dun parágrafo ou despois dun punto: ***Dúas galiñas son poucas.***

ORDINAIS

1. Os números de congresos ou xuntanzas: ***Asistín ao terceiro simposio sobre a bolboreta asturiana.***

Exercicios

Emprega outras formas de numerais:

1) Nesa carreira cheguei despois do segundo.
2) Vou pasar quince días coa túa tía Uxía.
3) Comprou uns dez traxes na xastraría máis cara da vila.
4) Malia andar con mil precaucións acabou no chan.
5) Es dúas veces máis parvo do aconsellable.
6) Doce ovos sonche o dobro que seis.
7) Non sei se serán vinte ou trinta os alumnos que me queren matar.
8) Deiche un cento de explicacións, pero aínda non estás conforme.
9) Eses dous non fan máis que bicarse tras a porta.
10) Con tres reis gañarías moitos cartos, con dous nin un peso.

Escribe en galego con cifras ou letras segundo cumpra:

1) Tengo 20 libros y cerca de 50 fotografías sobre el tema.
2) Ayer asistimos al 2º congreso sobre el artículo 4º de la Ley 10 del Estatuto de Autonomía.
3) Deme 2 mts. de tela blanca y azul.
4) Ya te dije por lo menos 10 veces que no grites en la ópera, es de mal gusto.
5) Hace por lo menos 25 años que vivo en la calle 17 de septiembre.
6) Si hombre si, 2 + 2 son 4.
7) Haced 3 ejercicios para mañana.
8) 2 jugadores querían llevar el número 10.
9) Alquilé 2 coches para las vacaciones.
10) Hoy 22 de junio cumplo 33 años.

Traduce ao galego (emprega sempre letras):

1) Pasarán más de quinientos años antes de que el Deportivo pierda un partido.
2) No estuvo mal llegar en séptimo lugar.
3) No tengo dinero para alquilar ese cuarto piso.
4) El primer idiota que diga algo ya se puede preparar.

5) Doce eran los apóstoles, doce los meses del año y dieciocho los palos que te voy a dar,

6) Veintidós perras pueden hacer mucho ruido.

7) Pusimos en cuarentena a los que superaban la treintena.

8) La temperatura ayer alcanzó los treinta grados.

9) Doscientas mujeres quieren tener hijos míos.

10) Una pareja de la Guardia Civil está compuesta por dos personas.

11) El tercer asiento es el suyo.

12) Dieciseis años de carcel sólo por robar un poquito.

13) Trece, mal número sí no crece.

14) Catorce resultados en la quiniela era lo que yo necesitaba.

15) El número quince es la niña bonita.

16) Con el número veintidós canté bingo.

17) Tienes cerca de cuarenta años y pareces un niño.

18) Ayer volví a ver la película «Alien, el octavo pasajero», pero en versión porno.

19) Hoy es el quincuagésimo aniversario de nuestro divorcio.

20) Te vi resolviendo estos veinte ejercicios.

Escribe con letra:

45.780	230.617	10.001
49	21	2.098
436	123.000	1.002.333
1º	1/2	3°
13º	1/4	24°
73°	1/24	98°
1.000º	5/8	1.000.001
Apartado 24	Capítulo III	Urbano XXI
Século XVIII	Distrito 7°	Disposición 39ª
118	36.809	777
1/3	1/7	2/40
17/30	Filipe II	

Traduce ao galego:

1) **Las madres cuyos hijos son árbitros son unas santas.**
2) **Sois vososotros quienes robáis la fruta de mi abuelo.**
3) **Nadie sabe de donde salió ese monigote.**
4) **Odio a tu hermana, la cual está enamorada de mi.**
5) **En cuanto muera mi tío de América seré rico.**
6) **No sé cual es el vestido apropiado para la ceremonia de esta noche.**
7) **Estás como siempre, eres insoportable.**
8) **Aún recuerdo el día en que te conocí.**
9) **Cuando vayas con ese profesor de gallego vigila sus manos y tu cartera.**
10) **No sé ni donde, ni como, ni cuando llegamos a esta situación tan absurda.**

Tema 9

INDEFINIDOS, EXCLAMATIVOS E INTERROGATIVOS

1. Os indefinidos

Os pronomes deste tipo agrupan unha serie de palabras que van expresar unha idea de imprecisión, que ben pode estar referida a conceptos numéricos ou sinxelamente con respecto á identidade dalgunha cousa ou ser vivo.

As funcións que van desempeñar na frase son moi variadas, ás veces aparecen como pronomes, como adxectivos, como substantivos ou mesmo como adverbios.

Non son homoxéneos á hora de efectuar sobre eles flexións de xénero ou número: algúns presentan formas invariables **(Alguén, Nada**...), outros só admiten as de xénero **(Ambos, Ambas**), outros as de número **(Tal, Tales)** e para rematar tamén os hai que admiten as dúas posibilidades **(Algún, Algunha, Algúns, Algunhas**).

1.1. Formas invariables

Algo	Nada	**Ren**	Alguén
Ninguén	**Cada**	**Calquera**	**Cadaquén**
Quenquera	**Máis**	**Demais**	

Deste grupo cómpre facer unhas poucas precisións.

Aínda que non son propiamente indefinidos, moi achegados a eles están os adverbios **ALGURES** (algún lugar) e **NINGURES** (ningún lugar).

QUENQUERA é a tradución do castelán *Quienquiera*, normalmente irá seguido do relativo QUE, así pois ollo, non debemos empregalo noutro contexto, xa que sería incorrecto:

Quienquiera que sea, pase. I Quenquera que sexa, pase.

Que pase quien quiera. I Que pase quen queira.

CADAQUÉN ten o valor de cada persoa, cada un.

CALQUERA a diferenza do castelán non admite forma apocopada, é un erro moi común ese emprego por imitación da lingua veciña (Calquer), como tamén o é o de hipergaleguizar o termo (**Calqueira**).

REN presenta unha significación semellante á de NADA, pero o seu emprego está máis restrinxido, xa que só pode aparecer cando fai función de obxecto directo.

*Non comprou **ren**/**nada**.*

*Hai que **dicir** de nada cando che dan as **grazas**.*

MENOS, MÁIS e DEMAIS cando funcionan como indefinidos deben ir precedidos de artigo.

1.2. Formas variables

1.2.1. Só flexión de xénero

Varios, Varias **Ambos, Ambas**

Entrambos, Entrambas

Como vedes son formas que están inmobilizadas en plural, Ambos e Entrambos, así como os seus respectivos femininos necesitan a presenza de artigo cando van seguidos de substantivo:

*Ambos hermanos están aquí. I Ambos os **irmáns** están aquí.*

1.2.2. Só flexión de número

Tal, Tales

1.2.3. Flexión de xénero e número

Algún	**Algúns**	**Algunha**	**Algunhas**
Ningún	**Ningúns**	**Ningunha**	**Ningunhas**
Todo	**Todos**	**Toda**	**Todas**
Outro	**Outros**	**Outra**	**Outras**
Certo	**Certos**	**Certa**	**Certas**
Moito	**Moitos**	**Moita**	**Moitas**
Pouco	**Poucos**	**Pouca**	**Poucas**
Mesmo	**Mesmos**	**Mesma**	**Mesmas**
Tanto	**Tantos**	**Tanta**	**Tantas**

Deste grupo cómpre salientar que:

NINGÚN e as súas flexións tense que empregar obrigatoriamente en construcións de carácter negativo, isto é unha diferenza con respecto ao castelán que adoita empregar a forma positiva (ALGUNO e flexións).

No tiene oportunidad alguna I Non ten ***oportunidade ningunha.***

MESMO, en masculino singular pode ter o significado adverbial de INCLUSO.

1.3. As contraccións

Polo que atinxe ao tema das contraccións é preciso ter moito coidado á hora de as empregar, é fonte de moitos erros na escrita, xa que cando pronunciamos temos a tendencia a facer algunhas que non se poden rexistrar por escrito. Estas son as correctas:

	Algún(s)	**Algunha(s)**	**Outro(s)**	**Outra(s)**
De	Dalgún(s)	Dalgunha(s)	Doutro(s)	Doutra(s)
En	Nalgún(s)	Nalgunha(s)	Noutro(s)	Noutra(s)

Así pois non son correctas as formas contractas destas preposicións con outros indefinidos tales como Algo ou Alguén.

Lembrade que xa no tema dos demostrativos vimos unha serie de contraccións que se dan entre estes e o indefinido Outro, e mesmo entre demostrativos, o indefinido Outro e as preposicións De e En.

2. Os interrogativos

As formas do pronome interrogativo coinciden coas do relativo no caso de **QUE. QUEN. CAL** e **CANTO:**

QUE pode ir só ou acompañar un substantivo:

*Que che pasou na **perna?***

*Que libro liches **onte?***

A expresión **O** QUE serve para manifestar sorpresa:

*Gañei o **campionato.** **O** que?*

QUEN, lembrade, sempre invariable, non vai nunca acompañado de substantivo:

*Quen **fixo** a comida?*

Cando fai función de suxeito, o verbo debe ir en singular: *Quen **fala** de **min?*** (descoñécese o suxeito e mesmo o seu número). Pero cando desempeña función de atributo pode ir en plural: *Quen son os que van xogar hoxe no Deportivo?* (pregúntase pola identidade de alguén ou algúns que coñecemos).

CAL, CALES como no caso de QUE pode ir só ou acompañando un substantivo.

CANTO e as súas flexións de xénero e número serven para preguntar por cantidades.

Xa para rematar, dicir que é moi habitual en galego encabezar a interrogación coa conxunción E, ou E LOGO:

*E por que **falas** tan baixo?*

E logo por que falas tan baixo?

OLLO! Xa vedes que os interrogativos en galego non levan acento gráfico, só hai uns poucos casos. Mirade o tema do acento.

Os exclamativos

As formas interrogativas pódense empregar con carácter admirativo nas frases exclamativas:

QUE, cando vai só reforza o concepto de intensidade ou cantidade:

Que parvo podes chegar a ser!

Que grande é a lingua galega!

Cando vai precedendo á preposición DE expresa unha cantidade grande:

*Que de paus levaches por non saber **falar**galego!*

Ten moito uso precedido de artigo:

*O que **fixo teu** filio!*

*A que se **armou!***

QUEN ten uso en frases que expresan desexo:

*Quen tivera tantos **cartos!***

CANTO e as súas flexións de xénero e número van ponderar sempre a cantidade:

*Canta mala uva nun corpo tan **pequeno!***

COMO tamén ten moito uso como exclamativo:

Como, non é posible!

Remato subliñando que a lingua galega emprega moitos máis xeitos de construir frases cun matiz exclamativo: **VAIA**, **VAIA** QUE, **MIRA QUE. UNHA DE. A DE:**

Vaia parella de porcos eses amigos teus!

Vaia que es simpático!

Mira que meter os dedos no enchufe!

Comín** unha de **vieiras!

*A de **tempo** que pasou dende **aquela!***

Reparade en que as frases construidas coa expresión UNHA DE adoitan levala despois do verbo, mentres as outras normalmente encabezan o enunciado.

- **Exercicios**

Traduce ao galego:

¿Por qué preguntas? No puedes tener duda alguna.

Quiero que cada uno cumpla con su cometido.

Esto debe ser de alguien.

En algunos casos es mejor seguir el ejemplo de otros.

Nunca oí hablar de tales libros.

No os creáis todo lo que os digan ciertas personas.

Algunos son verdaderos, pero esos otros no.

Cualquier tonto es capaz de resolver ese problema.

En pocos libros vi tantos dibujos.

¡De algo podrás jugar en otro equipo!

Mucha cantidad de agua es mala para la patata.

Eres tan raro que pareces de otro planeta.

Por poco dinero tendré algunas joyas.

Quienquiera que lea esto será destruido.

Los demás pueden salir.

Esto es de alguien, pero no puedo hacer nada.

Cualquier amigo tuyo es bien recibido.

En esta cárcel no hay forma alguna de escapar.

No todos eran hombres, estaban allí todas las mujeres del pueblo, que no eran muchas por cierto.

De algo sirvió que en alguna cafetera hubiera café.

En algo tienes razón, no hay película alguna que merezca la pena.

Lo hicieron entre ambos amigos.

Incluso algunos jugadores del Madrid reconocieron la superioridad del Deportivo.

Cualquier cosa que digas será utilizada en tu contra.

En otras circunstancias no me fiaría de nadie.

Traduce ao galego:

1) ¿Cuáles crees que son las adecuadas?
2) ¿Qué te dijo tu amiga?
3) ¡Quién lo iba a decir!
4) ¡Cómo es posible que estés dormido!
5) ¿Cuándo estarás callado?
6) ¿Dónde pusiste el cuadro de Velázquez?
7) ¿Quiénes se creen que son esos monigotes?
8) ¿Por qué no estudias gallego?
9) ¿Qué dices? ¡Todos tus amigos están locos!
10) ¿Cuáles compraron, estos o aquellos otros?
11) Dime ¿Qué quieres?
12) ¿Hacía tanto frío como para quedarse en casa?
13) ¡Lo que hay que ver!
14) ¡Cuánto tonto en poco espacio!
15) ¿Cuánto tiempo tengo que esperar para que alguien me releve?

Traduce ao castelán:

1) Vaia comida puxo a túa sogra!
2) Que non comes lentellas? Quen che dera!
3) Cantos pratos rompiches onte?
4) Calquera pode facer iso!
5) Cantas plantas tes na horta?
6) Que o leve quen queira!
7) Quenquera que fose non estará tranquilo.
8) Sempre sodes os mesmos os que facedes o parvo na clase!
9) De onde vés a estas horas?
10) Onde se metería o Xurxo?
11) Quen son eles para dicir iso do meu irmán?
12) De tales persoas tales feitos!

13) Non dixen ren, xa o sabían eles!

14) Por algures aínda chove menos ca en Andalucía.

15) En ningures atoparás mellor xente ca en Galicia!

16) Mesmo pensei que estaba tolo!

17) A vosa enfermidade non ten solución ningunha.

18) Canto falas para non dicir ren!

19) Non es quen de resolver estes exercicios correctamente.

20) Demo, si que es!

PREPOSICIÓNS E CONXUNCIÓNS

1. Preposicións

A preposición é unha palabra que non presenta flexión de xénero nin de número e que pode servir de nexo entre dous elementos. Hai dous tipos de preposicións: as mínimas (unha soa palabra) e as locucións prepositivas (substantivos ou adverbios seguidos dunha preposición simple). Tanto unhas coma outras teñen o mesmo valor.

1.1. Formas mínimas

A

Significa dirección ou termo de movemento cando vai ante substantivos que indican unha localización espacial ou temporal.

*Van a **Carballo**./ Atúa **irmá** non chega até **mañá**.*

Con valor de termo de movemento a preposición **A** pode ser substituida por **PARA** e **EN,** se ben estas dúas engaden unha idea de permanencia ou repouso no lugar da acción.

Van para clase. I Van na casa. I Van á clase.

Con valor de dirección pode ser substituida por **CARA A** e **CONTRA:**

***Imos** cara a Santiago. I **Imos** contra Santiago.*

AGAS

Ten valor de exclusión, equivalendo a **SALVO, TIRANTE, EXCEPTO**...:

Foron todos agás el.

ANTE

Significa anterioridade na localización espacial, ou tamén con sentido abstracto, con respecto a un límite, que está sinalado pola palabra rexida:

*Presentouse ante **min.*** *Ante esa **posibilidade** non sei que dicir.*

Concorre con PERANTE aínda que esta ten un significado máis restrinxido «en presenza de»:

*Os testamentos léronse **perante** o **xuíz.***

APÓS

Relaciona por subordinación e nos sitúa no tempo e no espazo:

*Após unha breve **pausa, continuou** coa súa clase de galego*

Estudamos todas e todos após o aprobado de galego

*Após parou o tren, subimos na procura dos **nosos asentos***

ATA, ATÉ

Significa termo ou fin dun proceso ou desprazamento, cando vai con expresións de tempo sinala o remate da acción que marca o verbo:

***Comeu** ata rebentar.* ***Foron** até a praia.*

ATA pode ser intercambiado con A e **DEICA** en moitos contextos, pero tende en conta que DEICA ten un significado restrinxido «de aquí (este tempo, este lugar) ata».

BAIXO

Ten o significado de inferioridade con respecto a un límite.

En sentido concreto concorre coas locucións prepositivas BAIXO DE e DEBAIXO **DE**. Co mesmo significado de BAIXO existe a preposición SO:

A túa carteira estaba baixo/debaixo de/so a mesa.

CANDA

Indica simultaneidade na acción, tamén se emprega para indicar compañía:

*Rematamos canda **vós.** (Ao mesmo tempo)*

*Se queres **senta** canda min. (Comigo)*

CON

Adoita empregarse con significado de compañía ou instrumento. Pode substituir a CONTRA e CANDA en certos casos:

*Cravei o cravo **cun martelo.***

*Pelexamos con/contra **meu pai.***

CONFORME

Ten o mesmo significado que SEGUNDO e CONSONTE e significa «de acordo con»:

*Constrúo a **cociña conforme/consonte/segundo** o teu deseño.*

CONTRA

Indica enfrontamento ou oposición. Pode ter tamén valor aproximativo no espazo ou no tempo:

*Estades todos contra **min.***

*A **sua** casa está contra Arteixo.*

Ten moitas aplicacións xa que se usa para indicar a procedencia, alternando con DESDE, posesión, materia...:

***Veño** de Santiago.*

Ese libro é de María.

*Teño **unha** mesa de **mármore.***

Co posesivo masculino forma construcións que significan propiedade exclusiva ou carácter inherente (ver tema de posesivo):

*Temos coche de **noso.***

É fermosa de seu.

DEICA

Como xa vimos ten o mesmo valor que ATA/ATÉ nalgúns contextos. Significa «de aquí a», «desde este momento ata», «desde este lugar até»:

- *Ese non chega deica o estanco sen caer.*

DENDE, DESDE

Marcan o punto inicial dun proceso ou acción no espazo ou no tempo:

*Estades tolos **dende/desde hai** xa anos.*

DURANTE

Serve para indicar simultaneidade ou sinalar o tempo de duración da acción verbal (Ollo non confundir con **perante**):

***Perdoa,** pero **estiven durmindo** durante o teu discurso.*

*Estivo **alí** durante **catro** días.*

EN

Como no caso de DE ten gran cantidade de usos, o máis común é o de sinalar localización espacial ou temporal. Con xerundio forma perífrases verbais con valor temporal e perfectivo:

***Penso** en ti en todos os sitios no día do aniversario.*

*En **comendo empezo** a **ler** a túa novela.*

ENTRE

Indica localización espacial, temporal ou de concepto con respecto a dous ou máis puntos de referencia:

*Entre **hoxe** e **mañá rematarei** o libro.*

***Dubido** entre votar aos comunistas ou aos ecoloxistas.*

*Veranea **nun** lugar que está entre Toledo e Madrid.*

Tamén se emprega co significado de participación:

Entre catro é doado facer iso.

Pode significar reciprocidade, sobre todo cos pronomes persoais:

*Supoño que entre **elas** se entenderán.*

EXCEPTO

Ten o mesmo valor que AGÁS ou BARDANTE.

MALIA

Ten un valor concesivo, equivale a «a pesar de»:

Malia os teus esforzos non aprendiches galego.

MEDIANTE

Vai indicar o instrumento que participa na acción:

Conseguiches o emprego mediante os subornos.

MENOS

Indica exclusión é o mesmo caso de **AGÁS** e as outras preposición que xa vimos.

ONDA

Indica lugar en repouso «no mesmo sitio ca» e concorre coas locucións prepositivas **Á BEIRA DE, AO LADO DE , A CARÓN DE:**

Tiñas unha casa onda o río.

PARA

Emprégase para indicar dirección ou aproximación espacial ou temporal, cando vai co verbo IR expresa o tempo transcorrido e con pronome persoal punto de vista ou opinión:

Para mañá quero ese traballo rematado.

Van para dez anos sen ler nada de nada.

Para min que ese está un pouco despistado.

Alterna con **DENTRO DE** para indicar tempo no futuro:

Estarei listo para o ano que vén.

Tamén pode indicar finalidade ou interese:

Comprei un bolígrafo para poder escribir.

PERANTE

Equivale a **ANTE,** mais, como xa indicamos, cun significado máis restrinxido.

POR

Indica unha localización espacial ou temporal máis ou menos precisa, tamén ten uso alternando con **EN** e **DE** para sinalar o lugar sobre o que se desenvolve a acción:

*Estarei pola **cidade.***

***Chegaremos** por agosto.*

Fun** pola **estrada** da **Coruña.

QUITADO

E tamén **QUITANDO, SACADO, SALVADO, SALVANTE, SALVO, TIRANTE** coinciden en usos e valores con **AGÁS** e as outras preposicións xa comentadas.

SEGUNDO

Coincide con **CONFORME**.

SEN

Indica privación ou carencia, usándose tamén como negación da forma verbal que o segue:

Estou sen un can.

*Pasa sen comer **un** día a ver se **melloras.***

SINTE

Indica inclusión ou adición.

SO

Véxase **BAIXO**.

SOBRE

Indica localización de superioridade, en sentido físico concorre con ENCOL pero só neste caso, por extensión emprégase con sentido abstracto ante substantivos que expresan o elemento que recibe a acción verbal; tamén pode ter valor aproximativo:

*Teño os libros **sobre/encol** da mesa.*

***Onte falaron** sobre o medio ambiente.*

*Sobre dez millóns **custa** o coche do teu **curmán.***

TRAS

Indica unha localización no espazo ou no tempo de posterioridade respecto dun referente que vai despois desta preposición:

*Estou tras unha porta para que non me **vexan.***

XUNTA

Serve para indicar proximidade, o seu valor é moi semellante ao de ONDA:

Xuntanós** non senta ese **madridista.

1.2. Locucións prepositivas

Hai moitas:

- **Á beira de, beira de,** ao **lado de, a par de, de par de, ao par de, pé de, ao pé de, cabe de, cabo de, xunta de, xunto a, xunto de...** Indican proximidade.
- **A carón de, a rentes de, a rente de, a son de, a ras de.** Teñen o mesmo valor e diferenzas de matiz.
- **A forza de, a poder de, a por de.** Indican causa cun valor enfático de reiteración na acción.
- **Antes de.** Prioridade na localización espacial ou temporal.
- **A non ser de, de non ser de, non sendo, agás de, fóra de.** Indican exclusión.
- **A prol de, en prol de** equivalen a **a favor de** ou **en favor de.**
- **A respecto de** equivale a **en relación a.**
- **A través de.** Alterna con **por** nalgúns contextos.
- **Acerca de, en canto a, respecto a, respecto de, tocante a, verbo de.** Significan «en relación con»
- **Ademais de, á parte de.** Equivalen a **Sinte.**
- **Alén de** equivale a **máis alá de.**
- **Aquén de** equivale a **antes que, menos que.**
- **Canto a** equivale a **no lugar de.**
- **Cara a.** Dirección ou orientación no espazo, ou valor aproximativo no espazo ou no tempo.

Cerca de, preto de. Significan proximidade.

Cima de, encima de, enriba de, por riba de. Localización espacial de superioridade.

Co gallo de, por norte de, co adaxo de. «Con ocasión ou motivo de», «co pretexto de».

De resultas de. «Como consecuencia de».

Diante de equivale a Ante.

Encol de. Significa localización espacial de superioridade, non se pode empregar en sentido abstracto, debendo substituírse nestes casos por acerca de, sobre, verbo de...

En vez de, en troques de, no canto de, en lugar de. Significan substitución.

Por causa de, por cousa de, por culpa de, por mor de. Indican causa ou motivo.

1,3. Contraccións das preposicións

Non todas as preposicións, pero si algunhas de moito uso presentan na escrita unha forma contracta cando van seguidas de determinadas palabras, aínda que xa vimos algúns casos en temas precedentes convén lembrar estas formas:

1.31. Preposicións e artigos

	O/ *Os*	**Lo/ Los**	**A/ As**	**La/ Las**	**Un/ Uns**	**Unha/ Unhas**
	ao / ó aos / os		á ás			
De	**do** **dos**		da das		dun duns	dunha dunhas
En	**no** **nos**		na nas		nun nuns	nunha nunhas
Con	co cos		coa coas		cun cuns	cunha cunhas
Por		polo polos		pola polas		

1.3.2. Preposicións e indefinidos

	Algún / s	Algunha / s	Outro / s	Outra /
De	dalgún dalgúns	dalgunha dalgunhas	doutro doutros	doutra doutras
En	nalgún nalgúns	nalgunha nalgunhas	noutro noutros	noutra noutras

.3.3. Preposicións e demostrativos

	Este / s	Esta / s	Ese / s	Esa / s
De	deste destes	desta destas	dese deses	desa desas
En	neste nestes	nesta nestas	nese neses	nesa nesas

	Aquel / es	Aquela / s
De	daquel daqueles	daquela daquelas
En	naquel naqueles	naquela naquelas

	Isto	Iso	Aquilo
De	disto	diso	daquilo
En	nisto	niso	naquilo

1.3.4. Preposicións, demostrativos e indefinidos

	Estoutro/ Estoutros	Estoutra/ Estoutras	Esoutro/ Esoutros	Esoutra/ Esoutras	Aqueloutro/ Aqueloutros	Aqueloutra/ Aqueloutras
De	destoutro destoutros	destoutra destoutras	desoutro desoutros	desoutra desoutras	daqueloutro daqueloutros	daqueloutra daqueloutras
En	nestoutro nestoutros	nestoutra nestoutras	nesoutro nesoutros	nesoutra nesoutras	naqueloutro naqueloutros	naqueloutra naqueloutras

1.3.5. Preposicións e pronomes persoais

	El	Eles	Ela	Elas
De	del	deles	dela	delas
En	nel	neles	nela	nelas

2. As conxuncións e locucións conxuntivas

Hai vai unha escolma das que teñen máis emprego no noso idioma.

Copulativas

a mais	e mais	nin
e	mais	

Disxuntivas e distributivas

ben...ben	ou	volta...volta
cal...cal	ou...ou	xa...xa
nin...nin	(que)...que	
ora...ora	quer...quer	

Adversativas

a menos que	emporiso	ora ben
aga que	en troques	ora que
agás que	excepto que	pero
agora ben	fóra de que	porén
agora que	inda que	por iso
aínda que	mais	quitado que, quitando que
así e todo	menos que	sacado que, sacando que
bardante que	mentres (que)	senón
con todo	no entanto	senón que
e iso que	non obstante	só que

Concesivas

a pesar de que	inda que	nin que
a pouco que	máis que	por (+ adx.) que
aínda que	mal que	por máis que
así	malia que	por moito que
ben que	mesmo que	por pouco que

Condicionais

a menos que
a nada que
a non ser que
a non ser se
a pouco que
aga que
aga se
agás que
agás se
bardante que
cando
caso de que
catar se
con que
con tal de que
con tal que
de non ser que
de non ser se
en caso de que
excepto que
excepto se
onda non
quitado que
quitado se
quitando que
quitando se
sacado que
sacado se
sacando que
sacando se
salvo que
salvo se
se
sempre que
senón que

Causais

como
como queira que
dado que
pois
pois que
por causa de que
por cousa de que
por culpa de que
por mor de que
porque
posto que
que
visto que
xa que

Finais

a fin de que
a que
en favor de que
para que
porque
que

Temporais

antes de que
antes que
ao que / ó que
apenas
asemade
así que
ata que
até que
axiña que
cada vez que
cando
cando queira que
decontado que
deica que
dende que
des que
desde que
deseguida que
despois de que
despois que
en canto
en tanto
entre tanto
entrementres
inda ben non
logo que
mal
mentres
mentres tanto
namentres
non ben
(por) en canto
sempre que
tan presto
tan pronto

Modais

(así) como	consonte	segundo
ben como	de forma que	sen que
coma se	de maneira que	(tal) cal
como queira que	de modo que	(tal) como
como se	de xeito que	tal e como
conforme	mal como	

Consecutivas

(así) pois	de maneira que	por conseguinte
(así) que	de modo que	por tanto
conque	de xeito que	tan(to)... que
daquela	entón	xa que logo
de aí que	logo	
de forma que	polo tanto	

De lugar (ou locativas)

onde	onde queira que

Comparativas

ca	como
coma	que

Completivas

que	se

OLLO! Elimínanse definitivamente ***arique, entonces, nembargantes*** e ***sen embargo.***

Erros habituais no emprego das preposicións

Están moi asentados na nosa lingua unha serie de barbarismos que afectan ao uso da preposición A; así aparecen construcións incorrectas como **ola a presión, barco a vapor, motor a gasolina, televisión** a **color, distinto a...** no canto das que serían correctas: **ola de presión, barco de vapor, motor de gasolina,** e **televisión en/de cor, distinto de.**

Tamén é un erro empregar A **+ infinitivo** como complemento dun verbo, é un galicismo. Por exemplo:

Correcto	**Incorrecto**
Nada que destacar	*Nada a destacar*
Problema por resolver	*Problema a resolver*
***Encontro** que se vai disputar*	*Encontro a disputar*
***Instrucións** que se deben seguir*	*Instrucións a seguir*
Propostas que se deben discutir	*Propostas a discutir*

Con certas perífrases o uso de A é incorrecto, por exemplo con **Ir + infinitivo**:

Correcto	**Incorrecto**
Fun cazar coellos	*Fun a cazar coellos*
*Que vaian tocar a outro **sitio!***	*Que vaian a tocar a outro sitio!*

Coa perífrase **Volver + infinitivo** o uso de A é optativo, aínda que é máis normal non empregala:

*Volveron errar no **mesmo** / Volveron a errar no **mesmo**.*

Con complemento directo de persoa adoita empregarse cos nomes propios pero non cos comúns:

Correcto	**Incorrecto**
Achastes un compañeiro	*Achastes a un compañeiro*
Achastes a Pepe	*Achastes Pepe*

Ás veces tamén se dan incorreccións no uso doutras preposicións:

Atentar a	no canto de	*Atentar contra*
En relación a	no canto de	*En relación con*
En base a	no canto de	***Baseándose** en*

Con respecto á preposición **DE**, os erros prodúcense por exceso ou por defecto, é dicir, por «dequeísmo» (emprego da preposición DE ante **QUE**), tras verbos de lingua ou pensamento (falar, pensar, dicir, opinar...) ou por supresión da preposición diante de **QUE** (estar seguro que, informar que, ter esperanza que...).

• Exercicios

Traduce ao galego:

No estoy dispuesto a llegar hasta allí.

De aquí a casa de tus padres hay varios kilómetros.

Ayer salieron hacia Orense y aún no llegaron.

Nuestra causa es la de la lucha contra las injusticias.

Tienes una cabeza muy bonita pero sin nada dentro.

Tengo sobre la mesa un discurso sobre los peces de colores.

Esto no es para mi, así que hasta mañana.

Desde ayer no soy capaz de escribir dos líneas.

Bajo mis pies está mí país.

No me atrevo a decir lo mismo ante ella.

De alguien tiene que ser este perro.

En aquellas tiendas hay desde telas hasta cuchillos de cocina.

Ante todo no perdáis la calma.

Excepto vosotras todo el mundo se divirtió en la playa.

A pesar de sus protestas se lo llevaron detenido.

De estas no tengo quejas, sin embargo de esas otras si.

Me compraron una gaita entre los vecinos de mi edificio, con la condición de que la toque a más de quinientos metros.

¡Hasta aquí podíamos llegar!

Supongo que la reunión empezará a las cuatro de la tarde.

Intenta verlo desde mi punto de vista.

Por causas ajenas al autor estos ejercicios son fáciles para los alumnos.

Tienes el traje colgado tras la puerta del armario.

No pensaba estar con la hermana de Pepe todo el día.

Fueron hasta la farmacia para comprar aspirinas.

Sobre cuarenta años calculo que harán falta para que me perdonen.

Traduce ao castelán:

A por de estudar conseguiron obter o título.

Teño que erguer a voz en prol de María.

No canto de Xaquín vai xogar Francisco.

Fomos deica Santiago co gallo do Ano Santo.

Tes o almorzo encol da mesa.

Xa é hora de que falemos verbo dos teus estraños costumes.

Segundo o teu tío declarar perante o xuíz foi unha desagradable experiencia.

Acadamos unha gran Vitoria malia a actuación arbitral.

So este teito vivín durante moito tempo.

Axiña que remate estou contigo, mentres ten paciencia.

Estades preparados, no entanto coido que non vos debedes confiar.

Por norte de ir á clase tiven que deixar a cama sen facer.

En troques de estudar pasades o día na rúa.

Deixou este mundo por mor do tabaco, o alcol e as mulleres.

Consonte as regras do noso instituto seredes expulsados.

Deixaches o acendedor cima dun moble.

Sempre tes que quedar por enriba miña.

Aprobaron todos, tirante os que non sabían falar galego.

O balón lanzado polo dianteiro saíu a rentes do pao longueiro.

Viñeron xunta nós para falar mal da túa curmá.

Á beira da miña casa hai dous garaxes.

Desde aquela estou tolo polos seus olios.

Convencéronnos mediante enganos e mentiras.

Botan foguetes co adaxo das festas patronais.

Desoutro rapaz non debes agardar cousas boas.

Esa bicicleta que está tras a parede é dela.

Nin ti nin el podedes crer todo o que vos digan de min.

Estes exercicios ídelos facer decontado.

Estou moi enfadado, de xeito que quitando Xoana xa non aturo a ninguén.

Corrixe os erros no emprego das preposicións nas seguintes frases:

1) Estabamos mortos de frío incluso a carón da estufa a butano.
2) Estou segura que as cuestións a debater son moi interesantes.
3) En base ás pistas que teño dubido que poida ir cear hoxe.
4) Aquelas mulleres opinan de que se deben facer mellor as cousas.
5) Sempre queda a esperanza que o partido a celebrar mañá se teña que pospor.
6) Atopei unha gata na porta da miña casa, e en relación a ese tema non vou a dicir nada máis.
7) Déronse conta que as cociñas a gas son máis baratas alí.
8) Maruxa estaba convencida de que Alberte mercara unha televisión a cor.
9) Vai a rañar o bandullo! Eses costumes teus atentan ao bo gusto!
10) Para manexar un barco de vapor coido de que hai que ser moi mariñeiro.

Tema 11

O VERBO

O verbo é a parte máis importante da frase, é tamén a palabra que vai sufrir máis variacións, xa que expresa modo, tempo, voz e o número e mais persoa do suxeito.

Está constituído por diferentes partes:

Unha **raíz** ou lexema, a parte menos variable, sobre todo nos verbos regulares.

Unha **vocal temática** que serve para clasificar os verbos en tres conxugacións, A para a primeira, E para a segunda, **I** para a terceira (en galego poderíase falar dunha cuarta conxugación ao existir o verbo POR e os seus derivados, no entanto este grupo está incluído na segunda conxugación por razóns etimolóxicas).

Unha **desinencia modotemporal** que como o seu nome indica o modo (indicativo, subxuntivo...) e o tempo (presente, pretérito, futuro...).

E por fin un **morfema de número e persoa** que sinala o emisor, o receptor ou un alleo a ambos, e tamén se se trata dun só individuo ou máis.

Raíz	Vogal temática	Desinencia modotemporal	Desinencia número/persoa
Salt	a	ba	mos

O verbo pode comulgarse en **voz activa** ou **pasiva**. A primeira indica que o suxeito realiza a acción verbal, na segunda recibe os efectos desa acción:

*Ela **escoita.** (activa)* • ***Ela** é **escoitada.** (pasiva)*

A voz pasiva está composta polo verbo SER precedendo ao participio do verbo que se está a conxugar; ten un uso practicamente único na escrita.

Os verbos clasifícanse segundo a súa forma en: **regulares**, que teñen unha conxugación que sempre segue uns patróns determinados, e **irregulares** que non se axustan aos mesmos patróns dos anteriores, e que presentan, xa que logo, unha serie de irregularidades que afectan sobre todo á súa raíz ou vogal temática e en moita menor medida aos outros morfemas xa sinalados.

Non son moitos os verbos irregulares, pero si de emprego cotián e, polo tanto, moi importantes. Veremos os paradigmas tanto dos regulares como dos irregulares máis adiante.

Os verbos presentan dúas formas: **as infinitas** e **as finitas**.

1. As formas infinitas

Coñecidas tamén como **nominais** son o **infinitivo** (impersoal ou persoal), **o xerundio** e **o participio**. Diferéncianse das formas finitas basicamente por:

- Non van expresar nin o modo nin o tempo. Na maior parte dos casos tampouco poden por si mesmas constituir o núcleo dunha cláusula independente, si porén en cláusulas subordinadas.
- Polo seu significado e as súas funcións sintácticas, o infinitivo (non conxugado ou impersoal) está moi preto dos valores do substantivo, de feito tamén é coñecido como **substantivo verbal,** o participio do adxectivo e o xerundio ao adverbio.

1.1. O infinitivo

Ten dúas formas, unha invariable e impersoal e outra conxugada e persoal. Esta última é unha forma infinita constituida polo infinitivo invariable mais o morfema de número-persoa.

É un tempo verbal característico das linguas galega e portuguesa. Aínda que o seu emprego é considerado voluntario pola normativa, a forma flexionada do infinitivo debe ser ponderada na escrita dada a súa peculiaridade no conxunto da Romania e o seu alto grao expresivo e mais estilístico. Mais non pode aparecer en todos os contextos, reducíndose aos que a seguir expomos.

Cando o infinitivo aparece antes do seu verbo principal, existe unha forte tendencia a conxugalo.

Estas son as regras para o emprego desta forma do infinitivo:

1.1.1. Uso do infinitivo conxugado

Formas		
saltar	beber	partir
saltares	beberes	partires
saltar	beber	partir
saltarmos	bebermos	partirmos
saltardes	beberdes	partirdes
saltaren	beberen	partiren

Pode aparecer (lembrade non é nunca obrigatorio, mais si debe ser ponderado):

a) Cando o infinitivo posúe un suxeito expreso claramente diferente ao do verbo principal.

*Chamáronte ao non **chegaren** os teus amigos.*

b) Cando o suxeito, sendo distinto ao do verbo principal, non está expreso e convén marcalo para evitar ambigüidade, ocorre sobre todo con verbos unipersoais:

***Convén subirmos** á casa para cear.*

c) Cando, aínda tendo o mesmo suxeito có verbo principal e indo posposto a el, vai a unha distancia suficiente para non deixar claro cal é o seu suxeito:

*Quedamos **durmidos,** e sen poder ir ao **traballo,***
*ao non **oirmos** o **espertador.***

d) Cando, aínda tendo o mesmo suxeito có verbo principal, aparece antes ca el, sobre todo se a cláusula do infinitivo vai introducida por unha preposición:

*Por facerdes todos os **exercicios** teredes un premio.*

e) Cando o emprego da terceira persoa do plural indica que o suxeito non é determinado:

*Non **consentiu** prenderen aos fugados.*

Nos demais casos é de regra o emprego da forma impersoal do infinitivo.

1.2. O xerundio

A función fundamental e máis cotiá do xerundio é a de modificar ao verbo como o faría un adverbio (complemento circunstancial), aínda que tamén aparece formando parte dunha perífrase verbal como verbo auxiliar:

Foi correndo até xunta miña. (Circunstancial de modo)

Hoxe está nevando. (Verbo auxiliar)

A construción «a + infinitivo» equivale a un xerundio, e recibe o nome de infinitivo xerundial e ten bastante uso en galego:

Pasa horas e horas a cantar/cantando.

Desmentindo en certa forma o seu carácter de forma invariable admite un sufixo diminutivo para dotar de maior expresividade á frase:

*Vai correndiño que temos **présa.***

1.3. O participio

A súa función máis común é a de adxectivo atributivo, con carácter verbal case nulo, este manifféstase case exclusivamente na pasiva en oracións nas que constitúe núcleo oracional:

Estou desfeito. (Adxectivo)

*Teño feito **moita** ximnasia.*

Acentuando ese carácter adxectivo mesmo cando forma parte dunha perífrase, pode concordar en xénero e número co obxecto directo:

*Levo vendido **moitos** libros. I Levo vendidos **moitos** libros.*

Os participios regulares fórmanse engadindo o morfema **-ADO** ao radical dos verbos da primeira conxugación e **-IDO** ao dos da segunda e terceira. Como xa quedou dito con valor adxectivo permite as flexión de xénero e número **-ADO(S), -ADA(S), -IDO(S), -IDA(S).**

Moitos verbos irregulares forman tamén irregularmente o seu participio:

Dicir	**Dito**
Facer	**Feito**
Poñer/Pór	**Posto**
Ver	**Visto**
Cubrir	**Cuberto**
Supoñer	**Suposto**

Outros que son regulares presentan un só participio e irregular:

Abrir	**Aberto**
Describir	**Descrito**
Escribir	**Escrito**
Morrer	**Morto**

Moitos verbos teñen unha dobre forma para o participio: unha regular, que se emprega en función verbal (nas perífrases, na pasiva), e outra irregular que funciona sempre como adxectivo.

Infinitivo	**Participio regular**	**Participio irregular**
Absolver	Absolvido	Absolto
Acender	Acendido	Aceso
Bendicir	Bendicido	Bendito
Clamar	Clamado	Calmo
Cansar	Cansado	Canso

Infinitivo	Participio regular	Participio irregul;
Coller	Collido	Colleito
Comer	Comido	Comesto
Chocar	Chocado	Choco
Describir	Describido	Descrito
Distinguir	Distinguido	Distinto
Envolver	Envolvido	Envolto/Envolveito
Enxugar	Enxugado	Enxoito
Erguer	Erguido	Ergueito
Espertar	Espertado	Esperto
Fixar	Fixado	Fixo
Fartar	Fartado	Farto
Gastar	Gastado	Gasto
Limpar	Limpado	Limpo
Maldicir	Maldicido	Maldito
Nacer	Nacido	Nado
Pagar	Pagado	Pago
Pechar	Pechado	Pecho
Prender	Prendido	Preso
Quentar	Quentado	Quente
Resolver	Resolvido	Resolto
Salvar	Salvado	Salvo
Torcer	Torcido	Torto

As formas finitas

Son aquelas que se van conxugar para que as diferentes formas resultantes indiquen a perspectiva desde a cal se efectúa a acción, sinalando o tempo, o modo c a persoa en que se desenvolve esta.

Como xa dixen antes, hai dous tipos de verbos segundo a súa forma, os regulares e os irregulares. Poden pertenecí" a calquera das tres conxugacións. Botémoslle unha ollada aos paradigmas de ambos os dous:

2.1. Verbos regulares

2.1.1. Primeira gación [-AR]

INDICATIVO

Presente	Copretérito	Pretérito
Salto	Saltaba	Saltei
Saltas	Saltabas	Saltache(s)*
Salta	Saltaba	Saltou
Saltamos	Saltabamos	Saltamos
Saltades	Saltabades	Saltastes
Saltan	Saltaban	Saltaron

Antepretérito	Futuro	Pospretérito
Saltara	Saltarei	Saltaría
Saltaras	Saltarás	Saltarías
Saltara	Saltará	Saltaría
Saltaramos	Saltaremos	Saltariamos
Saltarades	Saltaredes	Saltariades
Saltaran	Saltarán	Saltarían

SUBXUNTIVO

Presente	Pretérito	Futuro
Salte	Saltase	Saltar
Saltes	Saltases	Saltares
Salte	Saltase	Saltar
Saltemos	Saltásemos	Saltarmos
Saltedes	Saltásedes	Saltardes
Salten	Saltasen	Saltaren

IMPERATIVO

Salta (ti)
Saltade (vós)

FORMAS NOMINAIS

Infinitivo conxugado

Saltar
Saltares
Saltar
Saltarmos
Saltardes
Saltaren

Infinitivo

Saltar

Xerundio

Saltando

Participio

Saltado

* Pode empregarse ou non o -s final na desinencia de 2ª persoa de pretérito.

2.1.2. Segunda conxugación [-ER]

INDICATIVO

Presente	Copretérito	Pretérito
Como	Comía	Comín
Comes	Comías	Comiche(s)
Come	Comía	Comeu
Comemos	Comiamos	Comemos
Comedes	Comiades	Comestes
Comen	Comían	Comeron

Antepretérito	Futuro	Pospretérito
Comera	Comerei	Comería
Comeras	Comerás	Comerías
Comera	Comerá	Comería
Comeramos	Comeremos	Comeriamos
Comerades	Comeredes	Comeriades
Comeran	Comerán	Comerían

SUBXUNTIVO

Presente	Pretérito	Futuro
Coma	Comese	Comer
Comas	Corrieses	Comeres
Coma	Comese	Comer
Comamos	Comésemos	Comermos
Comades	Comésedes	Comerdes
Coman	Comesen	Comeren

IMPERATIVO

Come (ti)
Comede (vós)

FORMAS NOMINAIS

Infinitivo conxugado

Comer
Comeres
Comer
Comermos
Comerdes
Comeren

Infinitivo
Comer

Xerundio
Comendo

Participio
Comido*

* Neste caso concreto o verbo ten dobre participio, cousa que ocorre con algúns verbos, o participio irregular é **Comesto**.

Na segunda persoa dos perfectos desta segunda conxugación a vocal tónica é **I:** *Colliches, bebiches* e non Colleches, bebeches.

2.1.3. Terceira conxugación [-IR]

INDICATIVO

Presente	Copretérito	Pretérito
Parto	Partía	Partín
Partes	Partías	Partiche(s)
Parte	Partía	Partiu
Partimos	Partiamos	Partimos
Partides	Partiades	Partistes
Parten	Partían	Partiron
Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**
Partira	Partirei	Partiría
Partiras	Partirás	Partirías
Partira	Partirá	Partiría
Partiramos	Partiremos	Partiriamos
Partirades	Partiredes	Partiriades
Partiran	Partirán	Partirían

SUBXUNTIVO

Presente	Pretérito	Futuro
Parta	Partise	Partir
Partas	Partises	Partires
Parta	Partise	Partir
Partamos	Partísemos	Partirmos
Partades	Partísedes	Partirdes
Partan	Partisen	Partiren

IMPERATIVO

Parte (ti)
Partide (vós)

FORMAS NOMINAIS

Infinitivo conxugado

Partir
Partires
Partir
Partirmos
Partirdes
Partiren

Infinitivo

Partir

Xerundio

Partindo

Participio

Partido

Como vedes, as formas do futuro de subxuntivo coinciden nos verbos regulares coas do infinitivo conxugado. Pola súa banda, o futuro de subxuntivo é unha forma de moi pouco emprego no galego oral, aínda que ten pervivencia na lingua escrita en linguaxes moi concretas (xurídica, administrativa...). Tende en conta tamén que as desinencias de terceira persoa no pretérito será ETJ para os verbos da segunda conxugación e IU para os da terceira: ***Rompeu. Fritiu.***

2.2. Verbos irregulares máis usados

INDICATIVO

	CABER	CAER	DAR	DICIR	ESTAR	FACEP
P e c	Caibo	Caio	Dou	Digo	Estou	Fago
	Cabes	Caes	Dás	Dis	Estás	Fas
	Cabe	Cae	Dá	Di	Está	Fai
	Cabemos	Caemos	Damos	Dicimos	Estamos	Facemos
	Cabedes	Caedes	Dades	Dicides	Estades	Facedes
	Caben	Caen	Dan	Din	Están	Fan
Cp	Cabía	Caía	Daba	Dicía	Estaba	Facía
	Cabías	Caías	Dabas	Dicías	Estabas	Facías
	Cabía	Caía	Daba	Dicía	Estaba	Facía
	Cabiamos	Caíamos	Dabamos	Diciamos	Estabamos	Faciamos
	Cabiades	Caïades	Dabades	Diciades	Estabades	Faciades
	Cabían	Caían	Daban	Dicían	Estaban	Facían
P	Couben	Caín	Dei	Dixen	Estiven	Fixen
	Coubeche(s)	Caíche(s)	Deche(s)	Dixeche(s)	Estiveche(s)	Fixeche(s)
	Coubo	Caeu	Deu	Dixo	Estivo	Fixo
	Coubemos	Caemos	Demos	Dixemos	Estivemos	Fixemos
	Coubestes	Caestes	Destes	Dixestes	Estivestes	Fixestes
	Couberon	Caeron	Deron	Dixeron	Estiveron	Fixeron
c	Coubera	Caera	Dera	Dixera	Estivera	Fixera
	Couberas	Caeras	Deras	Dixeras	Estiveras	Fixeras
	Coubera	Caera	Dera	Dixera	Estivera	Fixera
	Couberamos	Caeramos	Deramos	Dixeramos	Estiveramos	Fixeramos
	Couberades	Caerades	Derades	Dixerades	Estiverades	Fixerades
	Couberan	Caeran	Deran	Dixeran	Estiveran	Fixeran
3 ro	Caberei	Caerei	Darei	Direi	Estarei	Farei
	Caberás	Caerás	Darás	Dirás	Estarás	Farás
	Caberá	Caerá	Dará	Dirá	Estará	Fará
	Caberemos	Caeremos	Daremos	Diremos	Estaremos	Faremos
	Caberedes	Caeredes	Daredes	Diredes	Estaredes	Faredes
	Caberán	Caerán	Darán	Dirán	Estarán	Farán
Po pret r	Cabería	Caería	Daría	Diría	Estaría	Faría
	Caberías	Caerías	Darías	Dirías	Estarías	Farías
	Cabería	Caería	Daría	Diría	Estaría	Faría
	Caberiamos	Caeriamos	Dariamos	Diriamos	Estariamos	Fariamos
	Caberiades	Caeriades	Dariades	Dinades	Estariades	Fariades
	Caberían	Caerían	Darían	Dirían	Estarían	Farían

SUBXUNTIVO

CABER	CAER	DAR	DICIR	ESTAR	FACER
Caiba	Caia	Dea	Diga	Estea	Faga
Caibas	Caias	Deas	Digas	Esteas	Fagas
Caiba	Caia	Dea	Diga	Estea	Faga
Caibamos	Caiamos	Deamos	Digamos	Esteamos	Fagamos
Caibades	Caiades	Deades	Digades	Esteades	Fagades
Caiban	Caian	Dean	Digan	Estean	Fagan
Coubese	Caese	Dese	Dixese	Estivese	Fixese
Coubeses	Caeses	Deses	Dixeses	Estiveses	Fixeses
Coubese	Caese	Dese	Dixese	Estivese	Fixese
Coubésemos	Caésemos	Désemos	Dixésemos	Estivésemos	Fixésemos
Coubésedes	Caésedes	Désedes	Dixésedes	Estivésedes	Fixésedes
Coubesen	Caesen	Desen	Dixesen	Estivesen	Fixesen
Couber	Caer	Der	Dixer	Estiver	Fixer
Couberes	Caeres	Deres	Dixeres	Estiveres	Fixeres
Couber	Caer	Der	Dixer	Estiver	Fixer
Coubermos	Caermos	Dermos	Dixermos	Estivermos	Fixermos
Couberdes	Caerdes	Derdes	Dixerdes	Estiverdes	Fixerdes
Couberen	Caeren	Deren	Dixeren	Estiveren	Fixeren

IMPERATIVO

Cabe (ti)	Cae (ti)	Da (ti)	Di (ti)	Está (ti)	Fai (ti)
Cabede (vós)	Caede (vós)	Dade (vós)	Dicide (vós)	Estade (vós)	Facede (vó

FORMAS NOMINAIS

Caber	Caer	Dar	Dicir	Estar	Facer
Caberes	Caeres	Dares	Dicires	Estares	Faceres
Caber	Caer	Dar	Dicir	Estar	Facer
Cabermos	Caermos	Darmos	Dicirmos	Estarmos	Facermos
Caberdes	Caerdes	Dardes	Dicirdes	Estardes	Facerdes
Caberen	Caeren	Daren	Diciren	Estaren	Faceren
Caber	Caer	Dar	Dicir	Estar	Facer
Cabendo	Caendo	Dando	Dicindo	Estando	Facendo
Cabido	Caído	Dado	Dito	Estado	Feito

INDICATIVO

	HABER	IR	MOER	OÍR	LER	PODER
Presente	Hei	Vou	Moio	Oio	Leo	Podo
	Has	Vas	Moes	Oes	Les	Podes
	Ha / Hai	Vai	Moe	Oe	Le	Pode
	Habemos	Imos	Moemos	Oímos	Lemos	Podemos
	Habedes	Ides	Moedes	Oídes	Ledes	Podedes
	Han	Van	Moen	Oen	Len	Poden
Pretérito imperfecto	Había	Ía	Moía	Oía	Lía	Podía
	Habías	fas	Mofas	Oías	Lías	Podías
	Había	Ía	Moía	Oía	Lía	Podía
	Habiamos	Iamos	Moïamos	Oiamos	Liamos	Podíamos
	Habiades	Iades	Moïades	Oiades	Liades	Podiades
	Habían	Ían	Moían	Oían	Lían	Podían
Pretérito perfecto	Houben	Fun	Moín	Oín	Lin	Puiden
	Houbeche(s)	Fuche(s)	Moíche(s)	Oíche(s)	Liche(s)	Puideche(s)
	Houbo	Foi	Moeu	Oíu	Leu	Puido
	Houbemos	Fomos	Moemos	Oímos	Lemos	Puidemos
	Houbestes	Fostes	Moestes	Oístes	Lestes	Puidestes
	Houberon	Foron	Moeron	Oíron	Leron	Puideron
Antepretérito	Houbera	Fora	Moera	Oíra	Lera	Puidera
	Houberas	Foras	Moeras	Oíras	Leras	Puideras
	Houbera	Fora	Moera	Oíra	Lera	Puidera
	Houbéramos	Foramos	Moeramos	Oiramos	Leramos	Puideramos
	Houbérades	Forades	Moerades	Oirades	Lerades	Puiderades
	Houberan	Foran	Moeran	Oíran	Leran	Puideran
Futuro	Haberei	Irei	Moerei	Oirei	Lerei	Poderei
	Haberás	Irás	Moerás	Oirás	Leras	Poderás
	Haberá	Irá	Moerá	Oirá	Lerá	Poderá
	Haberemos	Iremos	Moeremos	Oiremos	Leremos	Poderemos
	Haberedes	Iredes	Moeredes	Oiredes	Leredes	Poderedes
	Haberán	irán	Moerán	Oirán	Lerán	Poderán
Pospretérito	Habería	Iría	Moería	Oiría	Lería	Podería
	Haberías	Irías	Moerías	Oirías	Lerías	Poderías
	Habería	Iría	Moería	Oiría	Lería	Podería
	Haberiamos	Iriamos	Moeriamos	Oiriamos	Leriamos	Poderiamos
	Haberiades	Iriades	Moeriades	Oiriades	Leriades	Poderiades
	Haberían	Irían	Moerían	Oirían	Lerían	Poderían

SUBXUNTIVO

HABER	IR	MOER	OÍR	LER	PODER
Haxa	Vaia	Moia	Oia	Lea	Poida
Haxas	Vaias	Moias	Oias	Leas	Poidas
Haxa	Vaia	Moia	Oia	Lea	Poida
Haxamos	Vaiamos	Moiamos	Oiamos	Leamos	Poidamos
Haxades	Vaiades	Moiades	Oiades	Leades	Poidades
Haxan	Vaian	Moian	Oian	Lean	Poidan
Houbese	Fose	Moese	Oíse	Lese	Puidese
Houbeses	Foses	Moeses	Oíses	Leses	Puideses
Houbese	Fose	Moese	Oíse	Lese	Puidese
Houbésemos	Fósemos	Moésemos	Oísemos	Lésemos	Puidésemos
Houbésedes	Fósedes	Moésedes	Oísedes	Lésedes	Puidésedes
Houbesen	Fosen	Moesen	Oísen	Lesen	Puidesen
Houber	For	Moer	Oír	Ler	Puíder
Houberes	Fores	Moeres	Oíres	Leres	Puideres
Houber	For	Moer	Oír	Ler	Puider
Houbermos	Formos	Moermos	Oírmos	Lermos	Puidermos
Houberdes	Fordes	Moerdes	Oírdes	Lerdes	Puiderdes
Houberen	Foren	Moeren	Oíren	Leren	Puideren

IMPERATIVO

Hai (ti)	Vai (ti)	Moe (ti)	Oe (ti)	Le (ti)	Pode (ti)
Habede (vós)	Vamos (nós) Ide (vós)	Moede (vós)	Oíde (vós)	Lede (vös)	Podede (vós)

FORMAS NOMINAIS

Haber	Ir	Moer	Oír	Ler	Poder
Haberes	Ires	Moeres	Oíres	Leres	Poderes
Haber	Ir	Moer	Oír	Ler	Poder
Habermos	Irmos	Moermos	Oírmos	Lermos	Podermos
Haberdes	Irdes	Moerdes	Oírdes	Lerdes	Poderdes
Haberen	Ien	Moeren	Oíren	Leren	Poderen
Haber	Ir	Moer	Oír	Ler	Poder
Habendo	Indo	Moendo	Oíndo	Lendo	Podendo
Habido	Ido	Moído	Oído	Lido	Podido

INDICATIVO

	PONER	POR	QUERER	RIR	SABER	SER
Presente	Pono	Poño	Quero	Río	Sei	Son
	POS	Pos	Queres	Ris	Sabes	Es
	Pon	Pon	Quere	Ri	Sabe	É
	Ponemos	Pomos	Queremos	Rimos	Sabemos	Somos
	Poñedes	Pondes	Queredes	Rides	Sabedes	Sodes
	Poñen	Pon	Queren	Rin	Saben	Son
Pretérito	Poñía	Puña	Quería	Ría	Sabía	Era
	Poñías	Puñas	Querías	Rías	Sabías	Eras
	Ponía	Puña	Quería	Ría	Sabía	Era
	Poñiamos	Puñamos	Queriamos	Riamos	Sabiamos	Eramos
	Poñiades	Puñades	Queriades	Riades	Sabiades	Erades
	Poñían	Puñan	Querían	Rían	Sabían	Eran
Pretérito	Puxen	Puxen	Quixen	Rin	Souben	Fun
	Puxeche(s)	Puxeche(s)	Quixeche(s)	Riche(s)	Soubeche(s)	Fuche(s)
	Puxo	Puxo	Quixo	Riu	Soubo	Foi
	Puxemos	Puxemos	Quixemos	Rimos	Soubemos	Fomos
	Puxestes	Puxestes	Quixestes	Ristes	Soubestes	Fostes
	Puxeran	Puxeron	Quixeron	Riron	Souberon	Foron
Pretérito	Puxera	Puxera	Quixera	Rira	Soubera	Fora
		Puxeras	Quixeras	Riras	Souberas	Foras
	Puxeras	Puxera	Quixera	Rira	Soubera	Fora
	Puxera	Puxeramos	Quíxeramos	Riramos	Souberamos	Foramos
	Puxeramos	Puxerades	Quixerades	Rirades	Souberades	Forades
	Puxeran Puxerades	Puxeran	Quixeran	Riran	Souberan	Foran
Futuro	Poñerei	Porei	Quererei	Rirei	Saberei	Serei
	Poñerás	Porás	Quererás	Rirás	Saberás	Serás
	Poñerá	Porá	Quererá	Rirá	Saberá	Será
	Poñeremos	Poremos	Quereremos	Riremos	Saberemos	Seremos
	Poñeredes	Poredes	Quereredes	Riredes	Saberedes	Seredes
	Poñerán	Porán	Quererán	Rirán	Saberán	Serán
Pospretérito	Poñería	Poría	Querería	Riría	Sabería	Sería
	Poñerías	Porías	Quererías	Rirías	Saberías	Serías
	Poñería	Poría	Querería	Riría	Sabería	Sería
	Poñeriamos	Ponamos	Quereriamos	Ririamos	Saberiamos	Seriamos
	Poñeriades	Poriades	Quereriades	Ririades	Saberiades	Seriades
	Poñerían	Porían	Quererían	Rirían	Saberían	Serían

SUBXUNTIVO

	PONÑER	PÓR	QUERER	RIR	SABER	SER
Pr e e	Poña	Poña	Queira	Ría	Saiba	Sexa
	Poñas	Poñas	Queiras	Rías	Saibas	Sexas
	Poña	Pona	Queira	Ría	Saiba	Sexa
	Ponamos	Poñamos	Queiramos	Riamos	Saibamos	Sexamos
	Poñades	Poñades	Queirades	Riades	Saibades	Sexades
	Poñan	Ponan	Queiran	Rían	Saiban	Sexan
a. re	Puxese	Puxese	Quixese	Rise	Soubese	Fose
	Puxeses	Puxeses	Quixeses	Rises	Soubeses	Foses
	Puxese	Puxese	Quixese	Rise	Soubese	Fose
	Puxésemos	Puxésemos	Quixésemos	Rísemos	Soubésemos	Fósemos
	Puxésedes	Puxésedes	Quixésedes	Rísedes	Soubésedes	Fósedes
	Puxesen	Puxesen	Quixesen	Risen	Soubesen	Fosen
utur o	Puxer	Puxer	Quixer	Rír	Souber	For
	Puxeres	Puxeres	Quixeres	Rires	Souberes	Fores
	Puxer	Puxer	Quixer	Rir	Souber	For
	Puxermos	Puxermos	Quixermos	Rirmos	Soubermos	Formos
	Puxerdes	Puxerdes	Quixerdes	Rirdes	Souberdes	Fordes
	Puxeren	Puxeren	Quixeren	Riren	Souberen	Foren

IMPERATIVO

Pon (ti)	Pon (ti)	Quere (ti)	Ri (ti)	Sabe (ti)	Se (ti)
Poñede (vós)	Ponde (vós)	Querede (vós)	Ride (vós)	Sabede (vós)	Sede (vós

FORMAS NOMINAIS

S ntv o	Poñer	Pór	Querer	Rir	Saber	Ser
	Poñeres	Pores	Quereres	Rires	Saberes	Seres
	Poñer	Pór	Querer	Rir	Saber	Ser
	Poñermos	Pormos	Querermos	Rirmos	Sabermos	Sermos
	Poñerdes	Pordes	Quererdes	Rirdes	Saberdes	Serdes
	Poñeren	Poren	Quereren	Riren	Saberen	Seren
IX3 g	Poñer	Pór	Querer	Rir	Saber	Ser
	Poñendo	Pondo	Querendo	Rindo	Sabendo	Sendo
	Posto	Posto	Querido	Rido	Sabido	Sido

INDICATIVO

	TER	TRAER	VALER	VER	VIR	SAUDAR
Presente	Teño	Traio	Vallo	Vexo	Veño	Saúdo
	Tes	Traes	Vales	Ves	Vés	Saúdas
	Ten	Trae	Vale	Ve	Vén	Saúda
	Temos	Traemos	Valemos	Vemos	Vimos	Saudamos
	TedesTendes	Traedes	Valedes	Vedes	Vides/Vindes	Saudades
	Teñen	Traen	Valen	Ven	Veñen	Saudan
Copretérito	Tiña	Traía	Valía	Vía	Viña	Saudaba
	Tiñas	Traías	Valías	Vías	Viñas	Saudabas
	Tiña	Traía	Valía	Vía	Viña	Saudaba
	Tiñamos	Traïamos	Vallamos	Viamos	Viñamos	Saudabamos
	Tiñades	Traïades	Valiades	Viades	Viñades	Saudabades
	Tiñan	Traían	Valían	Vían	Viñan	Saudaban
Pretérito	Tiven	Trouxen	Valín	Vin	Vin	Saudei
	Tiveche(s)	Trouxeche(s)	Vallche(s)	Viche(s)	Víñeche(s)	Saudache(s)
	Tivo	Trouxo	Valeu	Viu	Veu	Saudou
	Tivemos	Trouxemos	Valemos	Vimos	Viñemos	Saudamos
	Tivestes	Trouxestes	Valestes	Vistes	Viñestes	Saudastes
	Tiveron	Trouxeron	Valeron	Viron	Viñeron	Saudaron
Antepretérito	Tivera	Trouxera	Valera	Vira	Viñera	Saudara
	Tiveras	Trouxeras	Valeras	Viras	Viñeras	Saudaras
	Tivera	Trouxera	Valera	Vira	Viñera	Saudara
	Tiveramos	Trouxeramos	Valeramos	Viramos	Viñeramos	Saudaramos
	Tiverades	Trouxerades	Valerades	Virades	Viñerades	Saudarades
	Tiveran	Trouxeran	Valeran	Viran	Viñeran	Saudaran
Futuro	Terei	Traerei	Valerei	Verei	Virei	Saudarei
	Terás	Traerás	Valerás	Verás	Virás	Saudarás
	Terá	Traerá	Valerá	Verá	Virá	Saudará
	Teremos	Traeremos	Valeremos	Veremos	Viremos	Saudaremos
	Teredes	Traeredes	Valeredes	Veredes	Viredes	Saudaredes
	Terán	Traerán	Valerán	Verán	Virán	Saudarán
Pospretérito	Tería	Traería	Valeria	Vería	Viría	Saudaría
	Terías	Traerías	Valerias	Verías	Virías	Saudarías
	Tería	Traería	Valeria	Vería	Viría	Saudaría
	Teriamos	Traeriamos	Valeriamos	Veriamos	Viriamos	Saudariamos
	Teriades	Traeriades	Valeriades	Veriades	Viriades	Saudariades
	Terían	Traerían	Valerían	Verían	Virían	Saudarían

SUBXUNTIVO

TER	TRAER	VALER	VER	VIR	SAUDAR
Teña	Traia	Valla	Vexa	Veña	Saúde
Teñas	Traias	Vallas	Vexas	Veñas	Saúdes
Teña	Traia	Valla	Vexa	Veña	Saúde
Teñamos	Traiamos	Vallamos	Vexamos	Veñamos	Saudemos
Teñades	Traiades	Vallades	Vexades	Veflades	Saudedes
Teñan	Traian	Vallan	Vexan	Veñan	Sauden
Tivese	Trouxese	Valese	Vise	Viñese	Saudase
Tiveses	Trouxeses	Valeses	Vises	Viñeses	Saudases
Tivese	Trouxese	Valese	Vise	Viñese	Saudase
Tivésemos	Trouxésemos	Valésemos	Vísemos	Viñésemos	Saudásemos
Tivésedes	Trouxésedes	Valésedes	Vfsedes	Viñésedes	Saudásedes
Tivesen	Trouxesen	Valesen	Visen	Viñesen	Saudasen
Tiver	Trouxer	Valer	Vir	Vifier	Saudar
Tiveres	Trouxeres	Valeres	Vires	Viñeres	Saudares
Tiver	Trouxer	Valer	Vir	Vifier	Saudar
Tivermos	Trouxermos	Valermos	Virmos	Viñermos	Saudarmos
Tiverdes	Trouxerdes	Valerdes	Virdes	Viñerdes	Saudardes
Tiveren	Trouxeren	Valeren	Viren	Vifieren	Saudaren

IMPERATIVO

Ten (ti)	Trae (ti)	Vale (ti)	Ve (ti)	Ven (ti)	Saúda (ti)
Tende / Tede (Vós)	Traede (vós)	Valede (Vós)	Vede (Vós)	Vinde / Vide (vós)	Saudade (vós)

FORMAS NOMINAIS

Ter	Traer	Valer	Ver	Vir	Saudar
Teres	Traeres	Valeres	Veres	Vires	Saudares
Ter	Traer	Valer	Ver	Vir	Saudar
Termos	Traermos	Valermos	Vermos	Virmos	Saudarmos
Terdes	Traerdes	Valerdes	Verdes	Virdes	Saudardes
Teren	Traeren	Valeren	Veren	Viren	Saudaren
Ter	Traer	Valer	Ver	Vir	Saudar
Tendo	Traendo	Valendo	Vendo	Vindo	Saudando
Tido	Traído	Valido	Visto	Vido	Saudado

OLLO! En canto ao uso do antepretérito do indicativo e do pretérito do subxuntivo, recoméndase manter ben discriminados os usos: **-RA** para o antepretérito e **-SE** para o pretérito:

Recomendoulle que collera o tren ás nove da noite

Recomendoulle que collese o tren ás nove da noite

No tocante ao futuro de subxuntivo, a revisión das Normas de 2003 recoñece que, dada a súa lexitimidade histórica e a súa rendibilidade en certos rexistros lingüísticos, como p, ex. a linguaxe xurídica, cómpre restaurar o seu uso, sempre dentro dos límites da corrección establecidos pola gramática,

Esta situación dáse normalmente en oracións condicionais, cando o verbo principal val en presente ou en futuro:

Se fores ver ao Deportivo, non veñas tarde

Se quixerdes, facemos os exercicios de galego agora

2.2.1. Familias de derivados de verbos irregulares

Moitos destes verbos irregulares que acabades de ver teñen unha familia de derivados que á hora da conxugación seguen o mesmo paradigma, outros por contra serven como exemplo para verbos que non pertencen á súa familia. Estes son os máis usados:

CAER

Emprégase o seu paradigma para conxugar:

Abstraer	Atraer	Contraer	Debater
Decaer	Distraer	Extraer	Recaer
Retrotraer	Subtraer	Retraer	

DICIR

Serve de modelo para:

Bendicir	Contradicir	Desdicir	Maldicir
Predicir			

FACER

O seu paradigma emprégase con:

Desfacer Refacer Satisfacer

MOER

Conxúganse igual:

Doer Proer

OIR

É o modelo de:

Desoír Saír Sobresaír

OLLO! Admítese *tamén* a forma **ouvir** ao lado de **oír,** (Presente de indicativo: *ouzo, ouves, ouve, ouvimos, ouvides, ouven.* Presente do subxuntivo: *ouza, ouzas, ouza, ouzamos, ouzades, ouzan*).

LER

Do mesmo xeito:

Crer Desprover Prover Reler Sobreser

POÑER

Do mesmo xeito:

Opoñer	Compoñer	Depoñer	Descompoñer
Dispoñer	Expoñer	Impoñer	Pospoñer
Predispoñer	Presupoñer	Propoñer	Recompoñer
Repoñer	Supoñer		

POR

Tamén:

Compor	Depor	Descompor	Dispor
Expor	Impor	Opor	Pospor
Predispor	Presupor	Propor	Recompor
Repor	Sobrepor		

RIR

Tamén:

Sorrir

TER

Tamén:

Abster	Ater	Conter	Deter
Entretcr	Manter	Obter	Reter
Soster			

TRAER

Nestc caso só quero marcar que os verbos da súa familia, por seren cultos, conxúganse como regulares.

VALER

Conxúgase igual:

Equivaler

VER

Seguen o mesmo paradigma:

Entrever	Prever

VIR

Da mesma maneira:

Contravir	Convir	Intervir	Previr
Provir	Sobrevivir		

3. Verbos con alternancia vocálica

Existe un grupo de verbos pertencentes todos eles á terceira conxugación que presentan unha alternancia de vogais en determinados casos da súa conxugación, aí van eses casos.

.1. Alternancia I / E

Vaise dar só nos presentes de indicativo e subxuntivo e no imperativo, collemos como exemplo PEDIR:

Pres. Indicativo		Pres. Subxuntivo		Imperativo
Eu	pido	Eu	pida	Pide ti
Ti	pides	Ti	pidas	Pedide vós
El	pide	El	pida	
Nós	pedimos	Nós	pidamos	
Vós	pedides	Vós	pidades	
Eles	piden	Eles	pidan	

Do mesmo xeito van ser conxugados:

Adherir	Advertir	Agredir	Arrepentir
Competir	Conferir	Despedir	Desvestir
Diferir	Discernir	Divertir	Dixerir
Espir	Impedir	Inserir	Interferir
Investir	Inxerir	Medir	Pedir
Preferir	Proferir	Referir	Reflectir
Repetir	Revestir	Suxerir	Transferir
Transgredir	Vestir		

.2. Alternancia E / I

Só se dá esta alternancia nos mesmos tempos que no caso anterior:

Pres. Indicativo		Pres. Subxuntivo		Imperativo
Eu	sigo	Eu	siga	Pide ti
Ti	segues	Ti	sigas	Pedide vós
El	segue	El	siga	
Nós	seguimos	Nós	sigamos	
Vós	seguides	Vós	sigades	
Eles	seguen	Eles	sigan	

Conxúganse así:

Asentir	Conseguir	Consentir	Desmentir
Disentir	Ferir	Malferir	Mentir
Perseguir	Presentir	Proseguir	Seguir
Sentir	Servir		

3.3. Alternancia U / O

A alternancia só se dá no presente de indicativo, mentres que no imperativo se respecta o **U** do radical (durme ti, durmide vós).

Pres. Indicativo

Eu	durmo
Ti	dormes
El	dorme
Nós	durmimos
Vós	durmides
Eles	durmen

Conxúganse igual:

Acudir	Bulir	Cubrir	Cumprir
Cuspir	Descubrir	Deslucir	Encubrir
Engulir	Fuxir	Lucir	Muxir
Pulir	Relucir	Rexurdir	Ruxir
Sacudir	Subir	Sufrir	Translucir
Tusir	Ulir	Urdir	Xurdir ...

OLLO! Cómpre reparar nestes casos, fonte de moitos erros.

4. Formas diferentes con respecto ao castelán

4.1. Verbos acabados en -ECER e -UCIR

Os que rematan en -ECER presentan diferenzas na conxugación dos presentes de indicativo e subxuntivo con respecto ao castelán:

P. Ind. galego	P. Ind. castelán	P. Subx. galego	P. Subx. castelán
Obedezo	Obedezco	Obedeza	Obedezca
Obedeces	Obedeces	Obedezas	Obedezcas
Obedece	Obedece	Obedeza	Obedezca
Obedecemos	Obedecemos	Obedezamos	Obedezcamos
Obedecedes	Obedecéis	Obedezades	Obedezcáis
Obedecen	Obedecen	Obedezan	Obedezcan

Pertencen a este grupo verbos tan usuais como:

Abastecer, agradecer, aparecer, apetecer, carecer, compadecer, comparecer, coñecer, crecer, embelecer, encarecer, endurecer, enfurecer, enlouquecer, enriquecer, entorpecer, entristecer, favorecer, fortalecer, humedecer, merecer, ofrecer, padecer, palidecer, perecer, pemanecer, rexuvenecer...

Mentres, os rematados en -UCIR, ademais destes tempos, tamén presentan diferenzas no perfecto:

P. Ind. galego	P. Subx. galego	Pretérito galego
Traduzo	Traduza	Traducín
Traduces	Traduzas	Traducíches
Traduce	Traduza	Traduciu
Traducimos	Traduzamos	Traducimos
Traducides	Traduzades	Traducistes
Traducen	Traduzan	Traduciron

P. Ind. castelán	P. Subx. castelán	Pretérito castelán
Traduzco	Traduzca	Traduje
Traduces	Traduzcas	Tradujiste
Traduce	Traduza	Tradujo
Traducimos	Traduzcamos	Tradujimos
Traducís	Traduzcais	Tradujisteis
Traducen	Traduzcan	Tradujeron

Verbos que seguen este exemplo son:

Conducir, deducir, inducir, introducir, lucir, producir, reducir, seducir, traducir... (lucir e os seus derivados presentan tamén alternancia vocálica)

4.2. Verbos rematados en -UÍR

Tamén presenta diferenzas co castelán nos presentes de indicativo e subxuntivo, perfecto e imperativo (e o xerundio: **Concluíndo**).

Pres. Indicat.	Pres. Subxunt.	Pretérito	Imperativo
Conclúo	Conclúa	Concluín	Conclúe ti
Conclúes	Conclúas	Concluíches	Concluíde vós
Conclúe	Conclúa	Concluíu	
Concluímos	Concluamos	Concluímos	
Concluídes	Concluades	Concluístes	
Conclúen	Conclúan	Concluíron	

Son moitos os verbos deste paradigma:

Afluir, atribuir, concluir, confluir, constituir, construir, contribuír, destituír, destruír, diminuir, distribuír, fluir, instruír, posuír, recluír, substituír...

4.3. Os verbos reflexivos

Son tamén unha importante fonte de erros á hora das traducións, en galego hai verbos que son exclusivamente reflexivos (queixarse, etc.) e outros poden ou non conxugarse deste xeito (lavar, lavarse). Na nosa lingua o reflexivo só ten emprego como obxecto directo, nunca indirecto:

Laveime (BEN) *Laveime a cara (MAL)*

Existen, por outra banda, unha gran cantidade de verbos que en castelán funcionan como pronominais e, por contra, en galego non. Estes son algúns dos que non se deben empregar con pronome reflexivo en galego:

Abrandar, afrouxar, almorzar, apurar, atrasar, baixar, cargar, casar, cicatrizar, coller, comer, curar, deixar, demorar, desfondar, desin-

char, dislocar, enfermar, escapar, escordar, esperar, espertar, estreitar, fracturar, inchar, incrementar, merendar, rachar, rebentar, recordar, romper, sentar, terminar, tropezar, xogar...

4.4. Acentuación e diérese

Como xa dixemos no tema da acentuación, na revisión das Normas de 2003 as 4ª e 5ª persoas do pretérito de subxuntivo son consideradas esdrúxulas e, polo tanto, deben acentuarse sempre:

Cantásemos	*Cantásedes.*
Bebésemos	*Bebésedes.*
Durmísemos	***Durmísedes.***

No que atinxe á diérese, lembrar o xa comentado no tema da acentuación; esta vai aparecer na cuarta e quinta persoa do copretérito de indicativo dos verbos que rematan en -AER, -OER, -OÍR, -AÍR e UÍR:

Caïamos	***Caïades.***
Moïamos	***Moïades.***
Oïamos	*Oíades.*
Saïamos	***Saïades.***
Concluíamos	***Concluïades.***

4.5. Emprego de verbos con expresións temporais

Tamén é moi habitual errar neste tipo de expresións pola imitación do modelo castelán que emprega sempre o verbo Hacer, no entanto en galego debe facerse unha triple distinción:

a) Para expresións de tempo atmosférico usade o verbo IR:

Vai un frío de coidado.

b) Para expresións de tempo cronolóxico usade o verbo HABER:

Hai moito tempo que non vou ao cine.

c) O verbo FACER non ten uso nos casos anteriores, pero si noutros casos:

Fixo unha casa moi grande.

Sempre estás a facer o parvo.

4.6. O verbo ANDAR

Por imitación do castelán, ás veces, conxúgase como irregular, cando en galego é completamente regular: **Eu andei,** non andiven, **Nós andamos**, non andivemos...

4.7. Verbos que cambian de conxugación de galego a castelán

4.7.1. Pertencen á segunda conxugación en galego

Galego	Castelán	Galego	Castelán
Abater	Abatir	**Inverter***	Invertir
Amortecer	Amortiguar	**Irromper**	Irrumpir
Bater	Batir	**Morrer**	Morir
Combater	Combatir	**Ocorrer**	Ocurrir
Concorrer	Concurrir	**Perverter**	Pervertir
Converter	Convertir	**Prorromper**	Prorrumpir
Converxer	Convergir	**Rebater**	Rebatir
Debater	Debatir	**Reconverter**	Reconvertir
Derreter	Derretir	**Recorrer****	Recurrir
Discorrer	Discurrir	**Render**	Rendir
Diverxer	Divergir	**Reverter**	Revertir
Escorrer	Escurrir	**Rexer**	Regir
Espremer	Exprimir	**Somerxer**	Sumergir
Ferver	Hervir	**Toller**	Tullir
Incorrer	Incurrir	**Transcorrer**	Transcurrir
Interromper	Interrumpir	**Xemer**	Gemir

Inverter ten o significado de «invertir» só como cambio de sentido ou orientación. Para o eido económico emprégase **Investir:**

Ao inverter o vaso verteu a auga.

Investín moitos cartos nesa *aventura.*

Recorrer ten o significado de «recurrir» ou sexa acudir ou presentar recurso. Para o concepto cubrir unha distancia o verbo a empregar é **Percorrer:**

Temos que recorrer ao teu pai para que nos salve.

Percorreron *un bo treito a pé.*

Tamén pertencen a esta conxugación outros verbos que presentan máis cambios na súa forma:

Galego	Castelán	Galego	Castelán
Acender	Encender	**Fender**	Hendir
Encher	Llenar	**Pertencer**	Pertenecer
Erguer	Levantar*	**Premer****	Apretar
Esborrexer	Resbalar	**Reencher**	Rellenar
Esparexer	Esparcir	**Tremer**	Temblar
Esquecer	Olvidar		

* **Levantar** tamén é forma válida en galego.

** **Apertar** é tamén forma correcta.

o

OLLO! Levan un só e: ***Ler*** ***Crer*** ***Sobreser*** e os seus derivados.

4.7.2. Pertencen á terceira conxugación en galego

Galego	Castelán	Galego	Castelán
Balbucir	Balbucear	**Reflectir**	Reflejar
Garantir	Garantizar	**Reinserir**	Reinsertar
Inserir	Insertar	**Tusir**	Toser
Posuír	Poseer		

Outros verbos galegos da terceira conxugación que presentan máis cambios na súa forma con respecto ao castelán son:

Galego	Castelán	Galego	Castelán
Afundir	Hundir	**Engadir**	Añadir
Atinxir	Atañer	**Muxir**	Ordeñar
Desbaldir	Derrochar	**Requirir**	Requerir

Xa para rematar, aí vai un cadro de equivalencias entre os tempos casteláns e os galegos, moi útil para evitarmos caer na tentación de empregar construcións con **haber + participio** posibles en castelán, pero non no noso idioma:

Tempos	Galego	Castelán
Presente	Ando	Ando
Copretérito	Andaba	Andaba
Pretérito	Andei	Anduve - He andado - Hube andado
Antepretérito	Andara	Había andado
Futuro	Andarei	Andaré - Habré andado
Pospretérito	Andaría	Andaría - Habría andado
Presente de Subx.	Ande	Ande - Haya andado
Pretérito de Subx.	Andase	Hubiera o Hubiese andado - Anduviera o Anduviese
Imperativo	Anda ti - Andade vós	Anda tú - Andad vosotros

i Exercicios

Traduce ao galego:

1) **No será admitido aquel que agreda a otro socio.**
2) **Cuando compite se convierte en un animal.**
3) **Siempre despedís a los que no tienen donde ir.**
4) **Vosotros advertís del peligro, pero no dais soluciones.**
5) **De esas opiniones yo difiero.**
6) **Así es como diviertes a la gente que va a tu casa.**
7) **Es preciso que no ingiera más alcohol en su vida.**
8) **Él impide que despidamos el año con alegría.**
9) **Repite tú si quieres esa canción, no serán ellos quienes la repitan.**
10) **Mides más de dos metros, pero ellas pedían menos dinero que tú.**
11) **No comprendo que prefiráis los garbanzos a los grelos.**
12) **Él profirió un grito, nosotros proferimos otro y nadie lo advirtió.**
13) **Yo no me refiero a lo que vosotros os referís.**
14) **Repites siempre que no crees que vosotros os repetís u os repitáis.**
15) **Lo que él sugiera nunca será lo que tú sugieres.**
16) **No transfiráis tanto dinero a esa cuenta, transgrede la ley.**

Tu vistes la misma ropa que vistieron tus abuelas.

No digas que no acudimos donde tú acudes.

Cubre mañana la cama de tu padre con una manta, nosotros la cubrimos ahora.

Cumplo con mi misión como cumples tú y como cumple él.

Colón descubre América en 1492, nosotros la descubrimos hoy.

Si encubres a tu primo engulliremos todos los pasteles.

¡Huye! si huyes y ellos huyen todos huimos con vosotros.

Cuando luce mi estrella no importa que vosotros escupáis al cielo.

Tú ordeñas a tu vaca cuando ellos duermen.

Al pensar en Galicia resurgen en mi anhelos de independencia.

Ruge el león, pero con el hambre también rugen nuestros estómagos.

Si sacudís la pereza yo acudo a clase de gallego con vosotros.

Subimos las escaleras como él sube la montaña más alta.

Si tú sufres yo sufro, nosotros sufrimos y ellos sufren, ¿Vosotros sufrís?

Nunca toso cuando tú toses.

¡Qué bien huele la flor de mi jardín! Casi tan bien como oléis vosotras.

Surgió la idea como cuando surgen las hojas en los árboles.

Yo consiento más cosas de las que tú consientes.

Consigue siempre lo que quiere.

Consentís a vuestros hijos menos de lo que tú consientes a mis alumnos.

Yo miento sólo cuando hace falta, vosotros mentís siempre que abrís la boca.

Hiere menos el que quiere que hiero yo cuando estoy enfadado.

Tú persigues una cosa que presiento es imposible de conseguir.

Nos resentimos de tu actitud.

No sirvo para las mismas cosas para las que servís.

Disiento de las declaraciones de ese individuo, y las desmiento.

A pesar de todo proseguimos si él sigue con su trabajo.

Siento lo mismo que sentís en Vigo y que sienten en Pontevedra.

Sólo hiere aquel que siente los colores como yo.

Traduce ao castelán:

Se cantásedes coma elas non estariades no paro.

Ti saltaches pola fiestra cando che dei a noticia da morte do teu can.

Andarades moito con aqueles rapaces polos camiños da vila.

Non sei canto andastes pero eu xa andei demasiado por hoxe.

5 Ela sofre pesadelos, cousa da que eu non padezo.

6 Canto tempo levades acó? Xa sei que non é cousa miña.

7 DéstesIles todo canto pediron e agora non vos falan.

8. O que o saiba que o diga, sen vergoña.

9. Vai un vento de medo, din que xa derrubou tres casas.

10 Pedíronnos que désemos algún tipo de garantía.

11 Sotelaron aliviados ao partirdes.

12 Colleuna polo pescozo e, se non o evita Pedro, alí mesmo esgánaa.

13 Non te preocupes, nunca soubo o noso.

14 Velázquez pintou unha velia fritindo ovos.

15 Eles sempre ven por onde vén Xaquín, pero ti non o soubeches ata onte.

16 Andou moito tempo sen saber que facer, comesto polos remorsos.

17 Non sei se darás limpado iso ata que se poida considerar limpo.

18 Se eu comese o que come el xa estaría no hospital.

19 Chorou todo o día ao levares o seu cabaliño de cartón.

20 Leu tantos libros que agora está tolo, o mesmo que o meu profesor de galego.

Corrixe as formas verbais que o precisen:

1) Xamais sabrás o porqué da nosa decisión.

2) Quen sabe por onde andivestes!

3) Nese ascensor non quepo, e tampouco a túa curmá.

4) O porteiro non veu por onde iba a pelota.

5) Non o poido creer.

6) Conduxen con moita habilidade pero din contra unha farola.

7) Cando éramos novos caíamos sempre na mesma trampa.

8) Amólame moito que non haia auga en Andalucía.

9) Vós puideches salvarme pero non quixeches.

10) Aínda que non o pareza é un parvo.

11) Nesa academia eu din clases de francés e deseño.

12) Mañá vamos ata Lugo, din que se come moi ben.

13) Non valgo tanto como pensades.

14) Nesa época oíamos a radío de moda.

15) Estuvichedes enfermos cando viu o circo á nosa cidade.

16) Queiro mercar dúas lámpadas de pé para miña avóa.

17) Vindes cheos de rancor, ¡so non e bo.

18) Fumos ata alí para ver que pasaba.

19) Se tes algo que decir será mellor que sea agora, ou cala para sempre.

20) Cando saíamos da tenda chegó a policía.

Traduce ao galego:

1) Agradezco vuestras intenciones pero aún no estoy dispuesto.

2) El que no obedezca será castigado.

3) La segunda prueba del examen consiste en que traduzcamos un texto muy largo.

4) Redujiste la posibilidad de riego pero no la eliminaste.

5) Seduce si puedes, yo también seduje en mi tiempo.

6) No os debe extrañar que yo conduzca.

7) Conocemos los efectos del experimento, a no ser que se humedezca el suelo.

8) No es extraño que palidezcáis ante los hechos.

9) Ya concluyo señor juez, esa noche nosotros no éramos los que cantábamos.

10) Molíamos el trigo en el molino de tu tía.

11) Aunque no lo sepas contribuyes al malestar general.

12) Nunca poseí más de lo que poseo hoy.

13) Cuando tú eras un niño yo ya había cantado en muchas fiestas.

14) Recluyendo a tus padres en un asilo disminuirás tus ocupaciones.

15) Destruye tú los papeles si eres valiente.

16) No se como puedes comerte eso sin reventarte.

17) Te fracturaste un dedo jugando al parchís.

18) Mientras el palo va y viene descansa la espalda.

19) El premio quedó desierto porque no hay nadie que lo merezca.

20) ¿Cuánto tiempo hace que no sales de casa?

21) Tiene usted que curarse antes del fin de semana, necesitamos su cama.

22) Bebíamos mucho antes de conocerte.

23) Al romperse el diálogo se acabó nuestra esperanza.

24) Arreglabas la situación destituyendo a los consejeros de tu empresa.

25) No pienso casarme hasta que tenga trabajo.

26) Al sentarse hizo un gesto de dolor.

27) Ya he comido suficiente, gracias.

28) Sólo seré feliz cuando perezcas.

29) Los profesores instruyen a sus alumnos.

30) Eso lo había hecho antes un pintor cuyo nombre no recuerdo.

Completa axeitadamente os infinitivos:

Inc_rr___r	El__x__r	Combat
Pos_r	Transc__rr__r	Convert.
Corromp__r	Xem__r	Pervert_
T__s__r	L__r	Rec__rr_
Som__rx__r	Derrt_r	

Pon en galego:

Ocurrir	Hundir
Abatir	Resbalar
Llenar	Incurrir
Olvidar	Pertenecer
Recurrir	Emerger
Encender	Hervir
Garantizar	Engullir
Escupir	Reflejar
Ingerir	Toser
Reinsertar	Requerir
Competir	Concurrir
Escurrir	Rebatir
Gemir	Tullir
Desvanecer	Convergir
Reconvertir	Ordeñar
Derrochar	Irrumpir
Poseer	Leer
Sobreseer	Esparcir
Convertir	Atañer
Hendir	Insertar
Batir	Creer
Balbucear	Apretar
Derretir	Rendir
Temblar	Morir
Recorrer	Dormir
Decir	Oír
Trabajar	Estudiar

Tema 12

PERÍFRASES VERBAIS

As perífrases verbais compóñense dun verbo en forma persoal ou finita (verbo auxiliar) e un verbo en forma non persoal ou infinita, (infinitivo, xerundio ou participio) (verbo auxiliado). Entre as dúas formas verbais pode aparecer un elemento de relación que será unha preposición ou conxunción.

Das dúas formas verbais que forman a perífrase a primeira indica persoa, tempo e modo. A segunda forma verbal é a que dá o contido semántico a expresión, é o verbo que proporciona o significado léxico.

Pódese deducir que o esencial destas perífrases é que a reunión destes dous verbos, ten un valor distinto do que cada un deles posúe por separado, expresando modificacións da idea central do verbo que non se poderían acadar mediante outras formas conxugadas.

E preciso ter en conta que non se pode falar de perífrases verbais cando o primeiro verbo conserva o seu sentido orixinal:

Era tarde e quixen comer.

***Pensades** comprar un coche.*

***Queren**falar co teu xefe.*

Nestes exemplos os verbos persoais van conservar o seu sentido orixinal, non están empregados como auxiliares. Daquela non se pode falar de perífrases verbais.

Segundo a significación gramatical que teñan existe unha distinción.

1. Clases de perífrases

1.1. Perífrases temporais, futuridade e inminencia

IR + INFINITIVO

1) Idea de movemento: **foron abrir a xanela.**

2) Intencionalidade: **Vou marchar se non calades.**

3) Tendencia cara ao futuro: **Ides gañar o campionato.**

HABER (+ DE) + INFINITIVO

1) Aparece con valor de futuridade fundamentalmente co presente e copretérito de indicativo:

*Vou **dicir** algo que ha de **abraiar**a **moitos.***

***Ía** dicir algo que había de abraiar a moitos.*

2) Indica acción que estivo a piques de se realizar pero non se realizou; vai co pretérito de indicativo:

*Houbestes de caer co **empurrón**que vos **dei.***

ESTAR A/PARA + INFINITIVO

Indica unha acción a piques de suceder; ten, pois, carácter de inminencia:

Está a chegar a nosa oportunidade.

Co verbo en pasado sinala algo que estivo a punto de pasar pero non pasou:

***Estiven** para dicirlle **catro** cousas.*

QUERER + INFINITIVO

Emprégase sobre todo con verbos referidos a fenómenos meteorolóxicos:

Eu diría que quere chover.

1.2. Perífrases modais; obrigación e hipótese

HABER (+ DE) + INFINITIVO

1) E difícil distinguir nesta perífrase o matiz de futuridade do de obrigatoriedade, nocións moi ligadas:

Todo ha ter relación. (Obrigatoriedade)

***Hei** facer o que me pete. (Futuridade)*

2) Aínda que non é o seu valor habitual, tamén pode aparecer esta con valor hipotético:

*Esas cuxas han de andar polos **cen** quilos.*

HAI + QUE + INFINITIVO

Expresa obrigatoriedade concibida dun xeito xeral, impersoal; non hai posibilidade de confusión co valor de futuro.

***Houbo** que matar moitos coellos para a cea.*

TER + QUE + INFINITIVO

E semellante a anterior.

*Teño que ir a Betanzos para mercar **máis** coellos.*

DEBER (+ DE) + INFINITIVO

Ten valor de obrigación ou dúbida.

Deberías** de **saír pola** porta e non pola **xanela.

*Deben ser **noivos** porque **sempre** están a paos.*

PODER + INFINITIVO

Ten un sentido de probabilidade.

*Naquela torre **podería** haber algún tesouro.*

1.3. Perífrases aspectuais

O aspecto non sinala a posición do falante con respecto ao tempo no que transcorre a acción, senón que se refire ao tempo interno da acción verbal, sen relación con outras accións nin coa sucesión temporal.

Este tipo de perífrases subdivídese á súa vez en:

1.3.1. Imperfectivas

O proceso está desenvolvéndose.

ESTAR + XERUNDIO = ESTAR + A + INFINITIVO

Teñen o mesmo valor.

*Estaba a facer... = Estaba **facendo...***

ANDAR + XERUNDIO = ANDAR + A + INFINITIVO

*Anda mirando... = **Anda** a mirar...*

LEVAR + XERUNDIO

*Levan **traballando** na horta **moito tempo.***

SEGUIR + XERUNDIO

Como nas anteriores é posible a súa substitución por **a + infinitivo.**

El seguía cantando. I El seguía a cantar.

IR + XERUNDIO

Ten un matiz de desenvolvemento gradual.

*Non me queixo, **vaime** indo.*

VIR + XERUNDIO

Construción moi semellante á anterior.

Este libro vén dicindo o mesmo que dicía eu.

Tamén pode ter valor terminativo, sobre todo con respecto á identidade das persoas.

E logo de quen vén sendo esa rapaza?

SER + A + INFINITIVO

Moi diferente das anteriores polo seu carácter resultativo, adoita ir precedida de TODO ou construción equivalente.

*Todo o público era a **berrar** contra o **árbitro.***

1.3.2. Perfectivas

Contemplan a acción como proceso concluído, emprégase na maioría dos casos como forma auxiliada o participio.

ACABAR + DE + INFINITIVO

Indica finalización recente dunha acción.

Acaban de saír pola porta.

VIR + DE + INFINITIVO

Expresa o remate dunha acción con idea de movemento

*Vimos de celebrar **unha festa.***

DEIXAR(SE) +DE + INFINITIVO

*Deixou de ser **mociña** cando foi **comigo** ao palleiro.*

DAR + PARTICIPIO

É sobre todo frecuente en oracións negativas e, en menos casos, interrogativas.

*Non **dás** acabado os **exercicios** nin **mañá.***

Dás** acabado eses exercicios **mañá?

LEVAR + PARTICIPIO

*Poucos levan estudado tanto coma **elas.***

TER + PARTICIPIO

*Teño viaxado **moito** no tren nos **tempos** de estudante.*

HABER + PARTICIPIO

Moitos casos desta perífrase constitúen castelanismos, xa que como quedou demostrado no tema dos verbos o galego desbota o emprego do verbo HABER **+ PARTICIPIO**, unicamente cando aparece o verbo auxiliar en forma impersoal é aceptable, e, neste caso, non se pode falar dunha perífrase, xa que HABER conserva o seu sentido orixinal:

*Había escritos que **lle** daban a razón.*

Pero existe a posibilidade de construir perífrases coas formas houbera/houbese + participio con valor temporal ou modal de irrealidade:

Houbera sido peor darlle a razón.

1.3.3. Reiterativas

Expresan reiteración da acción verbal.

VOLVER + INFINITIVO

*Volvín facer o **mesmo** de **sempre.***

1.3.4. Incoativas

Refiren o proceso no seu comenzo.

COMEZAR/EMPEZAR + A + INFINITIVO

Empezaba a chover cando comprei o paraugas.

BOTAR(SE)/PÓR(SE) + A + INFINITIVO

*Botastes **a** correr como lebres cando **apareceuXosé.***

DAR + EN + INFINITIVO

*Deu en chorar ao saber a nota do **exame** de galego.*

1.3.5. Terminativas

Expresan unha acción que se achega ao seu remate.

CHEGAR + A + INFINITIVO

Chegamos a ver o final do partido.

VIR + A + INFINITIVO

*Todas viñan a darme a razón cando acabei de **falar.***

ACABAR + POR + INFINITIVO

Acabaredes por facer o que vos digo.

1.4. Perífrases pasivas

A voz pasiva é en xeral moi pouco usada en galego, sobre todo na fala que habilitou outros recursos.

SER + PARTICIPIO

Alí serás atendido como mereces.

Exercicios

Constrúe perífrases:

dar + participio

ir + infinitivo

haber + (de) + infinitivo

hai + que + infinitivo

estar + para + infinitivo

levar + participio

estar + xerundio

ser + participio

seguir + xerundio

ir + xerundio

andar + a + infinitivo

ter + participio

dar + en + infinitivo

querer + infinitivo.

Traduce ao galego:

1) **No volveré a hacer eso, lo juro.**

2) **Ramiro y Pedro fueron a comer patatas con carne.**

3) **Voy a sentarme en esta silla.**

4) **Este partido lo váis a ganar sin esfuerzo.**

5) **Cuando volví a escribir fue pensando en ti.**

Tema 13

O ADVERBIO

O adverbio é un vocábulo invariable en xénero e número; algúns admiten sufixos intensificativos: cedísimo, cediño..., e poden modificar un verbo *(Estudaches pouco)*, un adxectivo *(esa señora non é nada lista)*, outro adverbio *(Esa casa queda moi lonxe)*, ou incluso unha oración enteira *(sinxelamente, debes comer as lentellas)*.

Pola súa banda, eles non poden ser modificados máis que por outro adverbio *(Erguéstesvos moi tarde)* ou por unha frase preposicional *(Afortunadamente para nós, o profesor non foi puntual)*.

Os adverbios completan o sentido da unidade á que van subordinados, expresando unha circunstancia.

1. Clasificación dos adverbios

Segundo a natureza da circunstancia expresada, os adverbios clasifícanse en:

1.1. Adverbios de lugar

Indican a situación no espazo, podemos distinguir dous grupos:

1.1.1. Absolutos

Sitúan no espazo por referencia ao lugar ocupado pola persoa falante, polo seu significado está relacionado cos demostrativos. Estas son as súas formas:

Este lugar	Ese lugar	Aquel lugar
aquí	aí	alí
acó		aló
acá		alá
	acolá	acolá

As formas en -í sinalan un punto preciso:

Parou aquí. Está *aí.* *Alí* non vou.

As formas en -O refírense exclusivamente a movementos, sinalando unha aproximación ou afastamento:

Veu acó. Foi aló.

As formas en -A poden referirse a estados ou movementos, se ben cunha localización máis imprecisa.

Disque estivo por acá. Estará por *alá.*

O emprego de **acolá** non está relacionado coa distancia, pois pode aplicarse a calquera punto que quede dentro do campo espacial designado por **aí** e alí, como ocorría co demostrativo **esoutro**. Ás veces, **acolá** aparece como segundo elemento nunha correlación, pero tamén pode aparecer como única referencia.

Ti senta aquí e ti *acolá.* Deixei as chaves *acolá.*

1.1.2. Adverbios relativos

Sitúan no espazo con relación a un lugar dado. Esta relación pode ser de distintos tipos:

- Interior-exterior: **dentro-fóra**
- Achegado-afastado: **preto/cerca-lonxe**
- Verticalidade: **arriba/enriba/encima-abaixo/embaixo/debaixo**
- Horizontalidade: **atrás/detrás-adiante/diante/enfronte**

  arredor/en derredor/ao redor.

1.1.3. Presentativos

Teñen a función de presentar algo ou alguén.

Velaquí *Velaquí están os papeis que buscabas.*

Velaí *Velaí van os xogadores do Celta.*

Eis *Eis unha solución para o problema.*

Eis acepta a segunda forma do artigo:

Eis a solución para o problema. *Ei-la solución para o problema.*

r

1.1.4. Interrogativos

Onde *Dime onde está Xaquín*

U *U-lo ten noivo?*

1.1.5. Indefinidos

Algures (algunha parte, úsase precedido de preposición):

Perdeuse por algures

Ningures (ningunha parte):

Non imos a ningures por ese camiño.

Xalundes (calquera outro sitio, outra parte, por aí adiante):

Ten que estar xalundes

1.1.6. Locucións adverbiais de lugar

Teñen uso frecuente as seguintes:

Ao redor	**Ao lado**	**Á beira**	**A rente**
A rentes	**A carón**	**Ao pé**	**A desmán**
A contramán	**Por riba**	**Por baixo**	**Alón**
Aquén			

1.2. Adverbios de tempo

Sitúan no espazo un feito ou unha acción, diferéncianse varios tipos:

1.2.1. Absolutos

Toman como referencia o momento do discurso.

Agora	**Antes**	**Despois**
Hoxe	**Onte**	**Antonte**
Trasantonte	**Mañá**	**Pasadomañá**
Antano	**Hogano**	
Arestora	**Outrora**	**Noutrora**

(Arestora = significado ampio de neste tempo).

1.2.2. Relativos

Sitúan unha acción con relación a un referente pasado.

Entón	**Daquela**	**Logo**	**Axiña**
Cedo	**Tarde**	**Aínda**	**Inda**
Xa	**Mentres**	**Namentres**	**Entrementres**

OLLO! Na revisión das Normas de 2003 a forma *entonces* elimínase de forma definitiva,

1.2.3. Indefinidos

Sempre

Decote (Aplícase a accións reiterativas e habituais)

Nunca

Xacando (Ten un significado próximo a noutrora)

1.2.4. Interrogativos

Cando

1.2.5. Locucións adverbiais de tempo

As que aparecen máis frecuentemente son:

O outro antonte, antes de antonte (Trasantonte)

Hoxe en día

Deseguida, enseguida, decontado, de camiño, ao momento, no momento (Axiña, rapidamente, inmediatamente)

De vez (Definitivamente, para sempre)

Ao pouco, de olí a (un) pouco, de aquí a pouco

A seguir (A continuación)

De momento, polo de agora

A deshora, a destempo

A reo (Seguido, sen interrupción)

Ás veces, por veces

De vez en cando, de cando en vez

Ao raro, de raro en raro, de tempo en tempo

A miúdo

Acotío, decotío, a diario

Decontino

1.3. Adverbios de modo

Expresan a maneira de ser ou de se realizar un proceso.

Existen dúas maneiras de formar novos adverbios de modo: a adverbialización dun adxectivo, sen variar a súa forma, ou mediante a derivación a partir do sufixo -MENTE. No primeiro caso poucos son os verbos que permiten esta circunstancia (**falar** /alto-baixo-claro, **correr, andar, petar...**). A utilización dun adxectivo como adverbio esixe que o primeiro se empregue en masculino e singular.

Fala claro que non te entendo.

A formación de novos adverbios por medio do sufixo -MENTE vaise construír a partir da forma feminina do adxectivo.

Rápido - Rapidamente **Claro - Claramente**

Tamén existe a posibilidade de crear este tipo de adverbios partindo do diminutivo ou superlativo dun adxectivo (tamén sobre a forma feminina):

Fortísimo - Fortisimamente

Practicamente todos os adxectivos son válidos para esta construción, pero hai excepcións, case todos os de cor (verdemente, azulmente) ou pechado (pechadamente) non son factibles.

Cando os adverbios así construidos aparecen en forma de relación e unidos pola conxunción E só o último deles leva o sufixo:

Respectuosa e caladamente saíron da casa.

1.3.1. Adverbios mínimos de modo

Hai poucas formas mínimas, xa que a posibilidade comentada de construción de novos adverbios satisfai as necesidades:

Asemade (simultaneamente)	**Así**
Ben, mellor, mal, peor	**Como**
Gratis	**Adrede, aposta**
Engorde, paseniño (a modo)	

1.3.2. Locucións adverbiais de modo

Amodo, amodiño

Devagar, devagariño (lentamente)

Ao xeito (con coidado)

Ás presas, á presa, a escape, a correr

A eito (en cantidade e de calquera maneira)

A feito (de principio a fin)

De súpeto, de socato, de repente, de golpe.

O chou, a rumbo, ás toas, a treu

A dereitas, ao dereito

A propósito, á **mantenta**

Do revés, ao revés

En balde, en van

Ao cabo, á fin (finalmente)

De veras

Polo miúdo (minuciosamente)

Ás claras

Ás agachadas, a furto (secretamente)

1.4. Adverbios de cantidade e precisión

Indican unha cantidade non determinada, ou ben precisan un grao, máis ou menos elevado dunha calidade ou un estado.

1.4.1. Formas mínimas

Abondo	**menos**
Algo	**mesmo/mesmamente**
Bastante	**moito/moi**
Ben	**nada**

Canto	**pouco**
Case/casemente	**só/soamente**
Incluso	**talmente**
Logo	**tanto/tan**
Máis	todo
Malamente	**xusto**
Medio	

1.4.2. Locucións

De menos

De máis, de sobra

Dabondo

De todo, por completo

A medias

Un pouco

Con forza (en abundancia)

A eito, a felxes, ás presas, a fartar, a encher, a barullo

OLLO! Na revisión das Normas de 2003 a forma ***alomenos*** elimínase de forma definitiva. O correcto é ***ao/polamenos.***

1.5. Outros adverbios

1.5.1. Adverbios de orde

Sitúan os elementos nunha serie, neste grupo están as formas rematadas co sufixo -MENTE construidas sobre os numerais ordinais (sobre a forma feminina) ou adxectivos como Ultimo e Final.

O numeral **Primeiro** pode funcionar como adverbio, e tamén Logo e Despois, ás veces, presentan este valor.

Polo que atinxe ás locucións son de moito uso:

Ao comezo	**Ao principio**	**Ao último**	**Por último**
Ao remate	**Ao final**	**Ao cabo**	

1.5.2. Adverbios inclusivos

Introducen un elemento dentro dunha serie.

Mesmo	Incluso	Ata	Até

1.5.3. Afirmación e negación

As formas máis sobranceiras son:

a) Afirmación

Si	Abofé	Tamén
De certo	Así mesmo	

b) Negación

Non	Non xa	Nin
Sequera	Nin sequera	Tampouco

En galego a resposta afirmativa máis común é a que consiste na repetición do verbo da pregunta:

Licheso tema do adverbio? Lin.

Cando na pregunta existe algún adverbio de tempo como: **sempre, nunca, xa, aínda,** a resposta afirmativa pode consistir na simple repetición do adverbio:

Sempre fala tanto? Sempre.

1.5.4. Adverbios e locucións adverbiais de dúbida

a) Formas mínimas

Quizá/quizais	Seica	Acaso	Disque

b) Locucións

Poida que + subxuntivo	Ao mellor	Talvez
Se cadra	Se callar	

• Exercicios

Traduce ao castelán:

1) Que se vou ir ao baile?, abofé que si.
2) Debe estar xalundes, por aquí non o vexo.
3) Camiñamos sempre devagar
4) Arestora están tocando os músicos da banda municipal.
5) Xa temos abondo, así que marchamos.
6) Carlos di que se barbea e fuma asemade.
7) Quizais aí estea a solución do noso problema.
8) Visitabamos acotío as leiras montados nun pobre animal.
9) Facendo iso non chegaredes a ningures.
10) Fixo a quiniela ao chou e tocoulle.
11) Se cadra así aprendades dunha vez.
12) De súpeto foise a luz.
13) Antonte contaba o avó como antano decote apagaba a luz para andar ás agachadas pola casa.
14) Despois de ver os vosos exercicios porei ceros a eito.
15) De certo que o fixo á mantenta.

Fai unha frase coas seguintes locucións e adverbios:

- Velaquí
- Xalundes
- Ao redor
- Arestora
- A rentes
- A carón
- Axiña
- Decote
- A reo
- Polo miúdo
- Á mantenta
- De vez
- De raro en raro
- Ás presas
- A eito

TEORÍA

Topónimos
Palabras conflitivas
Abreviaturas, símbolos e siglas
Familias léxicas irregulares
Regras do B e o V
Apócope
Separación de palabras a final de liña

LETRAS

O H
Problemas de S ou X
Problemas con L e N
Outras Letras

TERMINACIÓNS

-Ano / -ana
-Icio / -icia / -ición
-Ez / -Azgo
-Azo
-illo / -illa
Outras terminacións
Sufixos diminutivos e rematados en -ade
Sufixos -nte dos verbos da 3ª conxugación

LÉXICO

Específico
Léxico administrativo

TOPÓNIMOS

PALABRAS CONFLITIVAS

ABREVIATURAS, SÍMBOLOS E SIGLAS

FAMILIAS LÉXICAS IRREGULARES

REGRAS DO B E O V

APÓCOPE

SEPARACIÓN DE PALABRAS A FINAL DE LIÑA

TOPÓNIMOS

No que atinxe ao seu uso, cómpre ter presente un par de cousas:

O nome da poboación non debe ser empregado de xeito abreviado en ningún dos seus compoñentes: **Caldas de Reis** non Caldas de R., **A Pobra do Caramiñal** non A P. do Caramiñal.

Aparecen en galego de xeito moi cotián unha serie de topónimos comezados por artigo (A **Coruña**, **O Grove**), e na construción de moitas frases vense precedidos por preposicións, neste caso dáse unha contracción coma se fose un artigo corrente:

Merqueino no Carballiño. *E da Estrada.*

A seguir vai a relación dos nomes oficiais dos concellos de Galicia, cuxos xentilicios incluímos como información adicional:

Abadín	Abadinense
Abegondo	Abegondense
Agolada	Agolense
Alfoz	Alfocés/-esa
Allariz	Alaricano/-ana, allaricense
Ames	Amesán/-á
Amoeiro	Amoeirés/-esa*
Antas de Ulla	Ullán/-á
Aranga	Arangués/-esa
Arbo	Arboense
Ares	Aresán/-á
Arnoia (A)	Arnoiao/-á
Arteixo	Arteixán/-á
Arzúa	Arzuán/-á

B

Baiona	Baionés/-esa
Baleira	Baleirense*
Baltar	Baltareño/-ña
Bande	Banduense
Baña (A)	Bañense
Baños de Molgas	Molguense*
Baralla	Barallense
Barbadás	Barbadés/-esa*
Barco de Valdeorras (O)	Valdeorrés/-esa, barquense
Barreiros	Barreirense
Barro	Barrés/-esa, barrense
Beade	BeadésAesa*
Beariz	Bearicense*
Becerreá	Becerreense
Bergondo	BergondésAesa
Betanzos	Betanceiro/-eira, brigantinoAna
Blancos (Os)	Blanquense*
Boborás	Boborense*
Boimorto	Boimortense
Boiro	Boirense
Bola (A)	Bolense*
Bolo (O)	BolésAesa
Boqueixón	Boqueixanés/-esa, boqueixanoAna
Bóveda	Bovedense
Brión	BrionésAesa
Bueu	Buenense
Burela	BurelaoAá, burelense

C

Cabana de Bergantiños	CabanésAesa, cabanense, bergantiñánA
Cabanas	CabanésAesa, cabanense
Caldas	Caldense
Calvos de Randín	Radinense*

Camariñas	Camariñán/-á, camariñés/-esa
Cambados	Cambadés/-esa
Cambre	Cambrés/-esa
Campo Lameiro	Campolameirán/-á
Cangas	Cangués/-esa
Cañiza (A)	Cañicense
Capela (A)	Capelán/-á
Carballeda de Avia	Aviao/Aviá*
Carballeda de Valdeorras	Valdeorrés/-esa
Carballedo	Carballedés/-esa*
Carballiño (O)	Carballinés/-esa, carballinense
Carballo	Carballés/-esa
Cariño	CariñésAesa
Carnota	Carnotán/-á
Carral	CarralésAesa
Cartelle	Cartellés/-esa*
Castrelo de Miño	Miñense*
Castrelo do Val	Valense*
Castro Caldelas	Caldelao/-á
Castro de Rei	CastrexoAa
Castroverde	CastroverdianoAa
Catoira	Catoirense
Cedeira	Cerdeirense
Cee	Ceense
Celanova	Celanovés/-esa
Cenile	CenllésAesa*
Cerceda	Cercedense
Cerdedo	Cerdedense
Cerdido	Cerdidense
Cervantes	CervantegoAa
Cervo	Cervense
Cesuras	CesuránAá
Chandrexa de Queixa	ChandrexaoAá*
Chantada	Chantadino/-a

Coirós	Coirense*
Coles	Colense*
Corcubión	Corcubionés/-esa
Corgo (O)	Corgués/-esa*
Coristanco	CoristanquésAesa
Cortegada	Cortegao/-á
Coruña (A)	Coruñés/-esa, herculino/-a
Cospeito	Cospeitense*
Cotobade	Cotobadés/-esa
Covelo (O)	Covelense
Crecente	Crecetense
Cualedro	Cuadrelao/cuadrelá*
Culleredo	Cullerdense
Cuntis	Cuntiense
Curtis	Curtiense

D

Dodro	Dodrense
Dombría	Dumbriés/-esa
Dozón	Castrexo/-a, castrense

E

Entrimo	Entrimés/-esa*
Esgos	Esgocense*
Estrada (A)	Estradense

F

Fene	FenésAesa
Ferrol	Ferrolán/-á
Fisterra	Fisterrán/-á
Folgoso do Courel	Courelao/-á
Fonsagrada (A)	Fonsagradino/-a, brañego/-a, buxanés/-esa
Fornelos	Fornelense
Foz	FocegoAa, focense
Frades	Fradense

Friol	Friolés/-esa
Forcarei	Forcaricense

G

Gomesende	Gomesendés-esa*
Gondomar	Gondomareño/-a
Grove (O)	Groveiro/-a, grovense
Guarda (A)	Guardés/-esa
Gudiña (A)	Gudiñao/Gudiñá*
Guitiriz	Guitiricense
Guntín	GuntinésAesa*

I

Illa de Arousa (A)	Illeu/-a, illeiro/-a, insular
Incio (O)	Inciense
Irixo (O)	Irixence
Irixoa	IrixoésAesa*

L

Lalín	Lalinense
Lama (A)	Lamense
Láncara	Lancarao/-á
Laracha	Larachés/-esa
Larouco	Laroucao/-á*
Laxe	Laxense
Laza	Lacense*
Leiro	Leirensés/-esa*
Lobeira	Lobeirán/-á*
Lobios	Lobiense*
Lousame	Lousamián/á
Lugo	Lugués/-esa, lucense

M

Maceda	Macedao/-á*
Malpica de Bergantiños	MalpicánAá

Manzaneda	Manzanedense*
Maftón	Mañonés/-esa
Marín	Marinense
Maside	Masidao/-á
Mazaricos	Mazaricán/-á
Meaño	MeañésAesa
Meira	Meirao/-á
Meira	Meirego/-a, meirense
Meis	MeisiñoAa, meisense
Melide	MelidaoAá, melidense
Melón	MelonésAesa
Merca (A)	Merquense
Mesía	Mesiense
Mezquita (A)	MesquitésAesa
Miño	Miñense
Moaña	MoañésAesa
Moeche	ModestinoAa
Mondariz	Mondaricense
Mondariz-Balneario	Mondaricense
Mondoñedo	Midoniense
Monfero	MonferésAesa
Monforte	MonfortinoAa
Montederramo	Montederramés/-esa
Monterrei	Montederrense
Monterroso	Monterresino/-a
Moraña	MorañésAesa
Mos	Mosense
Mugardos	Mugardés/-esa
Muíños	Muiñense*
Muras	Muresán/-á*
Muros	MuradánAá
Muxía	MuxiánAá

N

Narón	NaronésAesa
Navia de Suarna	NaivegoAa
Neda	Nedense
Negreira	NegreirésAesa, nicrariense
Negueira de Muñiz	Negueirés/-esa*
Neves (As)	Nevense
Nigrán	NigranésAesa
Nogais (As)	Noguense*
Nogueira de Ramuín	Ramuinense*
Noia	Noiés/-esa

O

Oia	Oiense
Oímbra	OimbraoAá*
Oleiros	Oleirense
Ordes	Ordense
Oroso	OrosánAá
Ortigueira	Ortigueirés/-esa, ortigueirán/-á, urticariense
Ourense	Ourensán/-á, auriense
Ourol	OurolésAesa*
Outeiro de Rei	Outeirán/-á*
Outes	Outiense
Oza dos Ríos	Ocense*

P

Paderne	Padernés/-esa*
Paderne de Allariz	Padernés/-esa*
Padrenda	PadrendésAesa
Padrón	Padronés/esa, iriense
Palas de Rei	Palense
Pantón	PantonésAesa*
Parada de Sil	Silense

Paradela	Paradelense
Páramo (O)	ParamésAesa*
Pastoriza (A)	Pastoricense
Pazos de Borbén	Pacense
Pedrafita do Cebreiro	Cebreirego/-a
Pereiro de Aguiar (O)	Pereirense*
Peroxa (A)	Peroxense*
Petín	PetinésAesa
Pino (O)	Pinés/-esa*
Piñor	Piñorense
Pobra de Brollón (A)	Pobrense
Pobra de Trives (A)	TrivésAesa
Pobra do Caramiñal (A)	Pobrense
Poio	Poiense
Pol	Polense*
Ponteareas	Pontearean/-á
Ponte-Caldelas	PontecaldelánAá, caldelánAá
Ponteceso	PontésAesa
Pontecesures	Cesureño/-a
Pontedeume	PontedeumésAesa, eumésAa
Pontedeva	PontedevésAesa
Pontenova (A)	PontenovésAesa
Pontes de G^a Rodríguez (As)	PontésAesa
Pontevedra	PontevedrésAesa, teucrino/-a.
Porqueira	PorqueirésAesa
Porriño (O)	Porrifiés/-esa
Portas	Portense
Porto do Son	Sonense
Portomarín	Portomarinense
Punxín	PunxinésAesa

Q

Quintela de Leirado	Quintelán/-á
Quiroga	Quirogés/-esa

Rábade	Rabadense
Rairiz de Veiga	Veiguense*
Ramiráns	Ramirense
Redondela	Redondelán/-á, choqueiro/-a
Rianxo	Rianxeiro/-a
Ribadavia	Rivadaviense
Ribadeo	Ribadense
Ribadumia	Ribadumiense
Ribas de Sil	Ribasilense
Ribeira	Ribeirán/-á, ribeirense
Ribeira de Piquín	Ribeirego/-a
Río, San Xoán de	Riés/-esa*
Riós	Riense
Riotorto	RiotorteñoAa, riotortense
Rodeiro	Rodeirense
Rois	Roisense
Rosal (O)	RosalésAesa
Rúa (A)	RuésAesa
Rubiá	RubiaoAa

S
o

Sada	Sadense, sadésAesa
Salceda	Salcedense
Salvaterra de Miño	Salvaterrense
Sanios	Samonense
San Cibrao das Viñas	Cibrense
San Cristovo de Cea	CeésAesa
San Sadurniño	Sadurniñense*
Sandiás	SandiaoAá
Santa Comba	Santa CombésAesa, xalleiro/-a
Santiago de Compostela	Santiagués/-esa, compostelán/-a
Santiso	Santisés/-esa
Santo Amaro	Amarense

Sanxenxo	Sanxexino/-a
Sarreaus	Sarreaus*
Sarria	Sarriao/-á
Saviñao (O)	Saviñádigo/-a
Silleda	Silledense
Sober	SoberinoAa
Sobrado	Sobradés/-esa
Somozas (As)	Somocense
Soutomaior	Soutomaiorense
Taboada	TaboadésAesa
Taboadela	Taboadelense
Teixeira (A)	TeixeirésAesa
Teo	Teense
Toén	Toenés/Toenesa
Tomiño	Tomiñés/Tomiñesa
Toques	Toquense
Tordoia	Tordoiense*
Touro	Tourense*
Trabada	TrabadésAesa
Trasmiras	Trasmireño/-a*
Trazo	Tracense*
Triacastela	Triacastelao/-á*
Tui	Tudense*
Val do Dubra	DubrésAesa, valdubrésAesa
Valadouro (O)	Valadourés/-esa
Valdoviño	Valdoviñés/-esa
Valga	Valgués Aesa
Vedra	VedrésAesa
Veiga (A)	Veiguense
Verea	Vereense
Verín	VerinésAesa, verinense

Viana do Bolo	Vianés/-esa
Vicedo (O)	Vicedense
Vigo	Vigués**A**esa, olívico**A**a
Vila de Cruces	Cruceño/-a
Vilaboa	Vilaboés**A**esa
Vilagarcía de Arousa	Vilagarcián/-á, aurosán/á
Vilalba	Vilalbés**A**esa, chairego/-a
Vilamarín	Vilamarinés/-esa
Vilamartín de Valdeorras	Vilamartinés/-esa
Vilanova de Arousa	Vilanovés/-esa, aurosán/-á
Vilanova de Lourenzá	Laurentino/-a
Vilar de Barrio	Barriés/-esa
Vilar de Santos	Vilasantés/-esa
Vilardevós	Vilardexense
Vilariño de Conso	Vilariñés**A**esa
Vilarmaior	Vilarmaiorés**A**esa
Vilasantar	Vilasantarés/-esa*
Vimianzo	Vimiancés/-esa
Viveiro	Viveirés**A**esa, viveirense, vivariense

Xermade	Xermadés/-esa
Xinzo de Limia	Limiao/-á, limego**A**a
Xove	Xovense
Xunqueira de Ambía	Xunqueirao/-á
Xunqueira de Espadanedo	Xunqueirao/-á

Z

Zas	Zaense*

(*) Non existe un acordo oficial sobre o xentilicio.

Nota: Os xentilicios rematados en -**ENSE** e **–EAUS** refírense tanto para a denominación masculina e feminina; o carácter de xénero vén dado, cando é substantivo, polo xénero do artigo ou demostrativo que o presenta e, cando é adxectivo, polo xénero do substantivo ao que acompaña.

Ano / Año

Ano, Período de tempo (365 ou 366 días).

Año. Cría da ovella, cordeiro.

Balor / Valor

Bafor. Mofo.

Valor. Afouteza, calidade dos valentes.

Niño / Neno

Niño. Casa dos paxaros ou outros animais.

Neno. Cría do ser humano.

O fin / A fin

O fin. Finalidade, obxectivo.

A fin. Remate dalgunha cousa.

Á / Aba

Á. Ou ben contracción de A (preposición) + A (artigo), ou parte das aves, dos avións, dos edificios ou dos exércitos.

Aba. Parte do sombreiro.

Falda / Faldra / Saia

Falda / Faldra. Carne de res.

Faldra / Saia. Peza de roupa.

Faldra. Parte dunha montaña, aba, ladeira.

Testemuña / Testemuño

Testemuña. Persoa que testifica, ou presencia algunha cousa.

Testemuño. Declaración que dá a testemuña.

Exercicios

Traduce ao galego:

Los militares de alto grado si no comen cigalas no se quedan contentos.

Cuando estábamos ahí tenías muchos granos en la cara.

¿Con qué hiciste esa mesa? es necesario un alto grado de habilidad.

No es ese sino aquel el hombre que dice ay.

Ahí estáis, conque a estudiar gallego.

Farruco dice que el ángulo recto hierve a noventa grados.

Vete al grano, ¿Sois parientes de segundo grado o no?

Si ellos no lo quieren otros lo querrán de buen grado.

Es un gran maestro, sabe todos los porqués.

El incendio le provocó quemaduras de segundo grado.

No tiene sentido común, siempre va por sentido contrario.

No doy crédito a loque oigo, no soportas el agua a menos de sesenta grados.

Pedir un crédito a ese banco es como querer conocer el porqué del origen del Universo.

El sentido de la vista no permite percibir los granos que tiene, el maquillaje hace milagros.

Sé donde vives, ahí, en esa calle, conque ya me estás devolviendo los libros de cuarto grado de ingeniería si no quieres que le diga a tu novia que eres una persona sin crédito.

Tiene mucho interés en poner su firma en el libro de visitas.

La entrada secreta sólo la conozco yo, pero el padre Andrés sospecha algo.

No es un secreto que falta a las pasantías día sí y otro también.

Sólo le dije hola y me llenó el cuerpo de cardenales.

No escuches cantos de sirena y firma por nuestra firma comercial.

En la sede eclesiástica pasan mucha sed.

Siempre dice lo mismo: padre no hay más que uno y tonto el último.

Sus últimas palabras fueron para dejar claro el derecho de paso.

No creo que sea buena idea invertir tanto dinero.

Mi patrón os acusa de inversión sexual, y prohibirá al banco que pague los intereses de vuestra cuenta.

26) Se necesita valor para recorrer la falda de la montaña.

27) El niño buscaba nidos todo el año.

28) El fin de semana vi nacer un cordero.

29) Las alas de los sombreros tienen el fin de proteger del sol.

30) El abogado recurrirá la sentencia si tu testimonio fue falso.

ABREVIATURAS, SÍMBOLOS

A abreviación consiste no emprego de determinadas formas de palabras ou sintagmas de forma reducida. Dáse cando se sobreentende que o oínte ou lectora coñece o que se omite e é quen de interpretar correctamente a mensaxe.

Aparecen dous casos: a abreviación de palabras (abreviacións e símbolos) e a abreviación de sintagmas (siglas).

1. Abreviación de palabras

Pode producirse por supresión de letras ou sílabas (abreviatura) ou polo emprego dunha letra que simbolice unha palabra (símbolo).

1.1. **As abreviaturas** van ir seguidas de punto: Sr., nov. etc., D. Nalgúns casos tamén se emprega unha barra (/) no canto do punto: c/ cargo, c/c conta corrente, r/ rúa.

As abreviaturas poden ser :

a) Simples: constan dun só termo (Sr., D.)

b) **Compostas:** teñen máis dun termo (s.a., s.l.)

c) Dobres: expresan o plural repetindo a letra (CC.OO., EE.UU.)

1.2. **Os símbolos** son as letras ou conxunto de letras que na ciencia e na técnica representan unha palabra ou mesmo un sintagma. Posúen unhas peculiaridades que as diferencian das abreviaturas:

a) Son instituidos por organismos internacionais, polo tanto non son de libre creación.

b) Non levan nunca punto abreviativo (**m** e non m., **km** e non km.)

c) Non admiten morfema de plural (7 m e non 7 ms)

2. Abreviación de sintagmas

As siglas son a xustaposición de iniciais dun sintagma que dá lugar a unha formación léxica diferente de cada unha das palabras que lle dan orixe e as cales substitúe (OTAN, BOE, DOGA).

As siglas, que non levan puntos de separación, fan referencia a nomes de organismos, sociedades, asociacións...: ONU, TVG etc.

Comisións, servizos, departamentos...: DXPL (Dirección Xeral de Política Lingüística).

Cando as siglas só recollen a inicial das palabras básicas, escríbense con maiúsculas e sen punto de separación. Polo contrario, algunhas siglas xa lexicalizadas por completo adoitan escribirse con inicial maiúscula e as outras en minúsculas (Unesco, Unicef, Astano, Fenosa), e outras, pola súa banda, totalmente en minúsculas. Estas últimas son consideradas xa como palabras normais, con entrada nos dicionarios, e admiten flexión de xénero e número (ovni, láser, talgo...).

As siglas van levar o xénero da sigla inicial, co cal o artigo debe concordar con esta en xénero e número: a ONU, o DOGA.

Xa para rematar só sinalar que aparecen na lingua galega unha serie de siglas que conservan a forma que tifian na lingua de orixe KGB, UNESCO... e que se deben considerar empréstimos; outras, pola súa banda, son adaptadas ao noso idioma a partir dunha tradución OTAN por NATO, ONU por UNO...

FAMILIAS LÉXICAS IRREGULARES

Existen na lingua galega unha serie de palabras que pertencen a unhas familias léxicas denominadas irregulares. Explicareime, trátase de familias de palabras que adoptan unha forma patrimonial (máis galeguizada para entendérmonos) ou semiculta/culta (máis conservadoras no tocante á sua evolución da lingua orixe).

Este é polo momento o rexistro en que entran os vocábulos no galego.

Precisamente esa diferenza conduce a engano no caso de certas palabras que son moi habituais na nosa fala e escrita.

Entre as máis frecuentes están:

Formas patrimoniais	**Formas semicultas/cultas**	**Formas patrimoniais**	**Formas semicultas/cultas**
Anxo	Anxélico	**Doente**	Indolente (-mente)
	Anxelical	**Adoecer**	Indolencia
	Ángelus	**Evanxeo**	Evanxelista
Cor	Color		Evanxelización
Corido	Colorido		Evanxelizar
	Coloración		Evanxelizado
	Colorante		Evanxélico/a
	Colorismo	**Lúa**	Lunar (rel. á lúa)
	Colorista	**Luar (luz da lúa)**	Lunático
	Incoloro	**Aluar**	
Coroa	Coronario/a	**Galardoar**	Galardón
Coroación		**Galardoado/a**	
Coroamento		**Lume**	Luminoso
Coroar		**Alumear**	Iluminar
Dor	Dolor	**Iluminación**	
Dorido		**Luminosidade**	
Doer	Doloroso (-mente)		Luminaria
Doenza		**Moa**	Molar

Formas patrimoniais	Formas semicultas/cultas	Formas patrimoniais	Formas semicultas/cultas
Amontoado	Montón	**Resoar**	Resonancia
Amontoar		**Resoador**	
Orde	Ordenar	**Resoante**	
	Ordenación	**Vontade**	Voluntarlo
	Ordenamento		Voluntarioso
	Ordenador		Voluntariamente
	Ordinario	**Xeral** (adx.)	Xeneral
Perdoar	Perdón	**Xerar**	Xeneralizar
Perdoado		**Xeralmente**	Xeneralidade
Persoa	Personaxe	**Xeración**	Dexeneración
Persoeiro	Personalidade	**Xerador**	Dexenerar
Persoal	Personalizar	**Xerado**	Dexenerado
Persoalmente	Personificar	**Xerativo**	Xenerativo
	Personalismo	**Xeratriz**	Xeneralización
Só, Soa	Solitario	**Xeracional**	Xénero
Soidade			Xenérico
Soamente		**Xeado**	Xelado (Substantivo)
Soar		**Xeada**	
Asoante	Consonancia	**Xear**	
Consoante	Consonante		
	Consonántico		
	Consonantismo		

Exercicios

Traduce ao galego:

1) **Ese pintor usa el color de una forma tan** indolente **que produce dolencias en los ojos.**
2) **Nosotros creemos que por ser solitarios tenéis una personalidad lunática.**
3) **No me gusta personalizar pero el único que se presentó voluntariamente fue Pedro.**

4) Tu conducta sólo nos produce dolor, adoleces de lo que tiene que tener una persona.

5) Pensaban que comprando un ordenador pondrían orden en su vida, pero alunizaron en terreno desconocido.

6) La coloración lunar es objeto de estudio en la actualidad.

7) Los generales de esa generación no buscan personalismos, por regla general.

8) La soledad es la lumbre en la que se consumen las personas y los personajes, generadora de comportamientos lunáticos.

9) Es extraordinario como ha degenerado hasta ese punto.

10) La generación de mis padres solamente entiende los colorines de tus cuadros.

11) Hubo un rey al que llamaban «El doliente», no debía ser una luminaria.

12) Tengo por misión alumbrar la senda de los que recorren el doloroso camino de las oposiciones.

13) El general que pide voluntarios para la guerra, personalmente creo que está destinado a ser una personalidad solitaria.

14) Por mucha voluntad que tengas no puedes luchar contra el ordenamiento jurídico.

15) Cuando se apagó el generador tuvisteis una idea luminosa.

16) Cuando seas comerciante comprederás lo difícil que es elegir el género textil.

17) No sabes lo que me duele que estés siempre en la luna.

18) Se tiñó el pelo de una forma muy colorista, dice que así gana en personalidad.

19) Tenía un lunar en la frente y otro en un sitio en el que generalmente no lo hay.

20) Su novia es tan voluntariosa como él indolente, ¡que pareja!

21) Esos refrescos sólo tienen colorantes y conservantes autorizados.

Define:

Un líquido que non ten cor é _____

Texto representado por persoas _____

Algo que causa dor _____

Manchas na pel _____

O que non ten compaña _____

Máis alto grao militar _____

O que fai algo porque quere (faino) _____

Está frío, é de sabores (cómese) _____

Peza dental (para mastigar)

Se te meten no conxelador estás

Relativo ás moas

Cando levas un golpe estás

A igrexa do Evanxeo é

Se non é vocal é

O Papa **reza o**

Poñer **cousas enriba doutras é**

Dar o perdón a alguén

Unha canción habitual

Premio, distinción

REGRAS DO B E DO V

Non é doado para os que queren escribir en galego, e sempre o fixeron en castelán, evitar caer no erro do emprego incorrecto do B e do V. Sendo ambas linguas filias da mesma nai, o latín, a súa evolución afastounas ao tomaren cadansúa solución lingüística.

Ter coñecementos de latín sería a solución máis definitiva, pero como este libro trata de ser un manual eminentemente práctico contentarémonos con coñecer as regras básicas e as palabras que aparecen con maior asiduidade no noso idioma e que se grafan de diferente xeito ao castelán.

1. Escríbese B

- Nos verbos *caber, deber, beber, haber, saber, sorber e lamber* (e os seus derivados).
- Nos verbos rematados en -**BIR**:

  Recibir, percibir... (agás **servir, vivir, vir e derivados**).
- Nos verbos rematados en -**BUÍR**:

  Retribuir, atribuir...
- Nas 1ª e 2ª persoas do singular e nas tres do plural dos pretéritos imperfectos de indicativo dos verbos da primeira conxugación:

  Amaba, amabas, amabamos, amabades, amaban.
- Precedendo a outra consoante:

  Obcecar, abdome, bloque, branco, substantivo, abril, abstemio, absurdo, abreviatura, abrillantar, abnegado, obsequio, obxecto, obra, libre....(agás **acivro, ávrego).**
- Nas palabras que comezan cos prefixos BEN-, **BI-**, BIS-, BIO-:

  Benfalado, benvido, benestar, bicarbonato, bígamo, bicicleta, bisílaba, biografía, bioloxía...(**Ollo, non as que comezan por vice- vicepresidencia, vicesecretaría...**).

Nas palabras que comezan por **BIBL-, BUR-, BUS-, BU-**:

Biblioteca, bibliografía, burgués, burla, busto, buscar, bufanda, búfalo... (agás **vurullo**).

Nas palabras que comezan por **ABU-, ABUR-, ABUN-**:

Abulia, abundancia, aburguesamento... **(Ollo, avultar e derivados)**.

Nas palabras rematadas en **-BILIDADE:**

Mobilidade, habilidade... (agás **civilidade e derivados**).

Palabras derivadas de móbil:

Mobilizado, automóbil...

Nas palabras rematadas en **-BUNDO:**

Vagabundo, meditabunda...

Nas palabras rematadas en **-ILABO**:

Tetrasílabo...

Escríbese V

Nos verbos acabados en **-VER:**

Mover, ver... (agás **beber, deber, lamber, caber, haber, saber, sorber e derivados).**

Nos verbos rematados en **-VERSAR, -SERVAR:**

Reservar, observar...

Despois de **B, D,** e **N:**

Obvio, adverbio, envelenar...

Nas palabras que comezan polo prefixo **VICE-**:

Vicesecretario, vicepresidenta...

Despois de **LE-, DI-** cando son principio de palabra:

Levantar, levitar, dividir, divorcio... (agás **lebre e derivados**).

Nas palabras que principian por **EVE-, EVA-, EVO-, EVI-**:

Eventual, evaporar, evolución, evidencia... (agás **ébano, ebonita e derivados).**

- Nas palabras rematadas co sufixo **-ÍVORO/A**:

  Carnívoro, omnívoro, fruxívoro... (agás **víbora)**

  Nas palabras que rematan en **-TIVO/A, -TIVAMENTE:**

  Optativo/a, iniciativa, primitivamente...

- Nos nomes das **estacións do ano** e dos **numerais**:

  Inverno, primavera, verán, nove, vinte, vixésimo...

3. Palabras máis comúns que cambian de galego a castelán

Abelá	Esvelto	Varanda
Avó/Avoa	Gravar	Varrer
Avoengo	Garavanzo	Vasura
Avogada	Marabilla	Verniz
Chibo	Móbil	Voda
Chuvasco	Pavillón	Vogar
Corveta	Ravo (planta)	Voitre
Covarde	Rebentar	Vulto
Escaravello	Trevo	Xavelina
Escarvar	Trobador	

- **Exercicios**

Traduce ao galego:

1) **Mi bisabuelo conocía a un trovador.**
2) **Es una maravilla ver caer los chubascos en la tele.**
3) **Tenía la extraña costumbre de disecar escarabajos, buitres y abubillas.**
4) **La barandilla de su casa recorría todo el pabellón norte.**
5) **Con tanto barullo, la grabación quedo fatal.**
6) **Ayer tu madre tuvo que lavar, barrer y tejer una bufanda.**
7) **El vicepresidente de la comunidad no se sintió bienaventurado hasta que tomó bicarbonato.**

8) Está obcecado en emplear palabras trisílabas, como por ejemplo cobarde.

9) Aquel automovilista demostró gran habilidad para no sucumbir.

10) La biografía del Vizconde de Betanzos es una obra increíble.

11) ¡No hombre, la víbora no es un animal herbívoro!.

12) Beber y conversar es lo que más le gusta.

13) Divulgaron la iniciativa de su abuela.

14) La abundancia de vagabundos se debe a que perciben la posibilidad de una boda.

15) Ese biólogo considera una vulgaridad usar el bisturí para reventar bolsas.

16) Mi bisnieto tiene un busto del vicesecretario en el recibidor que está barnizado.

17) La deuda del gobierno con los albañiles es consecuencia de la privatización del sector.

18) Cantabas cuando creías que no encontrarían el cadáver en la taberna.

19) Los sorbetes de avellana saben mejor que los de garbanzo.

20) Te he dicho veinte veces que el número cinco no es divisible por dos.

21) En esta casa no son bienvenidos ios capitanes de corbeta.

22) El Deportivo consiguió un resultado abultado.

23) Resbalé cuando pisé el agua que habías vertido.

24) Los pasos de las liebres son leves.

25) Debe llover hoy o mañana para que se salve la cosecha.

26) Me dejó acobardado cuando le vi lanzar la jabalina.

27) Ese chivo está como una cabra.

28) Tomar un subfusil requiere una buena dosis de valor.

29) Sentado en el diván no conseguirás jamás ser esbelto.

30) Aunque encuentre un trebol de cuatro hojas no tendrá nunca una familia de abolengo.

Completa con B ou V:

Pol_o	__ol__oreta	Ti__en	Pom__a
A_ella	Chi_o	Gai__ota	__ulto
Tro_ador	__arrer	__ulgar	A__ogado
__urullo	Re__entar	Gra__ar	__uscar
__alorecer	__esar	__anzo	__eludo
__ermello	__aleiro	Co__arde	Go__erno
Lu_as	__arullo	__illa	Mara__illa
Inser__ible	__usto	__írgula	Mó__il

O APOCOPE

Na nosa lingua aparece nos adxectivos Grande e Santo.

Escoller entre Gran e Grande vai ao gusto do consumidor, aínda que se considera máis tradicional a forma plena (Grande).

No que atinxe a Santo, a forma apocopada (San) só afecta ao masculino singular, e, neste caso, cando aparece diante de nomes que comezan por consoante. A forma plena (Santo) é obrigatoria ante nomes comezados por vogal e tamén coa palabra Cristo.

• Exercicios

Traduce ao galego:

1) **No es que sea un gran ingeniero, pero está protegido por San Cosme.**
2) **Grande fue mi disgusto cuando Santa Rita no me concedió el deseo.**
3) **San Antón y San Pedro son los más grandes santos.**
4) **Como no era un gran médico se especializó en medicina forense.**
5) **Tus palabras tuvieron una gran repercusión social.**
6) **Yo por si las moscas voy mañana a San André de Teixido.**
7) **Santa Ana y Santa María son imagenes más pequeñas que el gran Santo Cristo del altar.**

SEPARACIÓN DE PALABRAS A FINAL DE LIÑA

Cando existe a necesidade de partir unha palabra ao final da liña, a división debe respectar as sílabas que a compoñen. Para o facer correctamente, cómpre ter presente unha serie de regras:

1. Os dous elementos dun dígrafo (LL, CH, RR, NH) non poden separarse, xa que representan un son único:

   Pele - llo

   Du - cha

   Deste - rrado

   Ningu - nha.

2. Cando nunha palabra aparece unha secuencia de dúas consoantes entre vogais, a separación silábica faise entre as consoantes:

Ac - tual	Ab - dome	Ad - misión
Ec - cema	Adap - tación	Amig - dalite
Ét - nia	Om - nívoro	Ad - hesión.

   Cando as dúas consoantes forman unidade (BL, BR, PL, PR, CL, CR, GL, GR, DR, TL, TR, FL, FR) non se poden separar:

   Ca - ble Co - bra Com - pleto So - prar.

3. Cando hai máis de dúas consoantes existen dous casos:

3.1. Se o grupo termina en -L ou -R, a consoante que as precede forma sílaba con elas:

   Es - trada Ex - tremidade Ins - trución Em - blema.

3.2. Nos demais casos a separación silábica faise antes da última consoante:

Abs - tención Sols - ticio Trans - piración Ins - tituto.

4. Naquelas palabras construidas por prefixación e nas que aínda non se perdera conciencia do prefixo, é recomendable facer a partición entre o prefixo e a base:

Bis - avoa Trans - oceánico.

Pero tampouco sería incorrecto dividir en sílabas normais:

Bi - savoa Tran - soceánico.

5. Cando aparecen dúas vogais xuntas poderán separarse se forman hiato:

Co - ello Re - alismo Mu - íño

Non poderán separarse se forman diptongo:

Vim - bio Espe - cial Cien - cia

Se hai tres ou máis vogais xuntas pode separarse a primeira sempre que non forme parte dun diptongo ou un triptongo:

Ensa - iar Distribu - íu Xe - niais.

6. Cando o guión que separa a segunda forma do artigo ou os dous termos dunha palabra completa coinciden en final de liña sempre hai que repetilo no comezo da liña seguinte:

Debes estudar para obte-
-lo aprobado.

Agora pertence ao PSG-
-EG.

Padece unha típica crise maníaco-
-depresiva.

Por último, lembrar que debe evitar deixarse unha letra soa ao final de liña, por razóns de estética.

8 Exercicios

Sinala as palabras mal separadas, supoñendo que a barra / indica cambio de liña:

Ma-/chete	Co-/uto	Le-/irón	Ex-/ame
Per-/spicacia	Grama-/lleira	Algun-/ha	Exac-/to
Ambigu-/o	Soci-/ais	Sei-/xal	Ref-/resco
Proc-/lamación	Xen-/ro	Adop-/tar	Reac-/ción
Bis-/avó	Trans-/atlántico	Xesu-/íta	Co-/ordinar

Sinala todas as posibilidades de separación a final de liñas das seguintes palabras:

Delincuencia.

Raíña.

Obxectivo.

Areeiro.

Carraxe.

Subscrición.

Miúdo.

Científico.

Desdobralo.

Comunmente.

Ensaiou.

Xoia.

Acción.

Coroado.

Continuidade.

Conspiradora.

Lactante.

Obscenidade.

Coengo.

Pallaso.

Corrixe os erros na partición de palabras que atopes:

Penso que deberías ser máis reflex-
ivo e non votar a esa coalición PG-
XG só por que che gusta a lou-
ra que reparte a propaganda.

Fai o favor de saír cando conclú-
-as con ese traballo, non esquezas a-
pagar a luz, o aire acondicionado ou mel-
lor dito a calefacción.

Non nos importa que sexa francés, ing-
lés ou alemán, o que xa non queremos é enc-
her a empresa de xente que non sai-
ba falar galego.

0 seu problema era unha enfermidade maníaco-
-depresiva que lle facía parecer ante os olios dos dema-
is unha especie de monstro, cousa que non era de ningun-
ha maneira.

O H

PROBLEMAS DE S OU X

PROBLEMAS CON L E N

OUTRAS LETRAS

o **h**

Aínda que podería dicirse que a norma máis xeral é colocar en galego un F onde en castelán aparece **H** existen moitos casos que contradín esta regra.

Ás veces, por tratárense de palabras de orixe grega ou latina que entraron na nosa lingua como palabras cultas ou semicultas e conservan o **H.**

Pero non son estes os únicos casos.

1. Prefixos máis coñecidos

Halo
Hecto
Heli / Helio
Hema / Hemat / Hemato
Hemi
Hendeca
Hepato
Hept / Hepta
Heter / Hetero
Hex / Hexa
Hidr / Hidro / Higro
Hiper
Hipn / Hipno
Hipo (debaixo)
Hipo (cabalo)*
Holo
Homeo
Homo

* Hipo (castelán) Impo, salouco (galego).

2. Tamén levan H por contra do castelán

Harmonía (e a súa familia léxica)
Harpía

Levan H en posición intermedia

Alcohol / Alcol	Exhortar	Prohibir
Adhesión	Exhumar	Superhome
Bohemio	Filharmónica	Unha
Coherencia	Inherente	Vehemencia
Deshonra	Inhóspito	Vehículo
Desinhibir	Inhumano	
Exhibir	Ningunha	

Non levan H

Alelí	Inchar	Orchata
Baía / Badía	Irmán	Orfo
Desinchar	Oco	Ovo
Ermida	Ola	Truán
Ermitán	Ombro	Úmero ..

Levan F no canto de H

Afogar	Fermosura	Fume
Almofada	Ferramenta	Fungo
Bafo	Ferro	Furacán
Faba	Fidalgo	Furto
Faia	Fígado	Mofo
Falcón	Fillo	Tafona
Fame	Fio	Tafur
Fastio	Folgazán	Refén
Farina	Formiga	
Ferida	Formigón	

Exercic

Traduce ao galego:

Sus hermanos dan hierba a los caballos cerca del hospital.

Nunca serás un héroe ni **un superhombre mientras seas tan holgazán.**

Los hidalgos murieron ahogados de forma humillante.

La humedad produce moho en las cosas, eso es lo que pasa en la cocina del Hospicio.

Siendo huérfano no queda más remedio que ser humilde.

Cuando caí por el hueco de la escalera me lastimé el **hombro.**

Tienes que desinhibirte y decir por lo menos ¡hola!

Esa prohibición me parece inhumana, una injusticia que rompe la armonía.

Nunca estáis de buen humor, aunque os hipnoticen.

Exhortó con vehemencia a aquellos truhanes.

La humanidad necesita más alhelíes y menos horrores.

De primer plato tomaré huevos fritos, de segundo habas con harina y para beber horchata.

Tienes una rueda deshinchada en tu vehículo, pero no es ninguna deshonra.

Menos mal que llevas luces halógenas, no se ve nada en varias hectáreas.

¡Que susto! se rompió el húmero y es hemofílico.

Cree que ser bohemio consiste en beber hectolitros de alcohol.

Vuestros examenes **me produjeron una hemorragia cerebral, nadie sabe lo que significa heliocéntrico.**

El hormigón no es el macho de la hormiga, por lo menos en el Hemisferio Norte.

Vivía como un sultán en su harén, pero acabó en la horca.

Como su nombre indica endecasílabo se refiere a once sílabas.

¡Que lástima! toda el agua de la bahía está llena de hidrocarburo.

¡Pues no queridos alumnos! no es lo mismo homosexual que heterosexual.

Nos hizo una exhibición de humor negro en aquel inhóspito **hospicio.**

Hogaño es lo contrario de antaño.

Hasta que llegaron con aquella aguja hipodérmica **que parecía un arpón no me puse nervioso.**

26) Dices que tu suegra es una arpía horrible, culpable del holocausto judío entre otros crímenes, vigila la hipertensión.

27) La hipótesis de que el hipo lo provocan los hongos de los pies es muy vieja.

28) Ya sé que los ejercicios sobre ortografía conducen al hastío, y que los alumnos os sentís rehenes de un profesor loco.

29) Sobre la mesa de haya el tahúr jugó con habilidad sus cartas.

30) Nos preguntaron sobre las palabras homógrafas y como se halla el área de un hexaedro.

31) Los cristales de la tahona estaban cubiertos de vaho.

PROBLEMAS DE S OU X

Por regra xeral o **X** ocupa o lugar que en castelán ten a letra **J** dentro das palabras, esta unicamente aparece en galego en voces prestadas.

Por outra banda, tamén hai que contar cos prefixos de orixe latina **-EX / -ES / -E** que significan movemento cara ao exterior, e **-EXTRA,** fóra de.

Así pois, o panorama que achamos no emprego do **X** é un tanto complexo, sobre todo porque, á parte dos casos comentados, existen vocábulos que varían con respecto ao castelán.

1. Emprégase S a diferenza do castelán

1.1. No canto de Z

Biscoito
Esquerda (e derivados)
Lapis
Mesquiño (e derivados)
Mesquita
Polisón
Torresmo
Xasmín

1.2. No canto de X

Esaxerar (e derivados)*
Escavar (e derivados)
Escéptico (e derivados)
Escusar (e derivados)*
Esixir (e derivados)*
Espoliar (e derivados)
Espremer (e derivados)
Estender (e derivados)*
Estranxeiro (e derivados)
Estrañar (e derivados)
Osíxeno (e derivados)
Sesaxenario
Sesaxésimo

OLLO! A locución «De extranjis» tradúcese en galego «Por tras da porta, ás agachadas».

Logo da revisión de xullo de 2003 admítense tamén **exaxerar** e **exixir**.

«Excusado» emprégase en castelán como eufemismo, en galego non ten ese valor, así «escusado» será sempre participio do verbo escusar podendo ter valor de adxectivo. Co outro valor en galego úsase a voz «retrete»,

Estender conxúgase con **S,** pero na formación de substantivos, adxectivos e adverbio leva **X** *(Extensión, Extensivo, Extensor, Extenso, Extensamente).* ¡

1.3. Non levan S

Diminuir (e derivados)	Subtraer (e derivados).

Levan X a diferenza do castelán

2.1. X no canto de S

Xarampón*	Graxa (e derivados)
Taxa	Xastre (e derivados)
Bruxelas (e derivados)	Cornixa
Enxalzar	Igrexa

* Tamén é correcta a forma **Sarampelo**.

2.2. X no canto de Y

Cónxuxe (e derivados)	Conxuntura
Inxección (e derivados)	Maxestático
Pexorativo	Proxectar (e derivados)
Proxectil	Subxugar (e derivados)
Traxecto (e derivados)	Xema*
Xeso (e derivados)	Xugular
Xacer (e derivados)	

** Xema corresponde en castelán tanto a «gema» como a «yema».*

2.3. X no canto de CH

Bolxevique (e derivados)	Paxá
Clixé	Xelín
Haxís	Xilaba

Levan X no canto doutras consoantes

Cervexa (e derivados)	Suxeitar (e derivados)
Conxectura	Desexar (e derivados)
Enxiva (ou Xenxiva)	Bocexar (e derivados)
Lixivia	Bosquexo (e derivados)
Oxalá	Xaxún
Pelexa	Arxila
Solfexo	Maxestoso ...

Palabras que en castelán levan J e en galego LL

Se antes falei de que normalmente o que en castelán leva **J** en galego leva X, seguir esa regra en determinados vocábulos conduce a caer nun erro de castelanismo.

NON	SI
Conexo	Coello
Parexa	Parella
Antoxo	Antollo
Oxo	Ollo
Baraxa	Baralla
Lentexa	Lentella
Pelexo	Pelello
Cexa	Celia
Texa	Tella
Estropaxo	Estropallo
Clavixa	Caravilla
Burbuxa	Burbulla
Concexal	Concelleiro
Amasixo	Amasillo

• Exercicios

Pon en galego:

En Bruselas experimentan inyectando **gasolina en la sangre.**

En mis **barcos nunca hay polizones, exijo a mi tripulación una preparación excepcional.**

No podrás ayunar mucho tiempo si estás tan cerca de bizcochos y torreznos.

Lo que desean los concejales es derribar la iglesia, pero no lo conseguirán sin pelea.

Estudia solfeo por un antojo de su sexagenario abuelo.

La vida conyugal de los bolcheviques es como la de cualquier otra pareja.

Usaba su lápiz como un proyectil contra los demás compañeros.

Nunca creí **que fueras tan mezquino, emborrachar a los conejos con cerveza no estuvo bien.**

El sastre yace sobre sus bocetos víctima de la falta de oxígeno.

Es extraño que a la izquierda de la mezquita no existan cornisas.

El médico me aconsejó disminuir el consumo de grasas mientras bostezaba, debe estar aburrrido **de decir siempre lo mismo.**

Como la baraja se le manchó de yema de huevo el muy animal la lavó con lejía.

Los dentistas irlandeses cobran sus revisiones de encias en chelines.

La coyuntura económica permitió la esclavitud.

Si crees que por ser aparejador estás libre del sarampión estás muy equivocado.

El marroquí que os vendió el hachís tenía una chilaba muy llamativa.

Los estudiantes opinan que las tasas universitarias son exageradas.

El aire huele a jazmines y el paisaje es majestuoso.

Hoy asistimos a una proyección sobre la vida del pachá **de un país africano.**

Es una conjetura pero creemos que aquí puede haber sal gema.

Ya le expliqué que es deber del anfitrión agasajar a sus invitados.

Son lentejas, si quieres las comes si no las dejas.

Hay varias tejas sobre la cornisa de la iglesia.

La trayectoria del proyectil dibujó un arco.

La extensión de tus tierras no supera a la de las de mi cónyuge.

26) Le cortaba de buena gana la yugular a mi profesor de gallego.

27) No puedo ensalzar la sustracción de esos libros, pero no pude sujetar mis manos.

28) Excelente partido de tenis el que jugaron esa pareja de concejales.

29) El extranjero nunca había visto burbujas de esa clase.

30) No me gustaría estar en el pellejo de mi sobrina cuando tenga que examinarse de gallego.

Traduce ao galego:

Yo tenía una prima que era muy exagerada, con la excusa de hacer un café exprés, exigía que todos, excepto su hermano, jurásemos que no tenía ni un gramo de grasa.

Hacía falta tomar oxígeno despues de semejante mentira, era como ensalzar la delgadez de un elefante, una mentira que no sonaba bien ni con la ayuda del solfeo.

Otro ejemplo: el día que fue al sastre, el pobre hombre tuvo que hacerse el sordo cuando le comentó que la vida en Bruselas, como extranjero turco, consistía en pelear y coser chilabas para sus compatriotas, aguantar dolor de encías cuando les pegaban los neonazis, y pagar las tasas con sujección a la ley.

El sastre no pudo aguantar y le contestó que prefería beber lejía en una cornisa antes que aguantar las conjeturas de alguien que había fumado demasiado hachís.

Lo peor fue cuando le quiso pagar en chelines.

Todas las conjeturas que hagáis no son suficientes para calificar a esa mujer que rompe con el cliché del bolchevismo. Ojalá.

El sexagenario sastre no se extralimitó, no fue extraordinariamente desagradable, pero necesitaba ser más experto en el trato con los extraños.

Al llegar a este extremo pienso que la expulsión de mi prima era necesaria, antes de que se extralimitase. Pero ella había ido allí ex profeso para exprimir los sesos del sastre, y cuando él habló le dió la oportunidad por la que ella estaba a la expectativa.

Corresponde a un médico estudiar la excitación que le produjo aquella respuesta. Antes de expirar el día, extender una extensa extrañeza sobre aquel polizón era su único objetivo. Despues de eso el aire olería a jazmín y alimentaría como bizcochos.

PROBLEMAS CON L e N

É preciso destacar que é moi característico do galego a perda destas dúas consoantes en posición intervocálica con respecto á palabra orixe latina (Lúa - Luna).

Teño que volver a referirme aos cultismos, semicultismos e voces patrimoniais para explicar as diferenzas no emprego destas dúas letras. Os cultismos están máis achegados na súa forma á primixenia, definen, polo xeral, realidades abstractas ou termos científicos, mentres as voces patrimoniais e semicultas sufriron un maior proceso de evolución con respecto á lingua nai, e refírense a realidades máis habituais e concretas.

Do latín *PLENUM* aparecen tres formas *Cheo I Preamar I Pleno.*

1. OL

1.1. Con L como en castelán

Aclamar (e der.)
Adolescente
Anxélico
Blasfemia
Bloque (e der.)
Candelabro
Claro (e der.)
Clase
Clasificar (e der.)
Clima
Colorido
Condolencia (condoer)
Consolar
Cristalino
Reclamar (e der.)
Repleto (e der.)
Solitario (Só)
Suplente (e der.)
Declamar (e der.)
Doloroso
Evanxélico (Evanxeo)
Exemplar
Flamante
Globo
Molar (Moa)
Placa
Plácido (e der.)
Plana*
Planta (e der.)
Plátano
Platino
Público (e der.)
Suplicar (e der.)
Volante*
Voluntario
Xelado (e der.)*

* *Volante leva L cando significa adorno dun vestido ou o guiador dun automóbil.*

* *Xelado leva L cando define a larpeirada, sen L emprégase para referirse ao verbo xear.*

* *Plana cara dunha folla* ***I*** *Chaira extensión de terreo* ***I*** *(Plana maior, Primeira plana).*

1.2. Con L en galego, con LL en castelán

Apelido (e der.)	Chanceier (e der.)	Novelo
Atropelar (e der.)	Crioulo	Peliza
Belo (e der.)	Degolar (e der.)	Pesadelo
Bulicio (e der.)	Destelar (e der.)*	Querela (e der.)
Calo* (e der.)	Ebulición	Selar (e der.)
Camelo*	Estalar	Talo
Capela (e der.)	Estrela	Vasaio
Castelo	Meixela	Vila

* Calo *dureza,* Callos *comida.*

* Camelo animal, *camelo* en castelán tradúcese por *engano* ou *engaiolamento*.

* Destelar *é emitir luz,* destellar *é quitar tellas*.

1.3. Desaparece o L con respecto ao castelán

Aguia	Moa	Saúde
Amea	Moer	Saúdo
Amidón (e der.)	Natureza	Só
Anguía	Pa	Tea
Cabido	Panca	Veo
Caveira	Perigo (e der.)	Voar (e der.)
Coar (e der.)	Pía	Xémeo*
Doce (e der.)	Pobo (e der.)	
Doer (e der.)	Saír (e der.)	

* *Tamén existe a forma Xemelgo*

1.4. Levan R non L

Afrixir (e der.)	Frouxo	Praza (e der.)
Arbore	Igrexa	Prazo (e der.)
Branco (e der.)	Mércores	Pregar (e der.)
Brando (e der.)	Nobre (e der.)	Pregaria
Cárcere	Obrigar (e der.)	Preito (e der.)
Cravar (e der.)	Pracer (e der.)	Recruta (e der.)
Cumprir (e der.)	Praga	Soprar (e der.)
Empregar (e der.)	Praia	Soprete
Escravo (e der.)	Prata (e der.)	
Fraco (e der.)	Prato	

Non levan L en castelán

Laranxa (e der.)	Pálpebra	Xulgar (e der.)
Leste	Rampla	
Lintel	Rolda	

* *«Julio» en castelán ten dúas formas en galego: Xulio cando é nome de persoa, e mais Xullo, o nome do mes.*

2. O N

2.1. Levan N como en castelán

Abandonar (e der.)	Ordenado (Fam. Lex. Irr.)
Abonar (e der.)*	Órgano (e der.)
Apaixonar (e der.)	Personalidade (Fam. Lex. Irr)
Condenar (e der.)	Serenata
Consonancia (Fam. Lex. Irr.)	Serenar (e der.)
Detonador	Sirena*
Fregona	Tronar (e der.)
Lunar (Fam. Lex. Irr.)	Trono
Melena	Zona*

* *Abonar(se) co significado de subscribirse.*

* *Sirena instrumento acústico, Serea ser mitolóxico.*

* *Zona parte de terreo, Zoar é o ruido que fanas moscas ou o vento.*

2.2. Con N en galego, con Ñ en castelán

Anil	Canón (e der.)	Pestana (e der.)
Antano	Danar	Rapina
Brunir (e der.)	Desenganar (e der.)	Sinai (e der.)
Cana*	Enganar (e der.)	
Cano	Ensinar (e der.)	

* *Cana define tanto o pelo branco como o talo dos vexetais ou mesmo o instrumento de pesca.*

Non levan N a diferenza do castelán

Abdome	Deter (e der.)	Orde (Fam. Lex. Irr.)
Albará	Ditame	Orixe
Amea	Doar (e der.)	Perdoar
Ameazar (e der.)	Emendar (e der.)	Persoa (Fam. Lex. Irr.)
Amoestar (e der.)	Enseada	Plancto
Apisoar (e der.)	Entoar	Pole
Area (e der.)	Esperirne	Pregoar
Avea	Estrear (e der.)	Ra
Bo	Esvaecer	Razoar
Cadea (e der.)	Exame	Réxime
Cadeado	Frear (e der.)	Saba
Campá	Galardoar	Seme
Cardeal*	Gravame	Soar (e der.)
Cea	Hipérbato	Soto
Cear*	La	Teor*
Centeo	Lagosta	Terreo (e der.)
Certame	Lagostino	Trastornar (e der.)
Cicel	Limoada	Vaidade
Colmea	Limoeiro	Vea*
Comezar (e der.)	Lúa	Ventá
Corrugo	Mañá	Virxe
Cominar (e der.)	Marxe	Volume
Coroar (e der.)	Mazá	Xerme
Crime	Moeda (e der.)	

* *Cardeal gráfase así cando é referente a un membro da igrexa, Negrón ou mazadura é a forma válida para o outro significado.*

* *Cear pode significar tamén recuar, ir cara a atrás.*

* *Teor non leva N cando significa contido (a teor do dito...), se falamos dun cantante dicimos tenor, con N.*

* *Vea é a do sangue, velas son as dos barcos.*

2.4. Levan N en galego e non en castelán

Carcamán	Confraría	Manequín
Confrade	Comungar	

2.5. Levan Ñ en galego e N en castelán

Aliñar*	Gañar	Rañura
Comiño	Liña (e der.)	Remuíño
Comuñón	Muíño	Sardiña
Coñecer (e der.)	Pergamiño	Secaño
Enxeño (e der.)	Poñer (e der.)	Xuño
Estorniño	Quiñentos	

* *Aliñar tanto significa pór en liña como condimentar.*

ü Exercicios

Pon en galego:

1) **Mi padre vendía globos en la plaza.**
2) **Antaño trabajaban con palas y palancas.**
3) **Al pelo blanco también se le llama canas**
4) **Las personas flacas no tienen salud, son bastante flojas.**
5) **Comieron callos y chorizos criollos, tres platos cada uno.**
6) **En julio siempre asiste más público y gano más dinero.**
7) **Es un crimen engañar a la gente joven.**
8) **Lo atropellaron cerca del cabildo.**

9) Reclutan a todos los obreros que pueden para emplearlos en la construcción de la rampa de lanzamiento.

10) Reclamó en la heladería, en la Cofradía de pescadores, y mañana piensa ponerles un pleito.

11) Tu tío es un carcamal que no sabe más que juzgar y condenar a los demás.

12) El dictamen de la Iglesia fue claro y rotundo: Excomunión.

13) Ya es viejo ese maniquí, tiene ranuras en la cara.

14) El tallo de las plantas se puede llamar caña.

15) En la rueda de prensa del ministro el bullicio no desapareció hasta que se serenaron los periodistas.

16) Quinientos langostinos deben comer mucho plancton.

17) Blasfemar contra el Evangelio no es lo más apropiado antes de comulgar.

18) Abandona la idea de arreglar el dintel con un soplete.

2) Ayer asistimos al 2º congreso sobre el artículo 4º de la Ley 10 del Estatuto de Autonomía.
Onte asistimos ao segundo congreso sobre o artigo 4º da Lei 10 do Estatuto de Autonomía.

3) Deme 2 mts. de tela blanca y azul.
Déame 2 m de tea branca e azul.

4) Ya te dije por lo menos 10 veces que no grites en la ópera, es de mal gusto.
Xa che dixen polo menos dez veces que non berres na ópera, é de mal gusto.

5) Hace por lo menos 25 años que vivo en la calle 17 de septiembre.
Hai polo menos vinte e cinco anos que vivo na rúa Dezasete de setembro.

6) Si hombre si, 2 + 2 son 4.
Si home si, 2 + 2 son 4.

7) Haced 3 ejercicios para mañana.
Facede tres exercicios para mañá.

8) 2 jugadores querían llevar el número 10.
Dous xogadores querían levar o número 10.

9) Alquilé 2 coches para las vacaciones.
Aluguei dous coches para as vacacións.

10) Hoy 22 de junio cumplo 33 años.
Hoxe 22 de xuño cumpro trinta e tres anos.

Traduce ao galego (emprega sempre letras):

1) Pasarán más de quinientos años antes de que el Deportivo pierda un partido.
Pasarán máis de cincocentos/quiñentos anos antes de que o Deportivo perda un partido.

2) No estuvo mal llegar en séptimo lugar.
Non estivo mal chegar en sétimo lugar.

3) No tengo dinero para alquilar ese cuarto piso.
Non teño cartos para alugar ese cuarto piso.

4) El primer idiota que diga algo ya se puede preparar.
O primeiro idiota que diga algo xa se pode ir preparando.

5) Doce eran los apóstoles, doce los meses del año y dieciocho los palos que te voy a dar.
Doce eran os apóstolos, doce os meses do ano e dezaoito os paus que che vou dar.

6) Veintidós perras pueden hacer mucho ruido.
Vinte e dúas cadelas poden facer moito ruido.

7) Pusimos en cuarentena a los que superaban la treintena.
Puxemos en corentena aos que superaban a trintena.

8) La temperatura ayer alcanzó los treinta grados.
A temperatura onte acadou os trinta graos.

9) Doscientas mujeres quieren tener hijos míos.
Duascentas mulleres queren ter fillos meus.

10) Una pareja de la Guardia Civil está compuesta por dos personas.
Unha parella da Garda Civil está composta por dúas persoas.

11) El tercer asiento es el suyo.
O terceiro asento é o seu.

12) Dieciseis años de carcel sólo por robar un poquito.
Dezaseis anos de cárcere só por roubar un pouquiño.

13) Trece, mal número si no crece.
Trece, mal número se non crece.

14) Catorce resultados en la quiniela era lo que yo necesitaba.
Catorce resultados na quiniela era o que eu necesitaba.

15) El número quince es la niña bonita.
O número quince é a nena bonita.

16) Con el número veintidós canté bingo.
Co número vinte e dous cantei bingo.

17) Tienes cerca de cuarenta años y pareces un niño.
Tes preto de corenta anos e pareces un neno.

18) Ayer volví a ver la película «Alien, el octavo pasajero», pero en versión porno.
Onte volvín ver a película «Alien, o oitavo pasaxeiro» pero en versión porno.

19) Hoy es el quincuagésimo aniversario de nuestro divorcio.
Hoxe é o quincuaxésimo aniversario do noso divorcio.

20) Te vi resolviendo estos veinte ejercicios.
Vinte resolvendo estes vinte exercicios.

Escribe con letra:

45.780	Corenta e cinco mil setecentos oitenta
49	Corenta e nove
436	Catrocentos trinta e seis
1°	Primeiro
13º	Décimo terceiro
73°	Septuaxésimo terceiro
1.000º	Milésimo
Apartado 24	Vinte e catro
Século XVIII	Dezaoito
118	Cento dezaoito
1/3	Un terzo
17/30	Dezasete trintaavos
230.617	Douscentos trinta mil seiscentos dezasete
21	Vinte e un
123.000	Cento vinte e tres mil
1/2	Un medio
1/4	Un cuarto
1/24	Un vintecatroavo
5/8	Cinco oitavos
Capítulo III	Tres ou terceiro
Distrito 7°	Sete ou sétimo
36.809	Trinta e seis mil oitocentos nove
1/7	Un sétimo
Filipe II	Segundo
10.001	Dez mil un
2.098	Dous mil noventa e oito

1.002.333	Un millón dous mil trescentos trinta e tres
3º	Terceiro
24º	Vixésimo cuarto
98°	Nonaxésimo oitavo
1.000.001	Millonésimo primeiro
Urbano XXI	Vinte e un
Disposición 39ª	Trinta e nove
777	Setecentos setenta e sete
2/40	Dous corentaavos

Traduce ao galego:

1) Las madres cuyos hijos son árbitros son unas santas.
As nais cuxos fillos son árbitros son unhas santas.

2) Sois vosotros quienes robáis la fruta de mi abuelo.
Sodes vós os que roubades a froita do meu avó.

3) Nadie sabe de donde salió ese monigote.
Ninguén sabe de onde saíu ese monifate.

4) Odio a tu hermana, la cual está enamorada de mi.
Odio á túa irmá, a cal está namorada de min.

5) En cuanto muera mi tío de América seré rico.
En canto morra o meu tío da América serei rico.

6) No sé cual es el vestido apropiado para la ceremonia de esta noche.
Non sei cal é o vestido axeitado para a cerimonia desta noite.

7) Estás como siempre, eres insoportable.
Estás como sempre, es insoportable.

8) Aún recuerdo el día en que te conocí.
Aínda lembro o día no que te coñecín.

9) Cuando vayas con ese profesor de gallego vigila sus manos y tu cartera.
Cando vaias con ese profesor de galego vixía as súas mans e a túa carteira.

10) No sé ni donde, ni como, ni cuando llegamos a esta situación tan absurda.
Non sei nin onde, nin como, nin cando chegamos a esta situación tan absurda.

Tema 9

NDEFINIDOS, EXCLAMATIVOS E INTERROGATIVOS

Traduce **ao galego:**

1) ¿Por qué preguntas? No puedes tener duda alguna.
Por que preguntas? Non podes ter dúbida ningunha.

2) Quiero que cada uno cumpla con su cometido.
Quero que cada un/cadaquén cumpra co seu cometido.

3) Esto debe ser de alguien.
Isto debe ser de alguén.

4) En algunos casos es mejor seguir el ejemplo de otros.
Nalgúns casos é mellor seguir o exemplo doutros.

5) Nunca oí hablar de tales libros.
Nunca oín falar de tales libros.

6) No os creáis todo lo que os digan ciertas personas.
Non vos creades todo o que vos digan certas persoas.

7) Algunos son verdaderos, pero esos otros no.
Algúns son verdadeiros, pero esoutros non.

8) Cualquier tonto es capaz de resolver ese problema.
Calquera parvo é quen de resolver ese problema.

9) En pocos libros vi tantos dibujos.
En poucos libros vin tantos debuxos.

10) ¡De algo podrás jugar en otro equipo!
De algo poderás xogar noutro equipo!

11) Mucha cantidad de agua es mala para la patata.
Moita auga é mala para a pataca.

12) Eres tan raro que pareces de otro planeta.
Es tan raro que pareces doutro planeta.

13) Por poco dinero tendré algunas joyas.
Por pouco diñeiro terei algunhas xoias.

14) Quienquiera que lea esto será destruido.
Quenquera que lea isto será destruido.

15) Los demás pueden salir.
Os demais poden saír.

16) Esto es de alguien, pero no puedo hacer nada.
Isto é de alguén, pero non podo facer nada.

17) Cualquier amigo tuyo es bien recibido.
Calquera amigo teu é ben recibido.

18) En esta cárcel no hay forma alguna de escapar.
Neste cárcere non hai forma ningunha de escapar.

19) No todos eran hombres, estaban allí todas las mujeres del pueblo, que no eran muchas por cierto.
Non todos eran homes, estaban alí todas as mulleres da vila, que non eran moitas por certo.

20) De algo sirvió que en alguna cafetera hubiera café.
De algo serviu que nalgunha cafeteira houbese café.

21) En algo tienes razón, no hay película alguna que merezca la pena.
En algo tes razón, non hai película ningunha que mereza a pena.

22) Lo hicieron entre ambos amigos.
Fixérono entrambos os amigos.

23) Incluso algunos jugadores del Madrid reconocieron la superioridad del Deportivo.
Mesmo algúns xogadores do Madrid recoñeceron a superioridade do Deportivo.

24) Cualquier cosa que digas será utilizada en tu contra.
Calquera cousa que digas será utilizada na túa contra.

25) En otras circunstancias no me fiaría de nadie.
Noutras circunstancias non me fiaría de ninguén.

Traduce ao galego:

1) ¿Cuáles crees que son las adecuadas?
Cales cres que son as axeitadas?

2) ¿Qué te dijo tu amiga?
Que che dixo a túa amiga?

3) ¡Quién lo iba a decir!
Quen cho ía dicir!

4) ¡Cómo es posible que estés dormido!
Como é posible que esteas durmido!

5) ¿Cuándo estarás callado?
Cando estarás calado?

6) ¿Dónde pusiste el cuadro de Velázquez?
Onde puxeches o cadro de Velázquez?

7) ¿Quiénes se creen que son esos monigotes?
Quen cren que son eses monicreques?

8) ¿Por qué no estudias gallego?
Por que non estudas galego?

9) ¿Qué dices? ¡Todos tus amigos están locos!
Que dis? Todos os teus amigos están tolos!

10) ¿Cuáles compraron, estos o aquellos otros?
Cales compraron, estes ou aqueloutros?

11) Dime ¿Qué quieres?
Dime, que queres?

12) ¿Hacía tanto frío como para quedarse en casa?
Ía tanto frío como para quedar na casa?

13) ¡Lo que hay que ver!
O que hai que ver!

14) ¡Cuánto tonto en poco espacio!
Canto parvo en pouco espazo!

15) ¿Cuánto tiempo tengo que esperar para que alguien me releve?
Canto tempo teño que esperar para que alguén me releve?

Traduce ao castelán:

1) Vaia comida puxo a túa sogra!
¡Vaya comida puso tu suegra!

2) Que non comes lentellas? Quen che dera!
¿Qué no comes lentejas? ¡Quién te diera!

3) Cantos pratos rompiches onte?
¿Cuántos platos rompiste ayer?

4) Calquera pode facer iso!
¡Cualquiera puede hacer eso!

5) Cantas plantas tes na horta?
¿Cuántas plantas tienes en la huerta?

6) Que o leve quen queira!
¡Que lo lleve quien quiera!

7) Quenquera que fose non estará tranquilo.
Quienquiera que fuera no estará tranquilo.

8) Sempre sodes os mesmos os que facedes o parvo na clase!
¡Siempre sois los mismos los que hacéis el tonto en clase!

9) De onde vés a estas horas?
¿De dónde vienes a estas horas?

10) Onde se metería o Xurxo?
¿Dónde se metería Jorge?

11) Quen son eles para diciren iso do meu irmán?
¿Quiénes son ellos para decir eso de mi hermano?

12) De tales persoas tales feitos!
¡De tales personas tales hechos!

13) Non dixen ren, xa o sabían eles!
¡No *dije nada*, ya lo sabían ellos!

14) Por algures aínda chove menos ca en Andalucía.
Por algún sitio aún llueve menos que en Andalucía.

15) En ningures atoparás mellor xente ca en Galicia!
¡En ningún sitio encontrarás mejor gente que en Galicia!

16) Mesmo pensei que estaba tolo!
¡Incluso pensé que estaba loco!

17) A vosa enfermidade non ten solución ningunha.
Vuestra enfermedad no tiene solución alguna.

18) Canto falas para non dicir ren!
¡Cuánto hablas para no decir nada!

19) Non es quen de resolver estes exercicios correctamente.
No eres capaz de resolver estos ejercicios correctamente.

20) Demo, si que es!
¡Diablos, si que eres!

PREPOSICIÓNS E CONXUNCIÓNS

Traduce ao galego:

1) No estoy dispuesto a llegar hasta allí.
   Non estou disposto a chegar ata alí.

2) De aquí a casa de tus padres hay varios kilómetros.
   De aquí a casa dos teus pais hai varios quilómetros.

3) Ayer salieron hacia Orense y aún no llegaron.
   Onte saíron cara a Ourense e aínda non chegaron.

4) Nuestra causa es la de la lucha contra las injusticias.
   A nosa causa é a da loita contra as inxustizas.

5) Tienes una cabeza muy bonita pero sin nada dentro.
   Tes unha cabeza moi bonita pero sen nada dentro.

6) Tengo sobre la mesa un discurso sobre los peces de colores.
   Teño encol da/sobre a mesa un discurso sobre os peixes de cores.

7) Esto no es para mi, así que hasta mañana.
   Isto non é para min, así que ata mañá.

8) Desde ayer no soy capaz de escribir dos líneas.
   Desde/dende onte non son capaz/quen de escribir dúas liñas.

9) Bajo mis pies está mi país.
   Baixo/so os meus pés está o meu país.

10) No me atrevo a decir lo mismo ante ella.
    Non me atrevo a dicir o mesmo ante/perante ela.

11) De alguien tiene que ser este perro.
    De alguén ten que ser este can.

12) En aquellas tiendas hay desde telas hasta cuchillos de cocina.
    Naquelas tendas hai desde/dende teas ata/até coitelos de cociña.

13) Ante todo no perdáis la calma.
    Ante todo non perdades a calma.

14) Excepto vosotras todo el mundo se divirtió en la playa.
    Excepto/agás vós todo o mundo se divertiu na praia.

15) A pesar de sus protestas se lo llevaron detenido.
Malia as/a pesar das súas protestas levárono detido.

16) De estas no tengo quejas, sin embargo de esas otras si.
Destas non teño queixas, porén desoutras si.

17) Me compraron una gaita entre los vecinos de mi edificio, con la condición de que la toque a más de quinientos metros.
Compráronme unha gaita entre os veciños do meu edificio, coa condición de que a toque a máis de quiñentos metros.

18) ¡Hasta aquí podíamos llegar!
Ata aquí podiamos chegar!

19) Supongo que la reunión empezará a las cuatro de la tarde.
Supoño que a reunión empezará ás catro da tarde.

20) Intenta verlo desde mi punto de vista.
Intenta velo dende/desde o meu punto de vista

21) Por causas ajenas al autor estos ejercicios son fáciles para los alumnos.
Por causas alleas ao autor estes exercicios son doados para os alumnos.

22) Tienes el traje colgado tras la puerta del armario.
Tes o traxe colgado tras a porta do armario.

23) No pensaba estar con la hermana de Pepe todo el día.
Non pensaba estar coa irmá de Pepe todo o día.

24) Fueron hasta la farmacia para comprar aspirinas.
Foron ata a farmacia para compraren aspirinas.

25) Sobre cuarenta años calculo que harán falta para que me perdonen.
Sobre corenta anos calculo que farán falla para que me perdoen.

Traduce ao castelán:

1) A por de estudar conseguiron obter o título.
A fuerza de estudiar consiguieron obtener el título.

2) Teño que erguer a voz en prol de María.
Tengo que levantar la voz en favor de María.

3) No canto de Xaquín vai xogar Francisco.
En lugar de Joaquín va a jugar Francisco.

4) Fomos deica Santiago co gallo do Ano Santo.
Fuimos hasta Santiago con motivo del Año Santo.

5) Tes o almorzo encol da mesa.
Tienes el desayuno encima de la mesa.

6) Xa é hora de que falemos verbo dos teus estraños costumes.
Ya es hora de que hablemos acerca de tus extrañas costumbres.

7) Segundo o teu tío declarar perante o xuíz foi unha desagradable experiencia.
Según tu tío declarar ante el juez fue una desagradable experiencia.

8) Acadamos unha gran Vitoria malia a actuación arbitral.
Obtuvimos una gran victoria a pesar de la actuación arbitral.

9) So este teito vivín durante moito tempo.
Bajo este techo viví durante mucho tiempo.

10) Axiña que remate estou contigo, mentres ten paciencia.
En cuanto acabe estoy contigo, mientras ten paciencia.

11) Estades preparados, no entanto coido que non vos debedes confiar.
Estáis preparados, sin embargo pienso que no os debéis confiar.

12) Por norte de ir á clase tiven que deixar a cama sen facer.
Por causa de ir a clase tuve que dejar la cama sin hacer.

13) En troques de estudar pasades o día na rúa.
El lugar de estudiar pasáis el día en la calle.

14) Deixou este mundo por mor do tabaco, o alcol e as mulleres.
Dejó este mundo por culpa del tabaco, el alcohol y las mujeres.

15) Consonte as regras do noso instituto seredes expulsados.
Según las reglas de nuestro instituto seréis expulsados.

16) Deixaches o acendedor cima dun moble.
Dejaste el encendedor encima de un mueble.

17) Sempre tes que quedar por enriba miña.
Siempre tienes que quedar por encima de mi.

18) Aprobaron todos, tirante os que non sabían falar galego.
Aprobaron todos, excepto los que no sabían hablar gallego.

19) O balón lanzado polo dianteiro saíu a rentes do pau longueiro.
El balón lanzado por el delantero salió a ras del palo larguero.

20) Viñeron xunta nós para falaren mal da túa curmá.
Vinieron junto a nosotros para hablar mal de tu prima.

21) Á beira da miña casa hai dous garaxes.
Al lado de mi casa hay dos garajes.

22) Desde aquela estou tolo polos seus olios.
Desde entonces estoy loco por sus ojos.

23) Convencéronnos mediante enganos e mentiras.
Nos convencieron mediante engaños y mentiras.

24) Botan foguetes co adaxo das festas patronais.
Echan cohetes con motivo de las fiestas patronales.

25) Desoutro rapaz non debes agardar cousas boas.
De ese otro muchacho no debes esperar cosas buenas.

26) Esa bicicleta que está tras a parede é dela.
Esa bicicleta que está tras la pared es de ella.

27) Nin ti nin el podedes crer todo o que vos digan de min.
Ni tú ni él podéis creer todo lo que os digan de mi.

28) Estes exercicios ídelos facer decontado.
Estos ejercicios los váis a hacer enseguida.

29) Estou moi enfadado, de xeito que quitando Xoana xa non aturo a ninguén.
Estoy muy enfadado, de modo que excepto Juana ya no soporto a nadie.

Corrixe os erras no emprego das preposicións nas seguintes frases:

1) Estabamos mortos de frío incluso a carón da estufa de butano.
2) Estou segura de que as cuestións que se van debater son moi interesantes.
3) Baseándome nas pistas que teño dubido de que poida ir cear hoxe.
4) Aquelas mulleres opinan que se deben facer melloras cousas.
5) Sempre queda a esperanza de que o partido que se vai celebrar mañá se teña que pospoñer.
6) Atopei unha gata na porta da miña casa, e en relación con ese tema non vou dicir nada máis.
7) Déronse conta de que as cociñas de gas son máis baratas alí.
8) Maruxa estaba convencida de que Alberte mercara unha televisión en cor.
9) Vai rañar o bandullo! Eses costumes teus atentan contra o bo gusto!
10) Para manexar un barco de vapor coido que hai que ser moi mariñeiro.

Tema 11

O VERBO

Traduce ao galego:

1) No será admitido aquel que agreda a otro socio.
Non será admitido aquel que agreda a outro socio.

2) Cuando compite se convierte en un animal.
Cando compite convértese nun animal.

3) Siempre despedís a los que no tienen donde ir.
Sempre despedides aos que non teñen onde ir.

4) Vosotros advertís del peligro, pero no dais soluciones.
Vós advertides do perigo, pero non dades solucións.

5) De esas opiniones yo difiero.
Desas opinións eu difiro.

6) Así es como diviertes a la gente que va a tu casa.
Así é como divirtes á xente que vai á túa casa.

7) Es preciso que no ingiera más alcohol en su vida.
É preciso/Cómpre que non inxira máis alcol na súa vida.

8) Él impide que despidamos el año con alegría.
El impide que despidamos o ano con alegría.

9) Repite tú si quieres esa canción, no serán ellos quienes la repitan.
Repite ti se queres esa canción, non serán eles os que a repitan.

10) Mides más de dos metros, pero ellas pedían menos dinero que tú.
Mides máis de dous metros, pero elas pedían menos diñeiro ca ti.

11) No comprendo que prefiráis los garbanzos a los grelos.
Non comprendo que prefirades os garavanzos aos grelos.

12) Él profirió un grito, nosotros proferimos otro y nadie lo advirtió.
El proferiu un berro, nos proferimos outro e ninguén o advertiu.

13) Yo no me refiero a lo que vosotros os referís.
Eu non me refiro ao que vós vos referides.

14) Repites siempre que no crees que vosotros os repetís o os repitáis.
Repites sempre que non cres que vós vos repetides ou vos repitades.

15) Lo que él sugiera nunca será lo que tú sugieres.
O que el suxira nunca será o que ti suxires.

16) No transfiráis tanto dinero a esa cuenta, transgrede la ley.
Non transfirades tanto diñeiro a esa conta, transgride a lei.

17) Tu vistes la misma ropa que vistieron tus abuelas.
Ti vistes a mesma roupa que vestiron as túas avoas.

18) No digas que no acudimos donde tu acudes.
Non digas que non acudimos onde ti acodes.

19) Cubre mañana la cama de tu padre con una manta, nosotros la cubrimos ahora.
Cobre mañá a cama do teu pai cunha manta, nós cubrímola agora.

20) Cumplo con mi misión como cumples tú y como cumple él.
Cumpro coa miña misión como compres ti e como compre el.

21) Colón descubre América en 1492, nosotros la descubrimos hoy.
Colón descobre América en 1492, nós descubrímola hoxe.

22) Si encubres a tu primo engulliremos todos los pasteles.
Se encobres ao teu curmán enguliremos todos os pasteis.

23) ¡Huye! si huyes y ellos huyen todos huimos con vosotros.
Fuxe!, se foxes e eles foxen todos fuximos convosco.

24) Cuando luce mi estrella no importa que vosotros escupáis al cielo.
Cando loce a miña estrela non importa que vós cuspades ao ceo.

25) Tu ordeñas a tu vaca cuando ellos duermen.
Ti moxes á túa vaca cando elas dormen.

26) Al pensar en Galicia resurgen en mi anhelos de independencia.
Ao pensar en Galicia/Galiza rexorden en min arelas de independencia.

27) Ruge el león, pero con el hambre también rugen nuestros estómagos.
Roxe o león, pero coa fame tamén roxen os nosos estómagos.

28) Si sacudís la pereza yo acudo a clase de gallego con vosotros.
Se sacudides a preguiza eu acudo á clase de galego convosco.

29) Subimos las escaleras como él sube la montaña más alta.
Subimos as escaleiras coma el sobe a montaña máis alta.

30) Si tu sufres yo sufro, nosotros sufrimos y ellos sufren, ¿Vosotros sufrís?
Se ti sofres eu sufro, nós sufrimos e eles sofren, vós sufrides?

31) Nunca toso cuando tú toses.
Nunca tuso cando ti toses.

32) ¡Que bien huele la flor de mi jardín! Casi tan bien como oléis vosotras.
Que ben ole a flor do meu xardín! Case tan ben como ulides vós.

33) Surgió la idea como cuando surgen las hojas en los árboles.
Xurdiu a idea coma cando xorden as follas nas árbores.

34) Yo consiento más cosas de las que tú consientes.
Eu consinto máis cousas das que ti consentes.

35) Consigue siempre lo que quiere.
Consegue sempre o que quere.

36) Consentís a vuestros hijos menos de lo que tú consientes a mis alumnos.
Consentides aos vosos fillos menos do que ti consentes aos meus alumnos.

37) Yo miento sólo cuando hace falta, vosotros mentís siempre que abrís la boca.
Eu minto só cando fai falla, vós mentides sempre que abrides a boca.

38) Hiere menos el que quiere que hiero yo cuando estoy enfadado.
Fere menos o que quere que firo eu cando estou enfadado.

39) Tú persigues una cosa que presiento es imposible de conseguir.
Ti persegues unha cousa que presinto é imposible de conseguir.

40) Nos resentimos de tu actitud.
Resentímonos da túa actitude.

41) No sirvo para las mismas cosas para las que servís.
Non sirvo para as mesmas cousas para as que servides.

42) Disiento de las declaraciones de ese individuo, y las desmiento.
Disinto das declaracións dese individuo e desmíntoas.

43) A pesar de todo proseguimos si él sigue con su trabajo.
A pesar de todo proseguimos se el segue co seu traballo.

44) Siento lo mismo que sentís en Vigo y que sienten en Pontevedra.
Sinto o mesmo que sentides en Vigo e que senten en Pontevedra.

45) Sólo hiere aquel que siente los colores como yo.
Só fere aquel que sente as cores coma min.

Traduce ao castelán:

1) Se cantásedes coma elas non estariades no paro.
Si cantaseis como ellas no estaríais en el paro.

2) Ti saltaches pola fiestra cando che dei a noticia da morte do teu can.
Tú saltaste por la ventana cuando te dí la noticia de la muerte de tu perro.

3) Andarades moito con aqueles rapaces polos camiños da vila.
Habíais andado mucho con aquellos muchachos por los caminos del pueblo.

4) Non sei canto andastes, pero eu xa andei demasiado por hoxe.
No sé cuanto anduvisteis, pero yo ya anduve demasiado por hoy.

5) Ela sofre pesadelos, cousa da que eu non padezo.
Ella sufre pesadillas, cosa de la que yo no padezco.

6) Canto tempo levades acó? Xa sei que non é cousa miña.
¿Cuánto tiempo lleváis aquí? Ya sé que no es cosa mía.

7) Désteslles todo canto pediron e agora non vos falan.
Les disteis todo cuanto pidieron y ahora no os hablan.

8) O que o saiba que o diga, sen vergoña.
El que lo sepa que lo diga, sin vergüenza.

9) Vai un vento de medo, din que xa derrubou tres casas.
Hace un viento de miedo, dicen que ya derribó tres casas.

10) Pedíronnos que désemos algún tipo de garantía.
Nos pidieron que diésemos algún tipo de garantía.

11) Sotelaron aliviados ao partirdes.
Suspiraron aliviados cuando partisteis.

12) Colleuna polo pescozo e, se non o evita Pedro, alí mesmo esgánaa.
La cogió por el pescuezo y, si no lo evita Pedro, allí mismo la estrangula.

13) Non te preocupes, nunca soubo o noso.
No te preocupes, nunca supo lo nuestro.

14) Velázquez pintou unha vella fritindo ovos.
Velázquez pintó una vieja friendo huevos.

15) Eles sempre ven por onde vén Xaquín, pero ti non o soubeches ata onte.
Ellos siempre ven por donde viene Joaquín, pero tú no lo supiste hasta ayer.

16) Andou moito tempo sen saber que facer, comesto polos remorsos.
Anduvo mucho tiempo sin saber que hacer, comido por los remordimientos.

17) Non sei se darás limpado iso ata que se poida considerar limpo.
No sé si limpiarás eso hasta que se pueda considerar limpio.

18) Se eu comese o que come el xa estaría no hospital.
Si yo comiese lo que come él ya estaría en el hospital.

19) Chorou todo o día ao levares o seu cabaliño de cartón.
Lloró todo el día al llevarte su caballito de cartón.

20) Leu tantos libros que agora está tolo, o mesmo que o meu profesor de galego.
Leyó tantos libros que ahora está loco, lo mismo que mi profesor de gallego.

Corrixe as formas verbais que o precisen:

1) Xamais **saberás** o porqué da nosa decisión.

2) Quen sabe por onde andaches!

3) Nese ascensor non **caibo,** e tampouco a túa curmá.

4) O porteiro non viu por onde ía a pelota.

5) Non o podo crer.

6) Conducín con moita habilidade pero dei contra unha farola.

7) Cando eramos novos **caïamos** sempre na mesma trampa.

8) Amólame moito que non haxa auga en Andalucía.

9) Vós puidestes salvarme pero non quixestes.

10) Aínda que non o pareza é un parvo.

11) Nesa academia eu dei clases de francés e debuxo.

12) Mañá **imos** ata Lugo, din que se come moi ben.

13) Non vallo tanto como pensades.

14) Nesa época **oïamos** a radio de moda.

15) Estivestes enfermos cando veu o circo á nosa cidade.

16) Quero mercar dúas lámpadas de pé para miña avóa.

17) **Vindes/Vides** cheos de rancor, iso non é bo.

18) **Fomos** ata alí para ver que pasaba.

19) Se tes algo que **dicir** será mellor que sexa agora, ou cala para sempre.

20) Cando **saiamos** da tenda chegou a policía.

Traduce ao galego:

1) Agradezco vuestras intenciones pero aún no estoy dispuesto.
Agradezo as vosas intencións, pero aínda non estou disposto.

2) El que no obedezca será castigado.
O que non obedeza/obedecer será castigado.

3) La segunda prueba del examen consiste en que traduzcamos un texto muy largo.
A segunda proba do exame consiste en que traduzamos un texto moi longo.

4) Redujiste la posibilidad de riesgo pero no la eliminaste.
Reduciches a posibilidade de risco pero non a eliminaches.

5) Seduce si puedes, yo también seduje en mi tiempo.
Seduce se podes, eu tamén seducín no meu tempo.

6) No os debe extrañar que yo conduzca.
Non vos debe estrañar que eu conduza.

7) Conocemos los efectos del experimento, a no ser que se humedezca el suelo.
Coñecemos os efectos do experimento, a non ser que se humedeza o chan.

8) No es extraño que palidezcáis ante los hechos.
Non é estraño que palidezades ante os feitos.

9) Ya concluyo señor juez, esa noche nosotros no éramos los que cantábamos.
Xa conclúo señor xuíz, esa noite nós non eramos os que cantabamos.

10) Molíamos el trigo en el molino de tu tía.
Moïamos o trigo no muíño da túa tía.

11) Aunque no lo sepas contribuyes al malestar general.
Aínda que non o saibas contribúes ao malestar xeral.

12) Nunca poseí más de lo que poseo hoy.
Nunca posuín máis do que posúo hoxe.

13) Cuando tú eras un niño yo ya había cantado en muchas fiestas.
Cando ti eras un neno eu xa cantara en moitas festas.

14) Recluyendo a tus padres en un asilo disminuirás tus ocupaciones.
Recluíndo aos teus pais nun asilo diminuirás as túas ocupacións.

15) Destruye tú los papeles si eres valiente.
Destrúe ti os papeis se es valente.

16) No se como puedes comerte eso sin reventarte.
Non sei como podes comer iso sen rebentar.

17) Te fracturaste un dedo jugando al parchís.
Fracturadles un dedo xogando ao parchís.

18) Mientras el palo va y viene descansa la espalda.
Mentres o pau vai e vén descansa o lombo.

19) El premio quedó desierto porque no hay nadie que lo merezca.
O premio quedou deserto porque non hai ninguén que o mereza.

20) ¿Cuánto tiempo hace que no sales de casa?
Canto tempo hai que non saes da casa?

21) Tiene usted que curarse antes del fin de semana, necesitamos su cama.
Ten vostede que curar antes da fin de semana, necesitamos a súa cama.

22) Bebíamos mucho antes de conocerte.
Bebiamos moito antes de te coñecer.

23) Al romperse el diálogo se acabó nuestra esperanza.
Ao romper o diálogo acabouse a nosa esperanza.

24) Arreglabas la situación destituyendo a los consejeros de tu empresa.
Arranxabas a situación destituíndo os conselleiros da túa empresa.

25) No pienso casarme hasta que tenga trabajo.
Non penso casar ata que teña traballo.

26) Al sentarse hizo un gesto de dolor.
Ao sentar fixo un xesto de dor.

27) Ya he comido suficiente, gracias.
Xa comín suficiente, grazas.

28) Sólo seré feliz cuando perezcas.
Só serei feliz cando perezas.

29) Los profesores instruyen a sus alumnos.
Os profesores instrúen aos seus alumnos.

30) Eso lo había hecho antes un pintor cuyo nombre no recuerdo.
Iso fixérao antes un pintor cuxo nome non lembro.

Compieta **axeitadamente** os infinitivos:

Incorrer	Elixir	Combater	Posuir
Transcorrer	Converter	Corromper	Xemer
Perverter	Tusir	Ler	Recorrer
Somerxer	Derreter		

n en galego:

Ocurrir	Ocorrer	Hundir	Afundir
Abatir	Abater	Resbalar	Esvarar/escorregar
Llenar	Encher	Incurrir	Incorrer
Olvidar	Esquecer	Pertenecer	Pertencer
Recurrir	Recorrer	Emerger	Emerxer
Encender	Acender	Hervir	Ferver
Garantizar	Garantir	Engullir	Engulir/engulipar
Escupir	Cuspir	Reflejar	Reflectir
Ingerir	Inxerir	Toser	Tusir
Reinsertar	Reinserir	Requerir	Requirir
Competir	Competir	Concurrir	Concorrer
Escurrir	Escorrer	Rebatir	Rebater
Gemir	Xemer	Tullir	Toller
Desvanecer	Esvaecer	Convergir	Converxer
Reconvertir	Reconverter	Ordeñar	Muxir/munxir
Derrochar	Desbaldir	Irrumpir	Irromper
Poseer	Posuír	Leer	Ler
Sobreseer	Sobreser	Esparcir	Esparexer
Convertir	Converter	Atañer	Atinxir
Hendir	Fender	Insertar	Inserir
Batir	Bater	Creer	Crer
Balbucear	Balbucir	Apretar	Apertar/premer
Derretir	Derreter	Rendir	Render
Temblar	Tremer	Morir	Morrer
Recorrer	*Percorrer*	Dormir	Durmir
Decir	Dicir	Oír	Oír/ouvir
Trabajar	Traballar	Estudiar	Estudar

Tema 12

PERÍFASES VERBAIS

Constrúe perffrases:

dar + participio

Non o darás feito.

Cando deu arranxado o coche xa era tarde.

ir + infinitivo

Vou comer que teño fame.

Manolo e María van casar mañá.

haber + (de) + infinitivo

Has de facelo antes da data límite.

Vós habedes rematar antes do que pensades.

hai + que + infinitivo

Hai que pensar as cousas dúas veces.

Sempre dixen que hai que ser espelido para vivir aquí.

estar + para + infinitivo

Ese tren está para saír.

O pobre home está para morrer dun momento a outro.

levar + participio

Moito levo andado hoxe.

Presumes moito pero levas feito menos do que dis.

estar + xerundio

Estades facendo todo o que podedes.

Estiven sachando na leira ata o solpor.

ser + participio

Fun atendido por un funcionario.

Seredes recibidos ás oito.

seguir + xerundio

Segue andando ata que eu diga.

Morreu porque seguía fumando **malia** as **indicacións** do doutor.

ir + xerundio

Vou adiantando aos **máis** lentos.

Foi eliminando a todos os seus rivais.

andar + a + infinitivo

Anda a facer as beiras **ás** mozas.

Agora anda a vender coches de ocasión.

ter + participio

Ten feito **moitas** trasnadas de novo.

Daquela xa **tiña lido** máis de douscentos libros.

dar + en + infinitivo

Deu en estudar despois de cumprir os corenta.

Non sei o porqué, pero destes en rir cando entrei na sala.

querer + infinitivo.

Quero facer algo importante.

Nós só queriamos correr un gran premio **automobilístico.**

Traduce ao galego:

1) No volveré a hacer eso, lo juro.
   Non volverei facer **iso,** xúroo.
2) Ramiro y Pedro fueron a comer patatas con carne.
   Ramiro e Pedro foron comer patacas con carne.
3) Voy a sentarme en esta silla.
   Vou sentar nesta cadeira.
4) Este partido lo váis a ganar sin esfuerzo.
   Este partido **ídelo gañar** sen **esforzo.**
5) Cuando volví a escribir fue pensando en ti.
   Cando volvín escribir foi pensando en ti.

Tema 13

O ADVERBIO

Traduce ao castelán:

1) Que se vou ir ao baile?, abofé que si.
¿Qué si voy a ir al baile? claro/desde luego que si.

2) Debe estar xalundes, por aquí non o vexo.
Debe estar en otro lado, por aquí no lo veo.

3) Camiñamos sempre devagar.
Caminamos siempre despacio.

4) Arestora están tocando os músicos da banda municipal.
En este momento están tocando los músicos de la banda municipal.

5) Xa temos abondo, así que marchamos.
Ya tenemos suficiente, así que nos marchamos.

6) Carlos di que se barbea e fuma asemade.
Carlos dice que se afeita y fuma simultáneamente.

7) Quizais aí estea a solución do noso problema.
Tal vez ahí esté la solución de nuestro problema.

8) Visitabamos acotío as leiras montados nun pobre animal.
Visitábamos a menudo las fincas montados en un pobre animal.

9) Facendo iso non chegaredes a ningures.
Haciendo eso no llegaréis a ningún lado.

10) Fixo a quiniela ao chou e tocoulle.
Hizo la quiniela al azar y le tocó.

11) Se cadra asi aprendades dunha vez.
Tal vez así aprendáis de una vez.

12) De súpeto foise a luz.
De repente se fue la luz.

13) Antonte contaba o avó como antano decote apagaba a luz para andar ás agachadas pola casa.
Anteayer contaba el abuelo como antaño a menudo apagaba la luz para andar a escondidas por la casa.

14) Despois de ver os vosos exercicios porei ceros a eito.
Depués de ver vuestros ejercicios pondré ceros por doquier.

15) De certo que o fixo á mantenta.
Seguro que lo hizo a propósito.

Fai unha frase coas seguintes locucións e adverbios:

Velaquf
Velaquí están as túas primas, dalles un bico.

Xalundes
Atoparas a ese home xalundes, por acó xa hai tempo que non vén.

Ao redor
Nesa película os indios están sempre ao redor das caravanas.

Arestora
O programa de humor ten que comezar arestora.

A rentes
Vou cortar esas árbores a rentes do chan.

A carón
Moito me gustaría estar a carón de Claudia.

Axiña
Acabei axiña, así que puiden ir á praia cedo.

Decote
Ten un feo costume, deixa decote a roupa sucia en calquera parte.

A reo
É insoportable fala a reo e aos berros.

Polo miúdo
Contounos a súa vida polo miúdo.

Á mantenta
Iso non foi un accidente, fixérono á mantenta.

De vez
Vou rematar con este asunto de vez.

De raro en raro
De raro en raro estudo un pouco.

Ás presas.
Se te ergueses cedo non terías que almorzar sempre ás presas.

A eito.
Ese tendeiro sempre coloca as mercadorías a eito nas bolsas.

TEORÍA

Palabras conflitivas
Familias léxicas irregulares
Regras do B e o V
Apócope
Separación de palabras a final de liña

LETRAS

O H
Problemas de S ou X
Problemas con L e N
Outras Letras

TERMINACIÓNS

Terminacións
Sufixos diminutivos e rematados en -ade
Sufixos -nte dos verbos da 3ª conxugación

LÉXICO

Específico
Léxico administrativo

eoria

PALABRAS CONFLITIVAS

FAMILIAS LÉXICAS IRREGULARES

REGRAS DO B E DO V

APÓCOPE

SEPARACIÓN DE PALABRAS A FINAL DE LIÑA

mu
371

PALABRAS CONFLITIVAS

Traduce ao galego:

1) Los militares de alto grado si no comen cigalas no se quedan contentos.
   Os militares de alto grao se non comen cigalas non quedan contentos.

2) Cuando estábamos ahí tenías muchos granos en la cara.
   Cando estabamos aí tiñas moitos grans na cara.

3) ¿Con qué hiciste esa mesa? es necesario un alto grado de habilidad.
   Con que fixeches esa mesa? cómpre un alto grao de habilidade.

4) No es ese sino aquel el hombre que dice ay.
   Non é ese senón aquel o home que di ai.

5) Ahí estáis, conque a estudiar gallego.
   Aí estades, conque a estudar galego.

6) Farruco dice que el ángulo recto hierve a noventa grados.
   Farruco di que o ángulo recto ferve a noventa graos.

7) Vete al grano, ¿Sois parientes de segundo grado o no?
   Vai ao gran. Sodes parentes de segundo grao ou non?

8) Si ellos no lo quieren otros lo querrán de buen grado.
   Se eles non o queren, outros quererano de bo grado.

9) Es un gran maestro, sabe todos los porqués.
   É un gran mestre, sabe todos os porqués.

10) El incendio le provocó quemaduras de segundo grado.
    O incendio provocoulle queimaduras de segundo grao.

11) No tiene sentido común, siempre va por sentido contrario.
    Non ten sentido común, sempre vai por sentido contrario.

12) No doy crédito a lo que oigo, no soportas el agua a menos de sesenta grados.
    Non dou creto ao que oio, non soportas a auga a menos de sesenta graos.

13) Pedir un crédito a ese banco es como querer conocer el porqué del origen del Universo.
    Pedir un crédito a ese banco é como querer coñecer o porqué da orixe do Universo.

14) El sentido de la vista no permite percibir los granos que tiene, el maquillaje hace milagros.
    O sentido da vista non permite percibir os grans que ten, a maquillaxe fai milagres.

15) Sé donde vives, ahí, en esa calle, conque ya me estás devolviendo los libros de cuarto grado de ingeniería si no quieres que le diga a tu novia que eres una persona sin crédito.

Sei onde vives, aí, nesa rúa, conque xa me estás devolvendo os libros de cuarto grao de enxeñaría, se non queres que lle diga á túa noiva que es unha persoa sen creto.

16) Tiene mucho interés en poner su firma en el libro de visitas.

Ten moito interese en poñer/pór a súa sinatura no libro de visitas.

17) La entrada secreta sólo la conozco yo, pero el padre Andrés sospecha algo.

A entrada secreta só a coñezo eu, pero o padre Andrés sospeita algo.

18) No es un secreto que falta a las pasantías día si y otro también.

Non é un segredo que falta ás clases particulares día si e outro tamén.

19) Sólo le dije hola y me llenó el cuerpo de cardenales.

Só lle dixen ola e encheume o corpo de negróns.

20) No escuches cantos de sirena y firma por nuestra firma comercial.

Non escoites cantos de serea e asina pola nosa firma comercial.

21) En la sede eclesiástica pasan mucha sed.

Na sé eclesiástica pasan moita sede.

22) Siempre dice lo mismo: padre no hay más que uno y tonto el último.

Sempre di o mesmo: pai non hai máis que un e parvo o último.

23) Sus últimas palabras fueron para dejar claro el derecho de paso.

As súas últimas palabras foron para deixar clara a pasantía/dereito de paso/pasaxe.

24) No creo que sea buena idea invertir tanto dinero.

Non creo que sexa boa idea investir tantos cartos.

25) Mi patrón os acusa de inversión sexual, y prohibirá al banco que pague los intereses de vuestra cuenta.

O meu patrón acúsavos de inversión sexual, e prohibirá ao banco que pague os xuros da vosa conta.

26) Se necesita valor para recorrer la falda de la montaña.

Necesítase valor para percorrer a faldra/aba da montaña.

27) El niño buscaba nidos todo el año.

O neno buscaba niños todo o ano.

28) El fin de semana vi nacer un cordero.

A fin de semana vin nacer un año/cordeiro.

29) Las alas de los sombreros tienen el fin de proteger del sol.

As abas dos sombreiros teñen o fin de protexer do sol.

30) El abogado recurrirá la sentencia si tu testimonio fue falso.

O avogado recorrerá a sentenza se o teu testemuño foi falso.

FAMILIAS LÉXICAS IRREGULARES

Traduce ao galego:

1) Ese pintor usa el color de una forma tan indolente que produce dolencias en los ojos.
Ese pintor usa a cor/color dunha forma tan indolente que produce doenzas nos olios.

2) Nosotros creemos que por ser solitarios tenéis una personalidad lunática.
Nós cremos que por ser solitarios tedes unha personalidade lunática.

3) No me gusta personalizar pero el único que se presentó voluntariamente fue Pedro.
Non me gusta personalizar, pero o único que se presentou voluntariamente foi Pedro.

4} Tu conducta sólo nos produce dolor, adoleces de lo que tiene que tener una persona.
A túa conduta só nos produce dor, adoeces do que ten que ter unha persoa.

5) Pensaban que comprando un ordenador pondrían orden en su vida, pero alunizaron en terreno desconocido.
Pensaban que comprando un ordenador porían orde na súa vida, pero aluaron en terreo descoñecido.

6) La coloración lunar es objeto de estudio en la actualidad.
A coloración lunar é obxecto de estudo na actualidade.

7) Los generales de esa generación no buscan personalismos, por regla general.
Os xenerais desa xeración non buscan personalismos, por regra xeral.

8) La soledad es la lumbre en la que se consumen las personas y los personajes, generadora de comportamientos lunáticos.
A soidade é o lume no que se consumen as persoas e os personaxes, xeradora de comportamentos lunáticos.

9) Es extraordinario como ha degenerado hasta ese punto.
É extraordinario como dexenerou ata ese punto.

10) La generación de mis padres solamente entiende los colorines de tus cuadros.
A xeración dos meus pais soamente entende as cores/colores dos teus cadros.

11) Hubo un rey al que llamaban «El doliente», no debía ser una luminaria.
Houbo un rei ao que chamaban «O doente», non debía ser unha luminaria.

12) Tengo por misión alumbrar la senda de los que recorren el doloroso camino de las oposiciones.
Teño por misión alumear/alumar a senda dos que percorren o doloroso camiño das oposicións.

13) El general que pide voluntarios para la guerra, personalmente creo que está destinado a ser una personalidad solitaria.
O xeneral que pide voluntarios para a guerra, persoalmente coido que está destinado a ser unha personalidade solitaria.

14) Por mucha voluntad que tengas no puedes luchar contra el ordenamiento jurídico.
Por moita vontade que teñas non podes loitar contra o ordenamento xurídico.

15) Cuando se apagó el generador tuvisteis una idea luminosa.
Cando se apagou o xerador tivestes unha idea luminosa.

16) Cuando seas comerciante comprederás lo difícil que es elegir el género textil.
Cando sexas comerciante comprenderás o difícil que é elixir o xénero téxtil.

17) No sabes lo que me duele que estés siempre en la luna.
Non sabes o que me doe que esteas sempre na lúa.

18) Se tiñó el pelo de una forma muy colorista, dice que así gana en personalidad.
Tinguiuse o pelo dunha forma moi colorista, di que así gaña en personalidade.

19) Tenía un lunar en la frente y otro en un sitio en el que generalmente no lo hay.
Tiña un lunar na fronte e outro nun sitio no que xeralmente non o hai.

20) Su novia es tan voluntariosa como él indolente, ¡que pareja!
A súa noiva é tan voluntariosa coma el indolente, que parella!

21) Esos refrescos sólo tienen colorantes y conservantes autorizados.
Eses refrescos só teñen colorantes e conservantes autorizados.

Define:

Un líquido que non ten cor/color é	Incoloro
Texto representado por persoas	Personificado
Algo que causa dor	Doloroso
Manchas na pel	Lunares
O que non ten compaña	Solitario
Máis alto grao militar	Xeneral
O que fai algo porque quere (faino)	Voluntariamente
Está frío, é de sabores (cómese)	Xelado
Peza dental (para mastigar)	Moa
Se te meten no conxelador estás	Conxelado
Relativo ás moas	Molar
Cando levas un golpe estás	Dorido
A igrexa do Evanxeo é	Evanxélica
Se non é vocal é	Consoante
O Papa reza o	Ángelus
Poñer cousas enriba doutras é	Amontoar
Dar o perdón a alguén	Perdoar
Unha canción habitual	Ordinaria
Premio, distinción	Galardón

REGRAS DO B E DO V

Traduce ao galego:

1) Mi bisabuelo conocía a un trovador.
   O meu bisavó conecia a un trobador.

2) Es una maravilla ver caer los chubascos en la tele.
   É unha marabilla ver caer os chuvascos na tele.

3) Tenía la extraña costumbre de disecar escarabajos, buitres y abubillas.
   Tiña o estraño costume de disecar escaravellos, voitres e bubelas.

4) La barandilla de su casa recorría todo el pabellón norte.
   A varanda da súa casa percorría todo o pavillón norte.

5) Con tanto barullo, la grabación quedo fatal.
   Con tanto barullo, a gravación quedou fatal.

6) Ayer tu madre tuvo que lavar, barrer y tejer una bufanda.
   Onte a túa nai tivo que lavar, varrer e tecer unha bufanda.

7) El vicepresidente de la comunidad no se sintió bienaventurado hasta que tomó bicarbonato.
   O vicepresidente da comunidade non se sentiu benaventurado ata que tomou bicarbonato.

8) Está obcecado en emplear palabras trisílabas, como por ejemplo cobarde.
   Está obcecado en empregar palabras trisílabas, como por exemplo covarde.

9) Aquel automovilista demostró gran habilidad para no sucumbir.
   Aquel automobilista demostrou unha gran habilidade para non sucumbir.

10) La biografía del Vizconde de Betanzos es una obra increíble.
    A biografía do Vizconde de Betanzos é unha obra incrible

11) ¡No hombre, la víbora no es un animal herbívoro!
    Non home, a víbora non é un animal herbívoro!

12) Beber *y* conversar es lo que más le gusta.
    Beber e conversar é o que máis lle gusta.

13) Divulgaron la iniciativa de su abuela.
    Divulgaron a iniciativa da súa avoa.

14) La abundancia de vagabundos se debe a que perciben la posibilidad de una boda.
    A abundancia de vagabundos débese a que perciben a posibilidade dunha voda.

15) Ese biólogo considera una vulgaridad usar el bisturí para reventar bolsas.
Ese biólogo considera unha vulgaridade usar o bisturí para rebentar bolsas.

16) Mi bisnieto tiene un busto del vicesecretario en el recibidor que está barnizado.
O meu bisneto ten un busto do vicesecretario no recibidor que está vernizado

17) La deuda del gobierno con los albañiles es consecuencia de la privatización del sector.
A débeda do goberno cos albaneis é consecuencia da privatización do sector.

18) Cantabas cuando creías que no encontrarían el cadáver en la taberna.
Cantabas cando crías que non atoparían o cadáver na taberna.

19) Los sorbetes de avellana saben mejor que los de garbanzo.
Os sorbetes de abelá saben mellor que os de garavanzo.

20) Te he dicho veinte veces que el número cinco no es divisible por dos.
A sola dos teus zapatos amosa as secuelas / consecuencias... dos teus tolleiráns bailes.

7) Sólo una sanguijuela como tú puede sabotear la zarzuela.
Só unha sanguesuda / sambesuga / un chupón... coma ti pode sabotar a zarzuela.

8) Os convencieron con un señuelo muy común, el de las riquezas del subsuelo.
Convencéronvos cun reclamo / cebo / engado moi común, o das riquezas do subsolo.

9) Mi tatarabuelo murió al batirse en duelo, en su entierro no se recibió duelo.
(O) meu tataravó morreu ao se bater en duelo, no seu enterro non se recibiu dó.

10) Si tuvieses más cautela ahora no tendrías la viruela.
Se tiveses máis cautela agora non terías a variola / as boas / as vexigas.

11) La esquela de tu abuelo fue muy comentada.
A nota necrolóxica do teu avó foi moi comentada.

12) Siempre vende sus mercancías en las callejuelas que están cerca del arroyuelo.
Sempre vende as súas mercadorías nas ruelas / nos canellos / calellos / canellóns / nas quellas / quenllas que están preto do arroio / regato / regueiro / rego.

13) Su bisabuelo come ciruelas dentro de la escuela vieja.
(O) seu bisavó come cirolas/ameixas dentro da escola vella.

14) Para comer habichuelas no tenéis que formar tanto revuelo.
Para comer fabas / feixóns non tedes que formar tanto rebumbio / balbordo / barullo.

15) Lavó la cazuela en el riachuelo.
Lavou a cazola / o cazolo / a pota / a tarteira.. no arroio / regueiro / regato...

16) La lesión fue grave y tuvo que salir del campo en paruhuelas.
A lesión foi grave e tivo que saír do campo en padiolas / angarellas.

17) Con su traje de lentejuelas y sus hoyuelos en las mejillas se convirtió en la reina de la fiesta.
Co seu traxe de abeloiros e as súas furas / furadas nas meixelas converteuse na raíña da festa.

18) Encontramos consuelo en la desgracia del prójimo, somos unos pilluelos.
Encontramos conforto / consolo / consolación na desgraza dos demais, somos uns pillabáns / trastes.

19) Tus castañuelas están bajo el ciruelo que plantó tu bisabuelo.
As túas castañolas / castañetas están baixo a ciroleira / ameixeira que plantou o teu bisavó.

20) Perdió las espuelas cuando cruzaba el entresuelo del edificio.
Perdeu as esporas / os aguillóns... cando cruzaba o entrechán / a entreplanta do edificio.

21) Si no llega a ser por el agarradero resbalo y me caigo, cada día estoy más ciego.
Se non chega a ser polo agarradoiro escorrego e caio, cada día estou máis cego.

22) Se puso como una fiera cuando el tren non frenó en el apeadero.
Púxose como unha fera cando o tren non freou no apeadeiro / apeadoiro.

23) El dueño del aserradero no tiene sosiego por sus problemas financieros.
O dono do serradeiro non ten sosego polos seus problemas financeiros.

24) Allí estaba, en el mirador, con su sudadera, en la que se leía: «Soy un mujeriego».
Alí estaba, no miradoiro, co seu suadoiro no que se lía «Son un mullereiro».

25) En el noticiero de la tarde hablaron de los productos perecederos.
No noticiario da tarde falaron dos produtos perecedoiros.

26) El justiciero enmascarado está en paradero desconocido durantre el periodo veraniego.
O xusticieiro enmascarado está en paradoiro descoñecido durante o período estival.

27) La carne en salmuera es el plato favorito de ese ingeniero griego.
A carne en salmoira é o prato favorito dese enxeñeiro grego.

28) Las gallinas apagan la sed en el bebedero que puso el labriego cerca de su ponedero.
As galiñas apagan a sede no bebedoiro / bebedeiro que puxo o labrego preto do seu poñedoiro.

29) La defensa es un coladero que cualquiera puede atravesar, y eso que siempre les digo que practiquen la siega.
A defensa é un coadoiro que calquera pode atravesar, e iso que sempre lles digo que practiquen a sega.

30) El trasiego de ganado hacia el matadero es muy intenso.
A trasfega de gando cara ao matadoiro é moi intensa.

31) No soy pendenciero, pero defenderé a muerte mi fondeadero.
Non son camorrista, pero defenderei a morte o meu fondeadoiro.

32) En el atracadero está el famoso barco-invernadero del arriero millonario.
No atracadoiro está o famoso barco-invernadoiro do arrieiro millonario.

33) Tienes modales palaciegos y unos principios imperecederos.
Tes modais palacianos e uns principios imperecedoiros.

34) Me duele la espalda desde que trabajo en el vertedero, voy a ver si me dan unas friegas.
Dóeme o lombo desde que traballo no vertedoiro / vertedeiro, vou ver se me dan unhas fregas / fretas.

35) Los frutales están al lado del secadero que tiene vidrieras.
As froiteiras están a carón do secadoiro que ten vidreiras.

DIMINUTIV

Forma o diminutivo ou afectivo de:

Cartón / Cartoncino
Lapis / **Lapisiño**
Voz / **Vociña**
Cruz / **Cruciña**
Andrés / **Andresiño**
Muller / **Mulleriña**
Avó / **Avoíño**
Libro / **Libriño**
Nai / **Naiciña**
Río / **Riíño**
Pantalón / **Pantalonciño**
Campo / **Campiño**
Can / Canciño
Raia / Raíña
Xosé / Xoseíño
Home / **Homiño**

Forma o substantivo abstracto a partir do adxectivo (Ex. Grave / Gravidade):

Leve / Levidade
Cristián / Cristiandade
Van / Vaidade
Fácil / Facilidade
Maxestoso / **Maxestosidade**
Serio / Seriedade
Pío / Piedade
Púber / **Puberdade**
Orfo / Orfandade
Libre / Liberdade
Propio / Propiedade
Húmido / **Humidade**
Mortal / Mortandade
Feo / **Fealdade**
Capaz / Capacidade
Igual / Igualdade
Malo / **Maldade**
Ebrio / Ebriedade
Leal / Lealdade
Breve / Brevidade
Novo / Novidade
Feliz / Felicidade
Vario / Variedade
Ansia / Ansiedade

Pon en galego:

Hermanito / **Irmanciño**
Trabajito / Traballino
Librito / Librino
Jamoncito / **Xamonciño**
Abuelita / **Avoíña**
Pastorcito / Pastorino
Perrito / Canciño
Pobrecito / Pobriño
Piececito / **Peíño**
Abuelito / **Avoíño**
Solita / **Soíña**
Saborcito / Saboriño
Hermanita / Irmanciña
Pececito / Peixiño
Perrita / **Cadeliña**
Cafecito / Cafeíño
Madrecita / Naiciña
Manita / **Manciña**

Forma o diminutivo de:

Pan / Pancino
Amiga / **Amiguiña**
Cadro / **Cadriño**
Calor / **Caloriña**
Saia / **Saíña**
Formiga / **Formiguiña**
Doutor / Doutoriño
Pantalón / Pantalonciño
Rosa / **Rosiña**
Raia / Raíña
Tolo / **Toliño**
Pai / **Paiciño**
Figura / Figurina
Prato / **Pratiño**
Sol / Solino

Pon en galego:

Rapina	Cociña	Porcino
Riña	Andoriña	Supino
Campiña	Espiña	Daniño
Cariño	Vespertino	Fariña
Cortina*	Carabina	Bailarina
Nicotina	Liño	Cartolina
Felino	Touciño	Sobriño
Mariña	Galiña	Estorniño
Anxina	Setemesiño	Disciplina
Armiño	Veciño	Gabardina
Intestino	Chiscar de ollo	Camiño
Campesiño	Cretino	Citrino
Latrina	Toxina	Padriño
Comiño	Canino/caíño	Herculino
Destino	Esquina	Piñeiro
Piña	Interino	Alpina
Meniña/santiña	Libertino	Mesquiño
Alfonsino	Submarino	Vaíña

*Cort¡ña = leira

Pon en galego:

1) Sus hijos son terribles, me hicieron jugar a las adivinanzas, cuando se cansaron quemaron las cortinas de la casa.
   Os seus fillos son terribles, fixéronme xogar ás adiviñas, cando cansaron queimaron as cortinas da casa.
2) Su destino es una incógnita, pero recorre un camino lleno de espinas.
   O seu destino é unha incógnita, pero percorre un camiño cheo de espiñas.
3) Es mezquino por tu parte no respetar la voluntad de los demás vecinos.
   É mesquiño pola túa parte non respectar a vontade dos demais veciños.
4) Parece mentira pero a mi edad estoy metido en un torbellino de oscuridad.
   Parece mentira pero á miña idade estou metido nun turbillón de escuridade.
5) Una semanita de descanso me calmaría la ansiedad.
   Unha semaniña de descanso calmaríame a ansiedade.
6) Querido abuelito, la soledad no es buena, en nosotros siempre encontrarás solidaridad.
   Querido avoíño, a soidade non é boa, en nós sempre atoparás solidariedade.
7) Al quedar sin gasolina no tuvo más remedio que ir a comprar los cominos a pie.
   Ao quedar sen gasolina non tivo máis remedio que ir comprar os comiños a pé.

8) Esa cancioncita que inventaste es una necedad pero a ellos les parece música divina.
Esa cancionciña que inventaches é unha necidade pero a eles parécelles música divina.

9) Amiguita, la maldad no conduce a la felicidad.
Amiguiña, a maldade non conduce á felicidade.

10) La cocaína no es una droga blandita, digan lo que digan en la oficina.
A cocaína non é unha droga brandiña, digan o que digan na oficina.

11) Es una novedad que en ese papelito aparezcan conceptos de bondad.
É unha novidade que nese papeliño aparezan conceptos de bondade.

12) Son unos asesinos todos los militares que participaron en la guerra de las patatas.
Son uns asasinos todos os militares que participaron na guerra das patacas.

13) Pobrecita la oveja que confía en la lealtad del hombre.
Pobriña a ovella que confía na lealdade do home.

14) La Humanidad está en peligro, pero eso lo desconoce el campesino gallego.
A Humanidade está en perigo, pero iso descoñéceo o campesiño galego.

15) Tu hermanito es un felino bajo los palos, un portero de lujo en el equipito del pueblo.
O teu irmanciño é un felino baixo os paus, un porteiro de luxo no equipiño da vila.

16) La libertad no se suplica, se conquista.
A liberdade non se suplica, conquístase.

17) América Latina es una zona en ruinas, propiedad de los que emplean la crueldad como método.
A América latina é unha zona en ruinas, propiedade dos que empregan a crueldade como método.

18) La hermandad de los monfortinos es la que más majestad pone en sus desfiles.
A Irmandade dos monfortinos é a que máis maxestade pon nos seus desfiles.

19) Cartoncitos o cartulinas ¡que más da! el caso es anunciar el casino.
Cartonciños ou cartolinas, que máis dá! o caso é anunciar o casino.

20) Tus comidas provocaron una subida en la mortandad habitual, mamaíta.
As túas comidas provocaron unha subida na mortandade habitual, mamaíña.

21) No contaban con tanta arbitrariedad cuando repartieron las crucecitas.
Non contaban con tanta arbitrariedade cando repartiron as cruciñas.

22) La mitad de los que llegan a la pubertad son golondrinas sin destino ni facultades desarrolladas.
A metade dos que chegan á pubertade son andoriñas sen destino nin facultades desenvolvidas.

23) Seriedad y humildad es lo único que le piden al jefe de mi oficina.
Seriedade e humildade é o único que lle piden ao xefe da miña oficina.

24) Las aguas de la playa son cristalinas, el Sol les da claridad y los vecinos evitan que nadie las contamine.
As augas da praia son cristalinas, o Sol dálles claridade e os veciños evitan que ninguén as contamine.

25) La humedad de tu casa se la debes a Pedrito, ese que estudió medicina en una facultad de Madrid.
A humidade da túa casa débeslla a Pedriño, ese que estudou medicina nunha facultade de Madrid.

SUFIXOS -NTE DOS VERBOS DA TERCEIRA CONXUGACIÓN

Pon en galego:

1) No seas impaciente, como tú estamos todos los contribuyentes.
Non sexas impaciente, coma ti estamos todos os contribuíntes.

2) La actitud de la gente desobediente es un asunto urgente a resolver.
A actitude da xente desobediente é un asunto urxente a resolver.

3) Sus argumentos son inconsistentes señor abogado.
Os seus argumentos son inconsistentes señor avogado.

4) Es preferible trabajar de escribiente que de sirviente.
É preferible traballar de escribente que de servente.

5) Las lenguas maldicentes siempre consiguen oyentes.
As linguas maldicentes sempre conseguen oíntes.

6) Donde hay algo maloliente hubo antes otra cosa.
Onde hai algo cheirento houbo antes outra cousa.

7) Jugar en sus condiciones es contraproducente.
Xogar nas súas condicións é contraproducente.

8) La luz de sus ojos es refulgente, sin duda proveniente de algún estímulo químico.
A luz dos seus olios é refulxente, sen dúbida proveniente dalgún estímulo químico.

9) Es evidente que nosotros no somos muy competentes.
É evidente que nós non somos moi competentes.

10) Vender esos recipientes tan resistentes es necesario.
Vender eses recipientes tan resistentes é necesario.

11) No hubo supervivientes de vuestro último invento, el reconstituyente universal.
Non houbo superviventes do voso último invento, o reconstituínte universal.

12) Aunque era una persona sobresaliente sus parientes acabaron con su carrera política.
Aínda que era unha persoa sobresaínte os seus parentes acabaron coa súa carreira política.

13) En lo concerniente a los elementos nutrientes no tengo más que decir.
No concernente aos elementos nutrientes non teño máis que dicir.

14 ¡Que barbaridad! llamarnos maledicentes por redactar su expediente contando la verdad.
Que barbaridade! chamarnos maledicentes por redactar o seu expediente contando a verdade.

15) Es tan fina que a los ciegos les llama invidentes.
É tan fina que aos cegos lles chama invidentes.

16) La entidad adquiriente desalojó a los directivos salientes.
A entidade adquirente desaloxou aos directivos saíntes.

17) Échale más diluyente a la pintura.
Bótalle máis diluínte á pintura.

18) Tantos años de sustituto le valieron el sobrenombre de «sustituyente».
Tantos anos de substituto valéronlle o sobrenome de «substituínte».

19) Es muy hiriente ese discurso, ser paciente y esperar es mi consejo.
É moi ferinte ese discurso, ser paciente e esperar é o meu consello.

20) Los afluentes de los ríos gallegos son importantes.
Os afluentes dos ríos galegos son importantes.

Pon a forma rematada en -nte que corresponde a cada verbo.

1) Pedir / Pidente
2) Transixir / Transixente
3) Delinquir / **Delincuente**
4) Posuír / Posuínte
5) Concernir / **Concernente**
6) Lucir / Lucente
7) Conseguir / Conseguinte
8) Producir / Producente
9) Resistir / Resistente
10) Provir / Proveniente
11) Conseguir / Conseguinte
12) Influír / Influente
13) Ver / **Vidente**
14) Expedir / **Expediente**

ESPECÍFICO

ADMINISTRATIVO

©

LÉXICO ESPECÍFICO

Pon en castelán:

1) Quixen amosarlles as miñas luvas que merquei para cando chegue a sarabia.
Quise mostrarles mis guantes que compré para cuando llegue el granizo.

2) É tan espelido que por alcume lle puxeron « Esquío».
Es tan espabilado que por mote le pusieron «Ardilla».

3) O teu noivo é un babeco, non distingue a caluga das tempas.
Tu novio es un necio, no distingue la nuca de las sienes.

4) O noso boneco de veludo leva un reloxo no pulso esquerdo.
Nuestro muñeco de terciopelo lleva un reloj en la muñeca izquierda.

5) Ninguén pensaba que ese librón estivese cheo de adiviñas.
Nadie pensaba que ese mamotreto estuviese lleno de adivinanzas.

6) Ata que desapareza a brétema non se poderán ver os marcos.
Hasta que desaparezca la bruma no se podrán ver los mojones.

7) Como está a velas vir ten que vivir nun cortello no que hai que estar sempre de crequenas.
Como está a dos velas tiene que vivir en una pocilga en la que hay que estar siempre en cuclillas.

8) É tan preguiceiro que cando move un calcapapeis do seu sitio xa ten maniotas.
Es tan perezoso que cuando mueve un pisapapeles de su sitio ya tiene agujetas.

9) Seca as túas bágoas e morra o conto.
Seca tus lágrimas y borrón y cuenta nueva.

10) Aínda estou acirrado polo rebumbio que montaches onte.
Aún estoy enardecido por la tremolina que montaste ayer.

11) É cuspidiño ao (a) seu pai, non sae das máquinas comecartos.
Es el vivo retrato de su padre, no sale de las máquinas tragaperras.

12) Cantos chanzos terá ese rañaceos?
¿Cuántos escalones tendrá ese rascacielos?

13) As miñas boas intencións quedaron en augas de bacallau.
Mis buenas intenciones quedaron en agua de borrajas.

14) A abella mestra non lles dá cortado os fumes aos abázcaros.
La abeja reina no consigue cortar las alas a los zánganos.

15) A súa presentación puxo de relevo que lle gusta falar por falar.
Su presentación puso de relieve que le gusta hablar por hablar.

16) Onte vin unha pita montés comendo un verme.
Ayer vi un urogallo comiendo un gusano.

17) Perdeu unha man na guerra e agora está toco.
Perdió una mano en la guerra y ahora está manco.

18) O peixeiro tatexo vendeume un polbo e unhas luras moi boas.
El pescador tartamudo me vendió un pulpo y unos calamares muy buenos.

19) Había un enxame de abellas moi preto do bambán onde xogaban os nenos.
Había un enjambre de abejas muy cerca del columpio donde jugaban los niños.

20) Meu pai mercoume un papaventos, así que agora digo «Diga a miña veciña e teña o meu fol fariña».
Mi padre me compró una cometa, así que ahora digo «Ande yo caliente y ríase la gente».

Pon en galego:

1) Tiene una lesión grave en la rodilla, el muslo muy dolorido y molestias en la ingle.
Ten unha lesión grave no xeonllo, a coxa moi dorida e molestias na íngua.

2) Ayer comieron muslo de pavo real y puré de castañas.
Onte comeron zanco de pavón e puré de castañas.

3) Pertenece a la Sociedad de Estudiosos de las Costumbres del Escarabajo.
Pertence á Sociedade de Estudosos dos Costumes do Escaravello.

4) Se produjo un tira y afloja sobre el precio de las tenazas entre el albañil y el carpintero.
Produciuse unha tirapuxa sobre o prezo das tenaces entre o albanel e o carpinteiro.

5) Venden merluza en el muelle, y también lenguado pescado con anzuelo.
Venden pescada no peirao, e tamén linguado pescado con anzol.

6) Las Canarias son un archipiélago rico en delfines y ballenas.
As Canarias son un arquipélago rico en golfiños e baleas.

7) Ese juez es como un marino sin brújula no hace más que mariposear como una luciérnaga borracha.
Ese xuíz é como un mariño sen compás non fai máis que tarabelear como un vagalume borracho.

8) ¡Que asco! Mezcló mejillones con membrillo y se lo comió a pesar de las cucarachas que habían caído dentro.
Que noxo! Mesturou mexillóns con marínelo e comeuno malia as cascudas que caeran dentro.

9) Es mejor madera la de roble que la de pino, por no hablar de la de castaño.
É mellor madeira a de carballo que a de piñeiro, por non falar da de castiñeiro.

10) En esta época del año alondras y golondrinas anidan por doquier.
Nesta época do ano lavercas e andoriñas aniñan por todas as partes.

11) Soy un peatón que cumple las normas a rajatabla, no a regañadientes como tú.
Son un peón que cumpre as normas rigorosamente, non de mala gana coma ti.

12) ¿Qué quieres que le den de comer a tu perro en la perrera? cualquier bodrio.
Que queres que lle dean de comer ao teu can no canil? calquera galdrumada.

13) Este clérigo siempre nos castiga con la misma manida letanía.
Este crego sempre nos castiga coa mesma gastada ladaíña.

14) Es muy cursi lisonjear al alcalde por el diseño de los pasos de cebra.
É moi ridículo afagar ao alcalde polo deseño dos pasos de peóns.

15) Se rascaba el orzuelo del ojo con el dedo meñique.
Rañaba o tirizó do ollo co dedo maimiño.

16) Se pintó los labios y se maquilló las mejillas, parecía otra.
Pintou os beizos e maquillou as fazulas, parecía outra.

17) No sé si su prima será bizca, pero cuando el río suena agua lleva.
Non sei se a súa curmá será birolla, pero cando as pitas cacarexan algo senten.

18) Siempre vestido de negro y siempre saliendo de noche, no me extraña que te llamen «el murciélago».
Sempre vestido de negro e sempre saíndo de noite, non me estraña que te chamen «o morcego».

19) Aunque sea ciego, me gusta pasear entre los almendros y perales.
Aínda que sexa cego, gústame pasear entre as amendoeiras e pereiras.

20) La piel de las comadrejas y las nutrias tiene un precio muy alto para mi.
A pel das donicelas e as londras ten un prezo moi alto para min.

21) El yunque es un pequeño hueso del oído, no debes confundirlo con el yunque del herrero.
A bigornia é un pequeno óso do oído, non o debes confundir coa engra do ferreiro.

22) Con cuatro tornillos, algo de alambre, un taladro y un martillo soy capaz de hacer cualquier cosa.
Con catro parafusos, algo de aramio, unha trade e un martelo son capaz de facer calquera cousa.

23) No seas mimoso, deja de llorar que las tuyas son lágrimas de cocodrilo.
Non sexas mecoso, deixa de chorar que as túas bágoas son de crocodilo/pranto de herdeiro.

24) Le pregunté: «¿Quién te dió vela en este entierro?» pero él siguió sin soltar prenda.
Pregunteille: «Quen che mandou tocar aquí a gaita?», pero el seguiu calado coma un peto.

25) La afonía y los estornudos son síntomas de catarro.
O rouquén/afonía e os espirros son síntomas de catarro.

Traduce ao galego:

1) Fui a la ferretería para comprar alambre y una docena de clavos.
Fun á ferraxaría para comprar arame e unha ducia de cravos.

2) No soy dentista, pero con tenazas o alicates en la mano le saco las muelas a cualquiera.
Non son dentista, pero con tenaces ou alicates nas mans sácolle as moas a calquera.

3) Si tu primo está en la cárcel, llévale un pastel con una lima dentro.
Se o teu curmán está no cárcere, lévalle un pastel cunha lima dentro.

4) Está claro que hace tiempo que os falta un tornillo.
Está claro que hai tempo que vos falta un parafuso.

5) Esa rueda tiene flojas las tuercas, y sin llave inglesa no podrás arreglarla.
Esa roda ten frouxas as porcas/roscas, e sen chave inglesa non poderás arranxala.

6) No creo que puedas hacer agujeros en esa pared con un berbiquí, inténtalo con un taladro.
Non creo que poidas facer buratos nesa parede cun berbequí, inténtao cunha trade.

7) Para meterles algo en la cabeza a mis alumnos necesitaría emplear un hacha.
Para meterlles algo na cabeza aos meus alumnos necesitaría empregar unha machada/macheta.

8) El yunque es un hueso del oído, pero por yunque también se conoce en castellano una pieza de metal.
A bigornia é un óso do oído, pero por engra tamén se coñece en castelán unha peza de metal.

9) Con una escuadra, una regla, un lápiz y unas tijeras sois capaces de cualquier cosa.
Cunha escuadra, unha regra, un lapis e unhas tesoiras sodes capaces de calquera cousa.

10) Cortamos varios árboles con la sierra de tu vecino. Despues intentamos unirlas clavando alcayatas.
Cortamos varias árbores coa serra do teu veciño. Despois intentamos unilas cravando alcaiatas.

11) Si no lijas en primer lugar la pared, no podrás pintarla por muy buena que sea la brocha o el rodillo.

Se non lixas en primeiro lugar a parede, non poderás pintala por moi boa que sexa a brocha ou o rolo/rodo/rodete.

12) Las tijeras si no están afiladas no cortan ni papel ni cartulina.

As tesoiras se non están afiadas non cortan nin papel nin cartolina.

13) El taladro sin broca es como un campo sin flores.

A trade sen broca é como un campo sen flores.

14) Eres tonto, con los brazos escayolados no puedes pretender sacar el barniz con tan poco aguarrás.

Es parvo, cos brazos escaiolados non podes pretender sacar o verniz con tan pouca augarrás.

15) Ni una grúa puede derribar las paredes construidas con el hormigón y los ladrillos de mi fábrica.

Nin un guindastre pode derrubar as paredes construidas co formigón e os tixolos da miña fábrica.

16) La cal viva es peligrosa si en vez de brocha usas pincel.

O cal vivo é perigoso se no canto de brocha usas pincel.

17) MI profesor de gallego se parece mucho al eslabón perdido, siempre dice que el alumno es el mejor amigo del hombre.

O meu profesor de galego parécese moito ao elo perdido, sempre di que o alumno é o mellor amigo do home.

18) Me pone fuera de quicio que los carpinteros atornillen las bisagras mal en el quicio de la puerta.

Ponme fóra de min que os carpinteiros aparafusen as bisagras/palmelas/ os gonzos mal no couzón da porta.

19) Tiene la muñeca izquierda vendada.

Ten o pulso esquerdo vendado.

20) La falta de oxígeno mata muchos sastres.

A falta de osíxeno mata moitos xastres.

21) Los ajedrecistas son unos jugadores incorregibles.

Os xadrecistas son uns xogadores incorrixibles.

22) Ni siquiera los relámpagos asustan a los buitres.

Nin sequera os lóstregos asustan aos voitres.

23) Durante tu juventud pensabas hacerte buzo.

Durante a túa xuventude pensabas facerte mergullador.

24) Es un error andar por la acera, es más divertido pisar los baches de la carretera.

É un erro andar pola beirarrúa, é máis divertido pisar as foxas da estrada.

25) Todos los asesinos comen garbanzos y ametrallan rebaños de ovejas.
Todos os asasinos comen garavanzos e metrallan rabaños de ovellas.

26) Ayer fui al concierto de la Orquesta Filarmónica de La Coruña.
Onte fun ao concerto da Orquestra Filharmónica da Coruña.

27) Anunciaron tu boda por los altavoces de la iglesia.
Anunciaron a túa voda polos altofalantes da igrexa.

28) Nuestro tutor padece escalofríos en los muslos.
O noso titor padece calafrfos nas coxas.

Traduce ao castelán:

1) É tan forte que no canto de rodete usa martelo para dar pintura ás paredes.
Es tan fuerte que en lugar de rodillo usa martillo para dar pintura a las paredes.

2) Cómpre un desaparafusador para arranxar as eivas da túa cabeza.
Hace falta un destornillador para arreglar los defectos de tu cabeza.

3) Todo o mundo sabe que os tixolos che son máis febles que as pedras, agás ti paspán.
Todo el mundo sabe que los ladrillos son más débiles que las piedras, excepto tú tonto.

4) Os cristais desa fiestra precisan máis masilla para non caer ao chan.
Los cristales de esa ventana precisan más masilla para no caer al suelo.

5) Deu tal martelada na bigornia que pensamos que a rompera.
Dió tal martillazo en el yunque que pensamos que lo había roto.

6) Coa axuda dunha escuadra cravei a palmela na porta.
Con la ayuda de una escuadra clavé la bisagra en la puerta.

7) Empregando unha engra é doado arranxar os arames.
Empleando un yunque es fácil arreglar los alambres.

8) Mercou un guindastre e un camión con caixa abatible para a súa empresa.
Compró una grúa y un camión con volquete para su empresa.

9) Hai que ser animal para querer serrar os gonzos de chumbo cunha serra para madeira.
Hay que ser animal para querer serrar las bisagras de plomo con una sierra para madera.

10) Tedes unha forma de falar que vai acabar por rachar a miña bigornia e o meu martelo.
Tenéis una forma de hablar que va a acabar por romper mi yunque y mi martillo.

11) O xeso ten moitas virtudes, pero cando rompín o brazo púxenlle cemento, eu son así.
El yeso tiene muchas virtudes, pero cuando rompí el brazo le puse cemento, yo soy así.

12) Esmaguei unha cascuda co matapiollos.
Aplasté una cucaracha con el pulgar.

13) Ese concelleiro non pode soportar aos ourives.
Ese concejal no puede soportar a los orfebres.

14) Se queres ser gandeiro pensa en contratar pegureiros.
Si quieres ser ganadero piensa en contratar pastores.

15) Merquei unha perruca moi esaxerada.
Compré una peluca muy exagerada.

16) O cirurxián púxome o furabolos nunha virilla.
El cirujano me puso el índice en una ingle.

17) Morrera dun golpe na caluga.
Había muerto de un golpe en la nuca.

18) Sinaloume co pai de todos, e a min tremábanme os xeonllos.
Me señaló con el dedo corazón, y a mi me temblaban las rodillas.

19) Foi noxento, todo aquilo estaba cheo de saltóns, limacos e cocos.
Fue asqueroso, todo aquello estaba lleno de saltamontes, babosas y gusanos.

20) Almorcei biscoitos e xantei friame
Desayuné bizcochos e comí fiambre.

21) Tiven que axotar os abázcaros para poder durmir.
Tuve que espantar los zánganos para poder dormir.

Pon en galego:

1) La lluvia, la llovizna o los chubascos son rasgos característicos del clima gallego.
A choiva, a chuvisca ou os chuvascos son característicos do clima galego.

2) ¡Pedazo de alcornoque! Claro que el granizo no es bueno para la cosecha de patatas.
Parvo! Claro que a sarabia non é boa para a colleita de patacas.

3) No le pidas peras al olmo, si no estudias es imposible que apruebes, aunque tu profesor sea Ramón.
Non pidas imposibles, se non estudas é imposible que aprobes, aínda que o teu profesor sexa Ramón.

4) En esa parte del país sólo hay rayos y truenos.
Nesa parte do país só hai raios e tronos.

5) Hoy anunciaron la llegada de una borrasca, así que no salgas sin chubasquero y paraguas.
Hoxe anunciaron a chegada dunha borrasca, así que non saias sen chuvasqueiro e paraugas.

6) La bruma era tan intensa que no podía ver la carretera y mi automóvil está ya muy viejo, o sea el viaje fue peligroso.
A brétema era tan intensa que non podía ver a estrada e o meu automóbil está xa moi vello, ou sexa a viaxe foi perigosa.

7) Estaba acostumbrado a que me condujeran por ese camino entre la neblina.
Estaba acostumado a que me conducisen por ese camiño entre a borraxeira.

8) Es difícil que por allí no haya nevadas fuertes en el mes de diciembre.
É difícil que por alí non haxa nevadas fortes no mes de decembro.

9) Ni un huracán pude borrar el arco Iris que se dibujó en mi alma al ver tu sonrisa.
Nin un furacán pode borrar o arco da vella que se debuxou na miña alma ao ver o teu sorriso.

10) Mi cosecha quedo hecha pedazos por causa de las heladas, no del rocío, como se había dicho.
A miña colleita quedou esnaquizada por mor das xeadas, non do orballo, como se dixera.

11) Un vendaval no puede asustar a nadie que sea gallego.
Un vendaval non pode asustar a ninguén que sexa galego.

12) El pedrisco arruinó las perspectivas de mi comarca para el cultivo de zanahorias.
O salpedrés arruinou as perspectivas da miña bisbarra para o cultivo de cenorias.

13) Sólo un adivino pude prever una tormenta como la que está a punto de ocurrir en el seno de nuestro partido.
Só un adiviño pode prever unha tormenta como a que está a piques de ocorrer no seo do noso partido.

1)

A) Fase de concurso.

Esta fase será previa á de oposición, publicándose no Taboleiro de Edictos a puntuación asignada a cada un dos aspirantes antes da celebración da fase de oposición. A puntuación obtida nesta fase non poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

Para este concurso achegarase* relación dos méritos que se aleguen pola orde que se establece no Anexo número 1 da presente convocatoria, unindo a esta relación os documentos acreditativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas), pois non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles que non queden acreditados no prazo de inscrición.

O Tribunal poderá fixar con carácter previo a motivación das valoracións asignadas, fixando criterios xerais para a asignación de puntuacións nos supostos en que non queden perfectamente delimitados no Anexo 1.

B) Fase de oposición.

Constará de tres partes, sendo cada unha delas eliminatoria para os aspirantes que non acaden un mínimo de seis puntos sobre dez que se asignará ao conxunto de cada un dos exercicios.

Primeiro **exercicio.**- De carácter obrigatorio para todos os aspirantes.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de tres horas un tema de carácter xeral determinado polo Tribunal inmediatamente antes de se celebrar o exercicio, e relacionado coas materias comprendidas no programa anexo á convocatoria (Anexo 2), aínda que non se atefta a epígrafe concreta do mesmo, tendo os aspirantes ampia liberdade en canto á exposición se refire.

Valorarase especialmente neste exercicio a facultade de redacción e o nivel de formación xeral.

O Tribunal poderá acordar a lectura pública do exercicio por parte dos aspirantes.

Segundo **exercicio.**- Tamén será obrigatorio para todos os aspirantes.

Consistirá en desenvolver por escrito nun período máximo de dúas horas vinte e cinco cuestións relacionadas cos temas.

* O verbo acompañar debe ser substituido por ACHEGAR ou XUNTAR cando apareza en contextos como este.

O conxunto de accionistas desta empresa opina que redactar a acta sobre o concurso de acredores, conforme/consonte ao disposto nas leis vixentes, sería contraproducente.

Por iso, co fin de evitar no posible que se produzan desavinzas entre os membros da Dirección da nosa sociedade de investimentos, a presidencia considera oportuno realizar unha sondaxe entre os señores e señoras accionistas para coñecer a súa postura no tema debatido.

Por medio deste escrito dáse coñecemento que todos aqueles accionistas que o desexen poden pasar a recoller unha copia do atado que recompila todas as pescudas realizadas ata o momento sobre as obrigas de pagamento que non fosen satisfeitas ata a data, e tamén a pormenorización das actividades económicas deste ano.

Infórmase así mesmo que a empresa estableceu negociacións cun prestixioso despacho de avogados (citado no dorso) para que ditamine sobre a posibilidade de realizar dilixencias ante as autoridades do distrito xudicial desta Comunidade sobre as indemnizacións por danos e perdas e os xuros de mora aos que a nosa firma poida ter dereito, por falta de pagamento.

Malia considerar ter cumprido de sobra a misión de conducir os destinos da sociedade, esta xunta directiva acordou poñer a disposición do conxunto de accionistas os seus cargos, debendo entenderse esta decisión como un cesamento irrevogable.

Remito xunto con este escrito a relación de persoal e a lista de despedimentos e tamén fotocopias, que sufriron compulsa, dos xustificantes de recepción das súas liquidacións, indicando a contía económica das mesmas (a súa contía económica).

Os que abaixo asinan esperan que en definitiva o seu bo nome deixe de estar en cuestión e que, como máximo, este desagradable asunto se resolva co desgusto que xa ninguén nos pode quitar.

Prégase a comparecencia persoal de todos os accionistas á hora de recoller a documentación, ou no defecto que a persoa que os represente veña provista do documento nacional de identidade do titular.

Non se sabe con certeza/de certo cal será o presuposto/orzamento para a Casa do Concello, suponse que se establecerá baseándose no que decida a maioría dos concellos da Comunidade, e de ningún modo contra o criterio por eles exposto.

Dáse coñecemento aos aspirantes ás prazas de auxiliar administrativo que, a teor das probas por eles realizadas, a lista dos considerados aptos se exporá no taboleiro de anuncios para o efecto de que os interesados dispoñan de tempo para preparar a segunda proba.

Sendo así que todos os requisitos necesarios para optar ao posto sexan debidamente demostrados e tendo en conta a proximidade das datas dos exames, os candidatos deberán presentar nas oficinas do organismo oficial competente toda a documentación pertinente para formalizaren a súa inscrición.

Considerando a gran cantidade de papelame que supera de sobra ao de anos anteriores, os traballadores de oficinas de todos os departamentos dependentes deste ministerio serán recompensados economicamente apenas os fondos públicos o permitan, teñan paciencia serán como máximo tres ou catro anos.

Por mor da depreciación dos cursos de doutoramento na nosa Comunidade, o que asina propón a compilación de escritos que expresen o rexeitamento desta situación e así mesmo a firme vontade de tomar medidas de forza, tales como negarse a facilitar as impresións dixitais fóra do seu distrito xudicial.

Iso dificultaría as pescudas e as enquisas gobernamentais que á fin e ao cabo se efectuasen para establecer o termo medio de persoas que renuncian á potestade paterna.

Distinguido señor:

Comunícaselle que conforme ao disposto na Lei de Alugueiros de 1980 se procederá ao desafiuzamento e alleamento de todos os seus bens no prazo de dez días a contar desde a data de expedición deste documento.

Á marxe do anteriormente dito, deberá vostede aboar unha multa cuxa contía será resultante da media das súas rendas anuais.

Así mesmo os seus fillos deixarán de percibir as bolsas de estudos das que viñan gozando e o seu cónxuxe deberá devolver todo o ingresado en concepto das axudas de custo que foron concedidas.

Quede informado de que estas resolucións non poden ser recorridas e que a realización pola súa parte dun prego de descargo sería interpretada como insubmisión ao poder que deteño e sería castigada cunha sentenza máis rigorosa (fusilamento como mínimo).

Máis nada polo momento, reciba cordiais saúdos do que asina.

Convócanse oposicións para cubrir a cota de traballadores da rede de sumidoiros que a Comunidade Económica Europea concedeu a Galicia.

O cadro de persoal deste grupo pasará a formar parte do funcionariado cando, despois de superar as probas, acepte o prego de condicións que o posto de traballo esixe/exixe.

As instancias para a matrícula facilitaranse en calquera dependencia do INEM, só en horario de tarde, así mesmo poderán ser entregadas unha vez cubertas nos mesmos centros e co mesmo horario. A data límite de entrega é mañá. De acordo coa Lei de Oposicións do Estado, cómpre achegar tres fotos tamaño

carné e unha declaración xurada de non presentar querela contra os organismos públicos, sexa cal for o resultado da oposición.

A oposición constará dunha única proba que avaliará as calidades dos aspirantes para o posto. Esta proba consta de tres partes, cada unha das cales se subdivide en catro apartados, todos eles eliminatorios. Basicamente, débese demostrar un coñecemento ampio do regulamento de sumidoiros do ano 1756, así como nocións de linguas europeas como o inglés, francés, catalán e alemán.

As listas dos admitidos serán expostas no taboleiro de anuncios dos diferentes organismos oficiais da Comunidade Autónoma de Canarias nun prazo máximo de dez días, abríndose un período de reclamacións e emendas de media hora.

A entidade convocante resérvase o dereito de admisión e advirte de que non se devolverá o diñeiro dos dereitos de exame. Lamentamos non poder facilitar un enderezo no que os opositores poidan facer as súas consultas sobre o tema.

No núcleo urbano os alugueiros están subindo, segundo as enquisas de todos os xornais.

Hoxe celébrase o xuízo contra un bolseiro acusado de suborno, pagou ao seu profesor de galego para aprobar a materia/disciplina.

As cusías do xuízo que interpuxo ese profesor van facer que o alumno padeza un gravame financeiro importante, pódese chegar ao desafiuzamento se non corrixe o seu erro.

Así se demostrará que ninguén pode subornar a un profesor de galego, por tan poucos cartos.

Es preciso convalidar los cursillos de iniciación y perfeccionamiento de gallego antes que deroguen la ley con arreglo a la cual el que no hable gallego será acusado de daños y perjuicios.

Tienes una gran cualidad, nunca aceptas dietas que supongan un gran gasto para el Tesoro Nacional.

En ese párrafo había cuatro apartados que hablaban de los casos de cese, despido, enajenación y ya no me acuerdo que más.

La pagaduría de mis empresas va en perjuicio de la rentabilidad de las mismas.

Sería mucho pedir que insertases en tu ponencia un artículo pequeño a favor del cierre del muelle.

Tuve que recurrir a la vía de apremio para conseguir el visto bueno de ese juzgado, no sé que descripción hacer de su trabajo procesal.

O cerramento da sesión intentou evitar a demisión dos ministros encargados de recadar as taxas dos contratos de subministración/fornecemento. Malia iso, tras sondar aos posibles votantes, o presidente deu coñecemento á prensa da súa decisión de proceder ao cesamento destes políticos.

Despois de interpoñer unha longa consulta cos seus asesores financeiros, o goberno derrogou as leis que establecían a cota de fondos públicos destinados a corrixir os danos e perdas sufridos polos agricultores galegos.

O encargado de economía explicou no seu relatorio que o seu departamento está disposto a recorrer a calquera medida, mesmo á vía procesual, para evitar o crecemento do déficit público, noutras palabras, simple e sinxelamente ameazou aos empresarios, aos que cualificou de culpables de suborno.

Rexeitan as obrigas de pagamento conforme ao disposto no primeiro parágrafo do regulamento de desafiuzamentos, xa que se considera que os prexudicados apenas demostraron vontade de cubrir os trámites para tal efecto establecidos.

As calidades dos aspirantes ao ingreso no cadro de persoal administrativo serán avaliadas baseándose nos méritos por eles expostos no prego que para tal efecto deben achegar á instancia* que se lles facilitará nas dependencias deste ministerio.

* A expresión «a instancia de» débese traducir «a pedimento de».

De cara a evitar confusións á hora de cubrir tan prolixo papelame as instrucións son claras e concisas e existe un prazo de emenda de erros.

Os aspirantes finalmente seleccionados deberán superar para isto unha puntuación na proba cultural que será establecida despois de achar a media de todos os exames.

O día 25 deste mes procederase á celebración da primeira proba selectiva, tras comprobar a autenticidade da personalidade dos opositores mediante o exame das súas impresións dixitais.*

* «Huella» noutros contextos tradúcese por «Pegada».

Manual práctico de galego para oposicións.
Ramón X. Beltrán Carballeira

1000 preguntas de galego tipo test.
Ramón X. Beltrán Carballeira

Manual práctico de galego.
Ramón X. Beltrán Carballeira

Tests de galego para oposicións: sergas.
Xoán Carlos Fraga Celeiro